

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 18 de marzo de 2016

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
M^a José Caride Estévez
D. Angel Rivas González.

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día dezaioito de marzo de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(244).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria e dúas extraordinarias e urxentes do 4 de marzo de 2016. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(245).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE DATA 11.03.16 DE ENCOMENDA DE FUNCIÓNS AO TITULAR DO POSTO DE SECRETARIO DE ADMÓN. MUNICIPAL REFERENTES AO ÁREA ADMINISTRATIVA DE ALCALDÍA. EXPTE. 69/1102.

Dáse conta da seguinte Resolución de data 11/03/2016, da Alcaldía-Presidencia:

“Coa finalidade de reforzar as garantías técnico-xurídicas do funcionamento da á área administrativa da Alcaidía e de conformidade coa orde de servizo do Concelleiro da Área de Xestión Municipal, de data 4 de febreiro de 2016.

RESOLVO:

Primeiro.- Modificar a Resolución do 19 de marzo de 2013, sobre atribución de funcións ao titular do posto de Secretario de Administración Municipal, engadindo ás áreas e servizos municipais que se enumeran nela a supervisión e conformidade na elaboración dos expedientes administrativos a tramitar dende a Área de Xestión municipal no referente á área administrativa da Alcaidía, sen prexuízo das funcións atribuídas á Xefatura da Unidade Administrativa de Alcaidía.

Segundo.- Para o desenvolvemento de ditas funcións os órganos e servizos municipais deberán prestar a colaboración necesaria que sexa requirida.

Terceiro.- Notificar a presente ao Secretario de Administración Municipal, ao Xefes das Áreas afectadas e ao Concelleiro responsable das mesmas.

Cuarto. Da presente resolución darase conta á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se celebre, ordenando a súa publicación na intranet municipal.”

A Xunta de Goberno Local queda informada.

3(246).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE INTERVENCIÓN FAMILIAR. EXPTE. 118833/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 19/02/16 e o informe de fiscalización do 09/03/16, dáse conta do informe-proposta do 18/02/16, da técnica media de Servizos Económicos-xefatura Acción Social, conformado polo xefe de área, pola concelleira-delegada da mesma e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“A Xunta de Goberno Local en sesión de 13 de xullo de 2012 adxudicou a CLECE, S.A o contrato dos servizos de intervención familiar (exped. 59058-301)

O prego de cláusulas administrativas que rexe o contrato, establece a procedencia da revisión de prezos transcorrido un ano dende a data de adxudicación e recollera o 85% da variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a data de adxudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas, ou respecto da data en que remate o dito prazo de tres meses se a adxudicación se produce con posterioridade.

En expediente 105871-301 aprobouse a segunda revisión de prezos (período outubro/2013-outubro/2014). O prezo do contrato trala revisión indicada quedou fixado en 510.544,86 euros

O índice de prezos do consumo no período outubro/2014-outubro/2015, experimentou unha variación do -0,7 % segundo datos do INE que se achegan. Tal e como se determina nas pregos do contrato, o incremento recollerá o 85% da variación experimentada quedando

fixada, polo tanto, a efectos do cálculo no -0,6% sobre a cantidade a actualizar (510.544,86 euros). que ascende a -3.063,27 euros.

O contrato para o período novembro/2015-outubro/2016 pasa a ter un importe de 507.481,59 euros.

Polo exposto con anterioridade, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar para o contrato de intervención familiar do concello de Vigo, adxudicado a CLECE,S.A., NIF A80364243, a redución do prezo do contrato en -3.063,27 euros, correspondente ao 85% da variación negativa experimentada polo IPC nacional no período revisado, outubro 2014-outubro 2015, que se contabilizará na partida 2310.2260907 "Programa menores-convenio infancia", todo elo en execución do prego de cláusulas que rexeñen o contrato.

O contrato para o período novembro/2015-outubro/2016 pasa a ter un importe de 507.481,59 euros.

Segundo: Notificar este acordo ó contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolta expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para dital e notificar a resolución (Arts. 116 - 117 da Lei 30/92 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(247).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE SERVIZOS DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 118825/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 01/03/16 e o informe de fiscalización do 09/03/16, dáse conta do informe-proposta do 24/02/16, da técnica media de Servizos Económicos-xefatura Acción Social, conformado polo xefe de área, pola concelleira-delegada da mesma e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

"A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de 23 de agosto de 2013,, aprobou a adxudicación definitiva do procedemento aberto para a contratación dos servizos de axuda no fogar do concello de Vigo (expte. 80269-301) por un prezo total de 5.800.000 euros, IVE incluído e por un prezo hora de 12,67 euros sen IVE.

O apartado 3.j das Follas de Especificacións do contrato anexas ao prego de cláusulas administrativas particulares, establece a procedencia da revisión de prezos transcurrido un ano dende a data de formalización do contrato, e sempre e cando este se tivese executado a lo

menos no 20% do seu importe, recollera o 50% da variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a data de adxudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas, ou respecto da data en que remate o dito prazo de tres meses se a adxudicación se produce con posterioridade.

Na sesión ordinaria do 24 de abril de 2015, a Xunta de Goberno Local aprobou a redución do prezo hora do contrato, por efecto do IPC negativo no período agosto/2013-setembro/2014, quedando establecido, a partir do 01/10/2014, en 12,65 euros.

O índice de prezos do consumo no período setembro/2014-setembro/2015, experimentou unha variación de -0,9% segundo datos do INE que se achegan. Tal e como se determina nos pregos do contrato, o incremento recollerá o 50% da variación experimentada, quedando fixada, polo tanto, a efectos do cálculo no -0,45% . O prezo hora queda establecido polo tanto a partir do 01/10/2015 en 12,59 euros

Polo exposto con anterioridade, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro: Aprobar para o contrato de servizos de axuda no fogar, adxudicado a CLECE,S.A., NIF A80364243, a redución do prezo hora por efecto do IPC negativo no período revisado, setembro/2014-setembro-2015, sendo de aplicación o 50% da variación experimentada polo IPC nacional, segundo se establece nos pregos que rixen o contrato. O prezo hora queda establecido, polo tanto, a partir do 1/10/2015 en 12,59 euros.

Segundo: Regularizar na primeira facturación que se presente a partir da notificación do presente acordo, o importe correspondente ao número de horas prestadas entre o 1 de outubro de 2015 e a citada facturación.

Terceiro: Notificar este acordo ó contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 116 - 117 da Lei 30/92 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(248).- DAR CONTA DO CAMBIO DA DENOMINACIÓN SOCIAL DA EMPRESA ADXUDICATARIA DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE VIXILANCIA DA SAÚDE 2011-2014. EXPTE. 20247/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 15/03/16, da xefa do servizo de Contratación, conformado polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“A SOCIEDAD DE PREVENCIÓN FREMAP, S.L.U. comunicou ao Concello de Vigo que por acordo da Xunta Xeral Universal, adoptado en reunión celebrada o 17 de outubro de 2014, modificouse a súa actual denominación social, que a partires do 18-11-2014 será “PREMAP SEGURIDAD Y SALUD SOCIEDAD LIMITADA”.

A tal efecto, remitíu copia da escritura de cambio de denominación e de modificación do artigo 1 dos estatutos outorgada o 24-10-2014 perante o notario do Ilustre Colexio Notarial de Madrid D. José Alberto López Gómez co número 2497 do seu protocolo, inscrita no Rexistro Mercantil de Madrid, que obra incorporada ao expediente.

A citada sociedade e adxudicataria do seguinte contrato co concello de Vigo:

Prestación dos servizos de vixilancia da saúde abril 2011 – marzo 2014 (expdte. 20247/220), prorrogado mediante o expediente 26125/220.

A vista das anteriores circunstancias, propónse a Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

“Tomar coñecemento do cambio da denominación social da empresa SOCIEDAD DE PREVENCIÓN FREMAP, S.L.U. . que a partires do 18-11-2015 pasou a denominarse “PREMAP SEGURIDAD Y SALUD SOCIEDAD LIMITADA”.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

6(249).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR LOTES DAS OBRAS DE MANTEMENTO E REPARACIÓN DOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS DE COMESAÑA E MEIXOEIRO. EXPTE. 14667/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 02/03/16 e o informe de fiscalización do 09/03/16, dáse conta do informe-proposta do 07/03/16, do director deportivo-xefe da ud. técnico-deportiva, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“1.- Antecedentes:

Con data 23/11/2015, a Xunta de Goberno Local aprobou os proxectos de execución das obras de “OBRAS DE MANTEMENTO E REPARACIÓN DOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS DE COMESAÑA E O MEIXOEIRO”, ambos os dous redactados polos servizos técnicos da Deputación Provincial, ao abeiro do convenio suscrito entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial (expte 14229-333) que ten como finalidade a execución de obras de mantemento e reparación nos campos de fútbol do término municipal de Vigo.

Para a execución destas obras, procede de acordo coa orden de inicio do concelleiro-delegado de Deportes de data 1 de decembro de 2015, dar inicio do correspondente expediente de contratación por lotes, polo cal a xuízo do técnico que subscribe o presente informe, considérase adecuado proceder a desenvolver os seguintes apartados para a definición de dito expediente:

No expediente inclúese a seguinte documentación:

1. *Aprobación pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente do 8 de xullo de 2015 da proposta de convenio de colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra para a realización de obras de mantemento e reparación dos campos de fútbol do termino municipal de Vigo. Expte. 14229-333.*
2. *Aprobación pola Xunta de Goberno Local en sesión de 23 de novembro de 2015 dos proxectos básicos e de execución das obras:*
 - *Expte. 14634-333 "Proxecto de execución de obras de reparación e mantemento do campo de fútbol de Comesaña", redactado polos servizos técnicos municipais da Deputación provincial de Pontevedra.*
 - *Expte. 14636-333 "Proxecto de execución de obras de reparación e mantemento do campo de fútbol de Meixoeiro", redactado polos servizos técnicos municipais da Deputación provincial de Pontevedra.**Ambos os dous proxectos inclúen o PPT.*
3. *Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo Director Deportivo- Xefe da Unidade Técnico Deportiva o 1 de decembro de 2015.*
4. *Orde de inicio do expediente asinada polo Concelleiro Delegado de Deportes de data de 2 de decembro de 2015.*
5. *Actas de replanteo asinadas polos arquitectos municipais con data de 17 de novembro de 2015.*
6. *Memoria xustificativa do contrato asinada polo Director Deportivo- Xefe da Unidade Técnico Deportiva e o Concelleiro Delegado de Deportes o 3 de decembro de 2015.*
7. *Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado e asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 1/03/2016.*
8. *Informe xurídico favorable, emitido pola Asesoría Xurídica, de data 28 de xaneiro de 2016 e dilixencia de data 2/03/2016, de conformidade sobre o PCAP definitivo, asinado pola xefa do Servizo de Contratación de data 1/03/2016.*

2.- Condicións definitivas do contrato:

Destacan as seguintes:

a) Obxecto e cualificación xurídica do contrato:

O obxecto consiste na execución das obras previstas nos proxectos:

- Expte. 14634-333 "Proxecto de execución de obras de reparación e mantemento do campo de fútbol de Comesaña".

- Expte. 14636-333 "Proxecto de execución de obras de reparación e mantemento do campo de fútbol de Meixoeiro".

Estas obras supoñen, sen ningunha dubida, un incremento da capacidade, rendemento, eficiencia da funcionalidade inherente as necesidades básicas dos servizos públicos que prestan ditas infraestruturas, e con elas se conseguirá unha ampliación da súa vida útil, polo cal contan ca natureza de "investimentos reais".

O contrato, polo seu obxecto, é de obra, previsto no artigo 6 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo, T.R.L.C.S.P.).

En cumprimento do art. 22 do RDL 3/2011 polo que se aproba o TRLCSP, os aspectos relacionados coa "natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o

contrato proxectado, así como a idoneidade do obxecto e contido”, son os definidos na memoria descritiva que conteñen os expedientes de cada unha das obras:

- Expte 14634/333 aprobado pola Xunta de Goberno Local con data 23 de novembro de 2015 que se incorpora a este expediente, pasando a formar parte do mesmo.
- Expte 14636/333 aprobado pola Xunta de Goberno Local con data 23 de novembro de 2015 que se incorpora a este expediente, pasando a formar parte do mesmo.

O contrato atópase vinculado ao exercicio das competencias municipais previstas no art. 25.2 L) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime Local, “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.

b.- Procedemento de adxudicación /forma de tramitación:

A forma de tramitación é a ordinaria e procedemento de tramitación é o aberto. De acordo co artigo 86.2 do TRLCSP, a xustificación da inclusión de dous lotes atopase vinculada a existencia de dous proxectos a executar en instalacións distintas, polo cal cada unha conta cun proxecto de obra propio, pero o ámbito das actuacións teñen unha identificación común en relación a tipoloxía das obras a realizar polo cal, se propón a inclusión destes proxectos como lotes nun único procedemento de licitación.

c.- Orzamento base de licitación/partida orzamentaria:

En cumprimento do artigo 86 e 87 do TRLCSP, o prezo que servirá como base para a execución deste contrato por lotes, están determinados en base os proxectos, aprobados pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 23 de novembro de 2015, redactados polos servizos técnicos da Deputación Provincial de Pontevedra, ao abeiro do Convenio suscrito entre a dita entidade e o Concello de Vigo, para o mantemento de campos de fútbol no termino municipal de Vigo, no que figuran os orzamentos básicos de licitación, que resultan adecuados para o efectivo cumprimento do obxecto dos contratos e de acordo cos prezos xerais do mercado, os cales atópanse descompostos nas unidades vinculadas os proxectos, teñen os seguintes importes para os seguintes lotes:

- LOTE Nº 1: “PROXECTO DE EXECUCIÓN DE OBRAS DE REPARACIÓN E MANTEMENTO DO CAMPO DE FÚTBOL DE COMESAÑA”, cun orzamento base de licitación de SETENTA E OITO MIL CINCOCENTOS OITENTA E DOUS MIL EUROS CON SESENTA E CINCO CÉNTIMOS (78.582,65 €), sendo o importe correspondente o IVE o de TRECE MIL SEISCENTOS TRINTA E OITO EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS (13.638,31 €).
- LOTE Nº 2: “PROXECTO DE EXECUCIÓN DE OBRAS DE REPARACIÓN E MANTEMENTO DO CAMPO DE FÚTBOL DO MEIXOEIRO”, cun orzamento base de licitación de CINCOENTA E DOUS MIL NOVECENOS NOVENTA EUROS CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (52.990,39 €), sendo o importe correspondente o IVE o de NOVE MIL CENTO NOVENTA E SEIS EUROS CON SESENTA E OITO CÉNTIMOS (9.196,68 €).

En base aos dous lotes, o importe base de licitación para o presente expediente de contratación e de CENTO TRINTA E UN MIL CINCOCENTOS SETENTA E TRES EUROS CON CATRO CÉNTIMOS (131.573,04 €), sendo o importe correspondente o IVE o de VINTEDOUS MIL OITOCENTOS TRINTA E CATRO MIL EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (22.834,99 €).

O valor estimado do contrato estipulase en CENTO TRINTA MIL CATROCENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (130.485,64 €).

A imputación do gasto realizarase na partida orzamentaria 3410.632.00.14

3.1.- Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012 de 7 de abril.

O importe do contrato establecece en CENTO TRINTA E UN MIL CINCOCENTOS SETENTA E TRES EUROS CON CATRO CÉNTIMOS (131.573,04 €), sendo o importe correspondente o IVE o de VINTEDOUS MIL OITOCENTOS TRINTA E CATRO MIL EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (22.834,99 €.) O dito importe deberá ser de aplicación aos créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 3410.632.00.14” Obras de remodelación e reforma de campos de fútbol, a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado:

O gasto proposto, establecece tamén de acordo co principio de sustentabilidade financeira, de acordo o cumprimento da exixencia do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, por entender que o prezo de licitación proposto atopase dentro dos créditos vixentes no actual orzamento, Polo cal esta proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse contemplada no orzamento vixente e o gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive do mesmo, xa que a mesma ten a consideración da execución dunha obra de carácter finalista para o Concello.

d.- Revisión de prezos:

Tendo en conta que as obras a executar teñen unha duración inferior a unha anualidade, non procede a revisión de prezos.

e.- Prazo de execución e prórroga:

Lote 1: de acordo co proxecto de execución das obras, o prazo máximo de execución establécese en 3 meses.

Lote 2: de acordo co proxecto de execución das obras, o prazo máximo de execución establécese en 2 meses.

Dito prazo poderá ser prorrogado polo órgano de contratación, en resolución motivada, cando concorra algunha das seguintes causas:

- a) A modificación do contrato. Neste caso o prazo da prórroga será o que resulte do proxecto modificado non podendo exceder da metade do prazo inicial.
- b) O incumprimento parcial do prazo de execución por causas non imputables ó contratista, debidas a acontecementos alleos a súa vontade e imprevisibles, sempre e cando se comprometa a executar as obras nun prazo igual ó perdido e solicite a prórroga conforme ó disposto no artigo 100 RXLCAP.
- c) Cando o órgano de contratación, no suposto de incumprimento dos prazos por causas imputables ó contratista e conforme ó artigo 212.4 e 7 do TRLCSP, opte pola imposición de penalidades e non pola resolución, concederá a ampliación do prazo polo tempo que estime necesario para a terminación do contrato.
- d) A suspensión do cumprimento do contrato a instancia do contratista cando o Concello se demore no pago do prezo máis de catro meses conforme o disposto no artigo 216.5 do

TRLCSP. Neste caso o contrato se prorrogará por un prazo igual ó que tiña permanecido suspendido.

- e) *Cando o órgano de contratación e o contratista acorden de mutuo acordo suspensións temporais da execución do contrato por circunstancias sobrevidas que o aconsellen. Neste caso o contrato se prorrogará por un prazo igual ó que tiña permanecido suspendido.*

f.- Prazo de garantía:

Establécese como prazo de garantía mínimo o de 12 meses dende que se asine a acta de recepción das obras. Poderá ser ampliado polos licitadores nas súas ofertas.

g.- Esixencia de Clasificación ou no seu caso solvencia:

De acordo co artigo 65.1 do TRLCSP, non se esixe clasificación para os licitadores que se presenten de maneira individualizada a calquera das combinacións dos lotes, pero poden acreditar a solvencia económica e financeira do seguinte xeito:

LOTE 1-OBRAS C.F. COMESAÑA: GRUPO C, SUBGRUPO 2, CATEGORÍA 1.

LOTE 2-OBRAS C.F. MEIXOEIRO: GRUPO C, SUBGRUPO 4, CATEGORÍA 1.

Se o licitador presentase oferta de dous lotes: GRUPO C, SUBGRUPO 2 E SUBGRUPO 4, CATEGORÍA 2.

h.- Modificación do contrato:

Tendo en conta as peculiaridades do proxecto de obra, debe considerarse a opción de modificación do contrato en relación os seguintes criterios:

h.1.- Aspectos a modificar: as unidades de obra relacionadas coas desmontaxes, escavacións, cimentación, canalización e as específicas de reparación do terreo de xogo.

h.2.- Circunstancias que determinan a modificación: No caso que no ámbito das actuacións previstas no proxecto de obra, aparezan condicións técnicas específicas, distintas as recollidas no proxecto.

h.3.- Limites da modificación: A contía máxima da modificación non poderá superar o 20% sobre o prezo do contrato.

h.4.- Especialidades, no seu caso, do procedemento de contratación: Non se contemplan.

i.-Subcontratación:

Autorízase co límite máximo do 50 %.

j.- Responsable do Contrato:

O responsable do Contrato será o director deportivo-xefe da Unidade Técnica. Así mesmo o órgano de contratación nomeará unha dirección facultativa municipal para o seguimento da obra.

k.- Criterios de valoración e xustificación dos mesmos:

En relación aos criterios de valoración das ofertas, todos eles vinculados ao obxecto do contrato, dáse máis preponderancia a aqueles criterios que tendo unha referencia directa co obxecto do

contrato se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas concretas (80%), deixando o 20 % restante para criterios avaliábles mediante xuízo de valor.

k.1.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR:

Os criterios avaliábles mediante xuízo de valor terán unha puntuación máxima de 20 puntos que serán distribuídos nos seguintes apartados:

k.1.1.- Memoria construtiva dos criterios de execución técnica da obra

A valoración da memoria construtiva dos criterios de execución técnica da obra será realizada tendo en conta os seguintes apartados:

1.- Descrición analítica e detallada do proxecto. Se valorará con **ata 5 puntos. Deberá contemplar:**

- a) O análise dos aspectos que poidan incidir no desenvolvemento do obxecto da obra describindo as actividades importantes da execución da obra.
- b) Tódolos condicionantes definidos no proxecto.
- c) A determinación do grado de incidencia dos condicionantes especificados nos apartados anteriores en relación a execución da obra.

2.- A análise do ámbito de actuación da obra e os procesos de implantación de medios para a obra, e a súa explicación gráfica. Se valorará con **ata 5 puntos. Deberán describirse:**

- a) As afeccións dos condicionantes externos do entorno da obra (tráfico, climatolóxicos, usos específicos do entorno).
- b) As medidas que permitan simultanear a obra coas actividades cotiás do entorno. Ditos aspectos recóllense definidos nos proxectos de maneira indicativa, polo cal deben detallarse conxuntamente coa proposta de execución da obra.

3.- A análise e descrición da planificación da obra en relación aos equipos materiais e humanos adscritos a mesma, xustificando a coherencia da proposta realizada en relación aos prazos de execución propostos. Se valorará con **ata 5 puntos. Deberá contemplar:**

- a) A planificación da obra en relación a determinación dos medios necesarios para a execución da mesma, tales como persoal, instalacións, equipos e materiais, con expresión dos seus rendementos medios.
- b) A xustificación da coherencia da proposta en relación aos prazos de execución propostos. Deberá acompañarse coa representación gráfica adecuada temporalmente á peculiaridade da obra, co obxecto de facilitar o seguimento da mesma e especificando os camiños críticos.

k.1.2.- Plan de control de calidade.

A valoración da Memoria sobre o plan de calidade será realizada tendo en conta os seguintes apartados:

1.- A descrición analítica e detallada do plan de controis de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto. Se valorará con ata 2 puntos. Dita memoria deberá definir:

- As medidas que propón o licitador para controlar e garantir a calidade dos traballos a executar.
- Deberá incluír un plan específico de control de calidade no cal se indique a diversidade dos ensaios de control de calidade a executar, identificando as unidades de obra a controlar durante a súa execución.

Todas estas actuacións deberán ter unha incidencia directa co obxecto da obra.

2.- A descrición do plan de auto control interno da empresa. Se valorará con ata 1 puntos. A memoria deberá recoller:

- Unha descrición analítica e detallada do plan de autocontrol interno da empresa en aqueles procesos relacionados directamente coa execución do obxecto da obra.
- Descrición da organización dedicada ao control de calidade.

k.1.3.- Plan de aforro enerxético e programa de actuacións medioambientais.

b.- Valoración do criterio. Se valorará ate un máximo de DOUS (2) puntos. Dita memoria deberá definir:

- α) Unha memoria descritiva que deberá contemplar a descrición das boas prácticas na execución da obra que permita reducir o consumo enerxético ou materias primas como auga ou combustibles, Estas medidas deberán atoparse identificadas e adaptadas as peculiaridades propias desta obra.
- β) Unha memoria descritiva das actuacións para a redución das emisións contaminantes á atmosfera, recollida selectiva de residuos, procesos de reciclado, etc.

k.3.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FORMULA. Os criterios avaliados mediante fórmula terán unha puntuación máxima de 80 puntos que serán distribuídos nos seguintes criterios:

k.3.1.- Prezo ofertado. O prezo ofertado polos licitadores valorarase ata un máximo de SESENTA (70) puntos aplicándose esta puntuación en relación coa baixa realizada. O valor da baixa ofertada obterase restando ao prezo de licitación o prezo ofertado polo licitador (en euros).

k.3.2.-Prazo de garantía. Valorarase ata un máximo de DEZ (10) puntos a ampliación do prazo de garantía da obra e dos elementos que a conforman, respecto do mínimo esixido no proxecto que establececese en 12 meses.

L.- Criterios para a determinación de ofertas anormais ou desproporcionadas.

En relación a determinación do criterio aplicable para a valoración da existencia de ofertas o proposición con valores anormais ou desproporcionados para as ofertas referentes as obras obxecto deste expediente, débense ter en conta os aspectos expostos na memoria de

xustificación dos criterios de avaliación deste expediente no cal se determina e xustifica os seguintes aspectos:

Para os efectos da consideración de presunción de ofertas con valores anormais ou desproporcionados se considerará que están incursas nesa situación (baixa temeraria) as proposicións en relación a oferta económica cunha baixa ofertada (B_i), que cumpra as seguintes condicións:

10.1. Exceda en ($K \cdot \delta'$) ó valor da "baixa de referencia" (B_r), no caso de que o número de empresas licitadoras admitidas (tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados) sexa igual ou superior a cinco.

Presunción de temeridade: $B_i > B_r + (K \cdot \delta')$ si $n \geq 5$

Sendo:

B_i = Baixa da oferta realizada sobre o prezo de licitación, a cal será calculada coma a porcentaxe que represente (o importe da suma da baixa ofertada -IVE excluído-) co orzamento base de licitación (IVE excluído). O valor será expresado en tanto por cento sobre o orzamento base de licitación (IVE excluído) de todas as proposicións admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados.

B_r = valor mínimo entre (B_m ou $B'm$)

B_m = Baixa media calculada

$$B_m = \frac{\sum_{i=1}^n B_i}{n}$$

$B'm$ = media aritmética das (B_i) ofertadas que cumpran a condición seguinte:

$$(B_m - \delta) \leq B_i \leq (B_m + \delta)$$

δ = desviación típica calculada

$$\delta = \sqrt{\frac{\sum_{i=1}^n (B_i - B_m)^2}{n}}$$

K = factor de temeridade, este factor será definido en relación os seguintes criterios:

Para $\text{Min}(B_m, B_m') \leq 10\%$

SI $\sigma' \leq 0,5$;	$K=5,0$
SI $\sigma' > 0,5$ y ≤ 1 ;	$K=2,5$
SI $\sigma' > 1$ y $\leq 1,5$;	$K=1,5$
SI $\sigma' > 1,5$ y ≤ 2 ;	$K=1,3$
SI $\sigma' > 2$ y ≤ 3	$K=1,0$
SI $\sigma' > 3$	$K=0,6$

Para $\text{Min}(B_m, B_m') > 10\%$ y $\leq 18\%$

SI $\sigma' \leq 0,5$;	$K=3,5$
SI $\sigma' > 0,5$ y ≤ 1 ;	$K=1,8$
SI $\sigma' > 1$ y $\leq 1,5$;	$K=1,3$
SI $\sigma' > 1,5$ y ≤ 2 ;	$K=1,0$
SI $\sigma' > 2$ y ≤ 3	$K=0,7$
SI $\sigma' > 3$	$K=0,5$

Para $\text{Min}(B_m, B_m') > 18\%$

SI $\sigma' \leq 0,5$;	$K=3,0$
SI $\sigma' > 0,5$ y ≤ 1 ;	$K=1,5$
SI $\sigma' > 1$ y $\leq 1,5$;	$K=1,1$
SI $\sigma' > 1,5$ y ≤ 2 ;	$K=0,8$
SI $\sigma' > 2$ y ≤ 3	$K=0,5$
SI $\sigma' > 3$	$K=0,4$

δ' = desviación típica das (Bi) ofertadas que cumpran a anterior condición sinalada para o cálculo de $B'm$

n = Número de ofertas admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados

10.2. Exceda en 2.5 ou máis unidades porcentuais ó valor da "baixa de referencia" (Br), no caso de que o número de empresas licitadoras admitidas (tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados) sexa inferior a cinco.

Para este suposto de menos de 5 empresas licitadoras admitidas; Br = media aritmética das (Bi) ofertadas.

Presunción de temeridade: $B_i > B_r + 2.5$ si $n < 5$

Para calcular a baixa de referencia seguiranse as instrucións especificadas no punto anterior. Para os efectos de establecer este promedio terase en conta que cando as empresas que formen parte dun mesmo grupo, segundo os supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio, presenten distintas proposicións, tomarase unicamente a oferta máis baixa de todas as do grupo.

Previamente a efectuar a proposta ao órgano de contratación, debe emitir informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

3.- Proposta:

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación competente de acordo co previsto na disposición adicional 2ª do TRLCSP, que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: aprobar a contratación a través de procedemento aberto por lotes e tramitación ordinaria das obras dos proxectos seguintes:

* LOTE Nº 1: "PROXECTO DE EXECUCIÓN DE OBRAS DE REPARACIÓN E MANTEMENTO DO CAMPO DE FÚTBOL DE COMESAÑA", cun orzamento base de licitación de SETENTA E OITO MIL CINCOCENTOS OITENTA E DOUS MIL EUROS CON SESENTA E CINCO CÉNTIMOS (78.582,65 €).

* LOTE Nº 2: "PROXECTO DE EXECUCIÓN DE OBRAS DE REPARACIÓN E MANTEMENTO DO CAMPO DE FÚTBOL DO MEIXOEIRO", cun orzamento base de licitación de CINCOENTA E DOUS MIL NOVECIENTOS NOVENTA EUROS CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (52.990,39 €).

Segundo: aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do Servizo de Contratación e asinado con data 1/03/2016.

Terceiro: autorizar o gasto por un importe máximo de 131.573,04 € (cento trinta e un mil cincocentos setenta e tres euros con catro céntimos), sendo o importe correspondente ao IVE o de 22.834,99 € (vintedous mil oitocentos trinta e catro euros con noventa e nove céntimos), con cargo a partida na partida 3410.632.00.14 "INVESTIMENTOS MELLORA EN C. DE FUTBOL E INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.

Cuarto: abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(250).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA A XESTIÓN PARCIAL, DOCENCIA E DESENVOLVEMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA. EXPTE. 17497/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 17/02/16 e o informe de fiscalización do 09/03/16, dáse conta do informe-proposta do 25/02/16, do técnico de actividades culturais e educativas, conformado pola concelleira-delegada de Educación e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“Mediante Resolución de inicio de expediente de 2 de decembro de 2015, a concelleira de Educación insta ao Servizo de Educación para que inicie “a tramitación dun contrato maior de servizos para a contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola municipal de música de Vigo (EMMV) do Concello de Vigo”.

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación do técnico superior de Educación de data 1/12/2015*
- Resolución da concelleiro de Educación de 2/12/15 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación*
- Memoria xustificativa de data 15/01/16, redactada polo técnico superior de Educación.*
- Prego de prescripcíons técnicas (PPT) de data 15/01/16 redactado polo técnico superior de Educación.*
- Informe de 5/02/16 da xefa do servizo de Contratación con explicación das modificacións incluídas nos pregos con respecto ao indicado na memoria xustificativa.*
- Dilixencia de 10/02/16 do técnico de Educación, de conformidade coas consideracións efectuadas pola xefatura do servizo de Contratación*
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 17/02/16, redactado polo Servizo de Contratación.*
- Informe da xefa do servizo de Recursos e Asesoramento de 17/02/16.*

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: xestión parcial, desenvolvemento e impartición de docencia para as actividades de formación musical que o Concello programa anualmente a través da Escola municipal de música de Vigo (EMMV).

Duración: dous (2) anos, máis dúas posibles prórrogas dun ano de duración cada unha

Prezo: estímase un prezo anual do contrato de 394.661,29 euros

Aplicación orzamentaria: 3230.227.99.02 “Escola municipal de música de Vigo”

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 3º do R.D. Legislativo 3/2011 de 14 de novembro (TRLCSP). A resolución segundo o artigo 110 1º do TRLCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobar o expediente de contratación dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola municipal de música de Vigo por procedemento aberto.

2º.- Aprobar o Prego de prescripci3ns t3cnicas de 15/01/2016 redactado polo Servizo de Educaci3n e o Prego de cl3usulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 17/02/2016 redactado polo Servizo de Contrataci3n, que se inclúen no presente expediente para a contrataci3n dos servizos para a xesti3n parcial, docencia e desenvolvemento da Escola municipal de m3sica de Vigo por procedemento aberto.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 789.322,58 euros (131.553,76 € na anualidade de 2016, 394.661,29 € na anualidade de 2017 e 263.107,53 euros na anualidade de 2018) para a contrataci3n dos servizos para a xesti3n parcial, docencia e desenvolvemento da Escola municipal de m3sica de Vigo por procedemento aberto, con cargo 3 partida presupostaria 3230.227.99.02 ("Escola municipal de m3sica de Vigo").

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contrataci3n conforme ao previsto na lexislaci3n vixente.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(251).- EXPEDIENTE DE CONTRATACI3N DO SERVIZO PARA A XESTI3N PARCIAL, DOCENCIA E DESENVOLVEMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA DE VIGO. EXPTE. 17499/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xur3dico do 17/02/16 e o informe de fiscalizaci3n do 04/03/16, d3ase conta do informe-proposta do 23/02/16, do t3cnico de actividades culturais e educativas, conformado pola concelleira-delegada de Educaci3n e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

"Mediante Resoluci3n de inicio de expediente de 2 de decembro de 2015, a concelleiro de Educaci3n insta ao Servizo de Educaci3n para que inicie "a tramitaci3n dun contrato maior de servizos para a contrataci3n por procedemento aberto e tramitaci3n ordinaria, para a xesti3n parcial, docencia e desenvolvemento da Escola municipal de danza (EMD) do Concello de Vigo".

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentaci3n:

- Informe xustificativo da necesidade da contrataci3n do t3cnico superior de Educaci3n de data 1/12/2015
- Resoluci3n da concelleiro de Educaci3n de 2/12/15 pola que se autoriza o inicio do expediente de contrataci3n
- Memoria xustificativa de data 19/01/16, redactada polo t3cnico superior de Educaci3n.
- Prego de prescripci3ns t3cnicas (PPT) de data 19/01/16 redactado polo t3cnico superior de Educaci3n.
- Informe de 5/02/16 da xefa do servizo de Contrataci3n con explicaci3n das modificacións incluídas nos pregos con respecto ao indicado na memoria xustificativa.
- Dilixencia de 10/02/16 do t3cnico de Educaci3n, de conformidade coas consideraci3ns efectuadas pola xefatura do servizo de Contrataci3n

- *Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 17/02/16, redactado polo Servizo de Contratación.*
- *Informe da xefa do servizo de Recursos e Asesoramento de 17/02/16.*

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: xestión parcial, desenvolvemento e impartición de docencia para as actividades de formación en danza e percusión tradicional que o Concello programa anualmente a través da Escola municipal de danza (EMD).

Duración: dous (2) anos, máis dúas posibles prórrogas dun ano de duración cada unha

Prezo: estímase un prezo anual do contrato de 133.316,04 euros

Aplicación orzamentaria: 3260.227.99.26 "Escola municipal de danza"

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 3º do R.D. Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro (TRLCSP). A resolución segundo o artigo 110 1º do TRLCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

*A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:*

1º.- Aprobar o expediente de contratación dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola municipal de danza por procedemento aberto.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 19/01/2016 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 17/02/2016 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola municipal de danza por procedemento aberto.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 266.632,08 euros (44.438,68 € na anualidade de 2016, 133.316,04 na anualidade de 2017 e 88.877,36 euros na anualidade de 2018) para a contratación dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola municipal de danza por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3260.227.99.26 ("Escola municipal de danza").

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(252).- DAR CONTA DE RENUNCIA DE BENEFICIARIO DA BOLSA DE INGLÉS “CONCELLO DE VIGO” PARA ESTADÍAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO DO ALUMNADO DA EOIV, E INCORPORACIÓN DE NOVO BENEFICIARIO DA LISTA DE AGARDA. EXPTE. 17412/332.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 15/03/16, do técnico de Educación, conformado polo secretario de Admon. Municipal e pola concelleira-delegada de Educación, que di o seguinte:

“A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 29 de Xaneiro de 2016, adoptou, o seguinte acordo: “Adxudicación e denegación das Bolsas “Concello de Vigo” para estadías lingüísticas no estranxeiro para alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo, ano 2016. (Expte 17412/332)”.

*Asemade a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 26 de febreiro de 2016, adoptou, o seguinte acordo: “**Dar conta de renuncias voluntarias ao desfrute das bolsas Concello de Vigo de beneficiarias de inglés e de italiano e proposta de incorporación de novas beneficiarias das listas de agarda. (Expte 17412/332)”.***

O bolseiro Pedro Miranda Varela (expte. IN-004) con NIF 36158780-C, que resultou beneficiario directo dunha bolsa de lingua inglesa (Londres) cunha puntuación total asignada de 9,25 puntos, presenta e acredita documentalmente no servizo municipal de educación a súa renuncia voluntaria á bolsa municipal adxudicada consonte ao acordo da Xunta de Goberno Local de data 26/01/2016, por recente incorporación laboral que fai incompatible disfrutar da estadía de inmersión lingüística prevista desenvolver dende o vindeiro 19 de marzo ate o 2 de abril dos correntes. Achega para elo Anexo III con renuncia expresa á bolsa municipal concedida, declaración xurada motivando a renuncia voluntaria e documento de acordo de cesión

Continuando o proceso e aplicando as bases da convocatoria para a selección de alumnado da EOIV aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 12/11/2015, segundo recolle a base oitava “criterios de valoración” da convocatoria, que indica que para o caso de que unha vez adxudicadas as prazas, existan prazas vacantes por renuncia, éstas serán ofertadas ao alumnado en lista de agarda por chamamento directo, de conformidade coa orde establecida polo resultado da aplicación dos criterios de baremación; en consecuencia procede propor como bolseiro directo ao 4º integrante da lista de agarda do idioma de inglés, Darío Rodríguez González (expte. IN-027) co NIF 53187832-X, o cal achega no servizo municipal de educación a documentación requerida para a aceptación da praza que se incorpora ao seu respectivo expediente (aceptación expresa da praza segundo modelo do Anexo III, e contrato asinado coa empresa “Espazo Ensina” que presta un servizo que expresamente cumpre na súa integridade co programa de estancias aprobado pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV)).

Polo tanto, a renuncia voluntaria á bolsa de inglés de Pedro Miranda Varela (expte. IN-004) con NIF 36158780-C, pasa a ser cuberta e ocupada polo 4º integrante da lista de agarda do idioma de inglés (Londres), Darío Rodríguez González (expte. IN-027) co NIF 53187832-X, cunha puntuación total asignada de 7,75 puntos.

Verificadas e acreditadas documentalmente as casuísticas particulares anteriormente expostas, resultan as seguintes modificacións recollidas a continuación que non implican alteración do compromiso económico adoitado polo órgano competente:

O BOLSEIRO PROPOSTO PARA O IDIOMA DE INGLÉS (LONDRES) QUE PRESENTAN A SÚA RENUNCIA VOLUNTARIA, É O SEGUINTE:

EXPTE	APELIDOS ALUMNO/A	NOME ALUMNO/A	NIF ALUMNO/A	PUNTOS
IN-004	Miranda Varela	Pedro	36158780-C	9,25

O INTEGRANTE DA LISTA DE AGARDA BOLSAS "CONCELLO DE VIGO 2016" PARA O IDIOMA DE INGLÉS (LONDRES) QUE PASA A TER A CONSIDERACIÓN DE BOLSEIRO DIRECTO, É O SEGUINTE:

EXPTE	APELIDOS ALUMNO/A	NOME ALUMNO/A	NIF ALUMNO/A	PUNTOS	ORDE	Nº CONTA BANCARIA
IN-027	Rodríguez González	Darío	53187832-X	7,75	4º	ES09 2100 2178 0001 0025 8288

Consonte ao anteriormente exposto, é obxecto do presente informe dar conta das modificacións que se teñen producido nos beneficiarios/as das bolsas "Concello de Vigo" para alumnado da EOIV ano 2016, as cales non implican modificación do compromiso económico adoitado polo órgano competente.

Por elo, **proponse** á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

1. Dar conta da renuncia voluntaria ao disfrute da bolsa "Concello de Vigo 2016", do beneficiario de Inglés, Pedro Miranda Varela co NIF 36.158.780-C.
2. Aprobar a incorporación de Darío Rodríguez González co NIF 53.187.832-X como beneficiario da bolsa de inglés, que acepta a praza como cuarto integrante da lista de agarda de inglés.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(253).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS/AS DE VIGO E COMARCA (FOANPA) PARA O ANO 2016. EXPTE. 17674/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 26/02/16 e o informe de fiscalización do 10/03/16, dáse conta do informe-proposta do 25/02/16, do técnico do servizo de Educación, conformado pola concelleira-delegada de Educación e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

"A normativa de réxime local (Art. 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e Art. 80.1 e Art. 80.2 n) e ñ) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALGA), recollen que os municipios para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e dispoñen que o municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da

lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, entre outras, en aspectos culturais e relacionados coa ensinanza.

Na redacción contida na Lei 27/2013 do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL) (BOE nº 312 do 30/12/2013), dispónse como competencias municipais propias, entre outras, que exercerán as administracións locais nas distintas materias as seguintes:

- 25.2.e) Atención a persoas en situación de necesidade social ou risco de exclusión social.
- 25.2.j) Protección da salubridade pública.
- 25.2.l) Promoción do deporte e de ocupación do tempo libre.
- 25.2.m) Promoción da cultura.

Igualmente na reforma lexislativa introducida pola Lei 27/2013 LRSAL en vigor desde o 31/12/2013, recóllese un marco normativo temporal na súa Disposición adicional decimoquinta respecto á “asunción polas Comunidades Autónomas das competencias relativas á educación”, que estará condicionada polo establecemento das normas reguladoras do novo sistema de financiación autonómico e de facendas locais, e que contemplará a normativa específica para o correspondente traspaso de medios económicos, materiais e persoais”

A Lei de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 LRSAL, publicada no DOGA o día 30/05/2014, que entrou en vigor segundo a Disposición adicional derradeira segunda o 31 de maio de 2014, establece na súa Disposición adicional primeira que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013 LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación, ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais.

A participación dos diversos axentes que conforman a actividade educativa é un dereito e un deber cidadán que o Concello de Vigo, en orde ás competencias que lle son propias, articula a través da suscripción dun convenio de colaboración coa FOANPA, que é a federación das ANPAS imprantadas nos centros públicos de ensino de Vigo de responsabilidade municipal.

O convenio obxecto do expediente é un convenio de colaboración dos que, con carácter xeral e ao abeiro dos artigos 25 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, 88.1 LRXPA e 111 TRRL –no que ás entidades locais especificamente se refire—, poden celebrar as Administracións Públicas con persoas xurídico privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados. O Concello de Vigo ostenta competencias para a realización das actividades ás que se refire o convenio para mellorar e complementar servizos escolares, culturais e deportivos, tales como a prestación do servizo de comedor como necesidade vital de primeiro orde nun intre no que motivado pola crise económica moitas familias se empobrecen e onde tamén se promove unha alimentación sana e equilibrada e a adquisición duns hábitos nutricionais saudábeis; e por outra banda tamén para a realización de actividades extraescolares de distintas disciplinas formativas fóra do horario lectivo e no tempo libre dos escolares nas que se promoven o exercizo físico e a práctica regular de actividade deportiva, así como en xeral a mellora da formación cultural dos escolares e das familias no seu conxunto.

Respecto do servizo de comedores, cómpre ter en conta as previsións recollidas no Decreto 132/2013 do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia educativa; que regula no artigo 2.1 que as asociacións de nais e pais de alumnos e as súas federacións poden xestionar os comedores escolares e no seu artigo 10.1 inclúe

entre os recursos para financiar os comedores escolares, achegas en forma de axudas recibidas doutros organismos públicos.

Igualmente, a Lei 38/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia, e a aquelas familias valoradas de especial consideración se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos e cultural. O artigo 8 desta Lei atribúe tamén competencias aos municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

Porén, toda vez que entre os obxectivos da FOANPA están os que son obxecto deste convenio, óptase por subscribir este convenio de colaboración con esta entidade, no que se definen as recíprocas prestacións de ambas as dúas partes que, no que se refire ao Concello, son principalmente de carácter económico e concrépanse, fundamentalmente, na concesión a dita entidade dunha cantidade de diñeiro co obxecto de coadjuvar á financiación dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPA e contribuir á financiación das actividades extraescolares e á prestación do servizo de comedores das ANPA de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación, no ano 2016 .

O proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Foanpa, supón unha actividade de continuidade na sinatura do mesmo, xa que leva desenvolvéndose de xeito ininterrumpido en exercizos anteriores dende hai máis de doce anos, para atender as tarefas anteriormente expostas, e dita entidade ten presentado a través do rexistro municipal en data 05/02/2016 e co nº de doc. 160013525 a documentación necesaria e que se adxunta ao presente expediente, para iniciar a tramitación do convenio correspondente ao ano actual.

O obxecto deste convenio non está comprendido nos contratos regulados no Real Decreto Lexislativo 3/2011 , polo que, dacordo co disposto no art. 4 de dita norma, o convenio que nos ocupa queda fóra do seu ámbito e se rexerá polas súas normas especiais.

Toda vez que o convenio prevé unha disposición dineraria por parte do Concello de Vigo a favor da FOANPA, sen contraprestación directa desta, suxeita ao cumprimento pola mesma dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social – xestión de comedores, actividades extraescolares, formación de ANPAS e gastos de xestión da Federación- co cumprimento das obrigas pactadas no convenio, estamos en presenza da concesión directa dunha subvención á FOANPA por convenio que se rexe pola lei galega 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións (D.O.G.A. 121 do 25 de xuño do 2007). O artigo 5.2, da lei de subvencións establece que a xestión das subvencións se realizará de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, sinalando o artigo 19 que o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitaráse en réxime de concorrencia competitiva. Non obstante, o artigo 19.4 establece que poderán concederse directamente as subvencións previstas nominativamente nos presupostos das entidades locais co crédito adecuado e suficiente para a súa concesión, neste caso e conforme ás instrucións da Concelleira de Educación, con cargo á partida 3260.489.00.01 “Convenio Foanpa” que conta cunha dotación de 606.039,31.-€, pertencente ao orzamento municipal de 2016.

Este financiamento municipal para a prestación do servizo de comedor é complementario coas “axudas municipais escolares de libros e comedor” que promove anualmente o servizo municipal de benestar social a través das bases reguladoras e convocatoria específica para a concesión de axudas municipais para libros e comedor, para alumnado de centros docentes públicos e privados-concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria do Concello de Vigo.

A ausencia de convocatoria pública e/ou concorrencia ven motivada porque todas as posibles beneficiarias desta subvención, é dicir, todas as Anpas legalmente constituídas dos centros de ensino público de infantil e primaria da nosa cidade, están integradas na FOANPA sendo esta última a única federación de Anpas públicas legalmente constituída na nosa cidade, e polo tanto con capacidade lexítima para asumir a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determina a concesión da referida subvención.

Recóllese no pacto segundo da proposta de convenio un pago anticipado á favor da Foanpa con carácter previo á xustificación, que ven motivado pola necesidade desta entidade de dispor de liquidez económica para atender e axustarse ao ritmo de execución das actividades subvencionadas: Coadxugar na financiación dos gastos de funcionamento e xestión da Foanpa, contribuir á financiación das actividades extraescolares e á prestación do servizo de comedor das Anpas de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación no ano 2016. Non se considera necesario por parte deste Servizo Municipal de Educación, explicitar e fixar no convenio proposto ningún réxime de garantías dos fondos anticipados entregados, en virtude dos antecedentes satisfactorios e froitíferos dunha colaboración consolidada que veñen mantendo dende fai tempo o Concello de Vigo a través do Servizo de Educación coa Foanpa. Esta última ven actuando con acreditada solvencia, como recoñecida interlocutora co Concello da meirande parte das Anpas dos centros de ensino público legalmente constituídas que están integradas na Federación e a vontade de colaboración tamén queda constatada coa cesión dun local municipal no Instituto Municipal de Educación (IME) que lle permite á Foanpa un axeitado desenvolvemento das súas funcións.

Para comprobar a adecuada xustificación da subvención, a óptima realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da mesma, ademais da obrigada presentación por parte da Foanpa dunha memoria final das actividades desenvolvidas no marco do convenio, o Pacto duodécimo contempla a necesaria emisión dun informe técnico ao respecto. Por elo, xunto a cada unha das contas xustificativas que presente a Foanpa, o servizo municipal de educación, ao tramitar o pago, deberá incorporar o correspondente informe técnico coa conformidade cos xustificantes achegados e polo tanto a procedencia do seu pago.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a competencia para a aprobación do convenio e con carácter previo a esta a aprobación do gasto segundo o artigo 34 da Lei Xeral de Subvencións.

Achégase o texto proposto para que, tras o preceptivo informe xurídico e da Intervención municipal se someta á consideración da Xunta de Goberno Local:

“1º.- Autorizar o gasto a que da lugar o **“Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca (FOANPA)**, que supón un custe de **606.039,31-€ (SEISCENTOS SEIS MIL TRINTA E NOVE CON TRINTA E UN EUROS)**, a favor da Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca FOANPA (CIF: **G-36.743.946**), con cargo á partida **3260.489.00.01** (convenio FOANPA).

2º.- Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca: FOANPA, que de deseguido se dí:

“PROPOSTA DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS E ALUMNAS DE VIGO E COMARCA (FOANPA)”

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de dous mil dezaseis

REUNIDOS

Dunha parte, don Abel Ramón Caballero Álvarez, Alcalde Presidente do Concello de Vigo, en representación deste, de acordo co disposto no art. 124.4.a, da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local

Doutra, dona Dolores Fernández Fernández, como presidenta da Federación Olívica das Asociación de Nais e Pai de Alumnos de Vigo e Comarca (FOANPA), CIF nº G-36743946, e enderezo social en Vigo, Camiño do Chouzo nº 2, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación deste expediente núm. 17674-332.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) define estatutariamente como fins e obxectivos fundamentais que lle corresponden, a loita por un ensino público gratuíto e da máxima calidade. Propón como liñas de traballo a formación integral das ANPAS federadas, a presenza e participación en todos os órganos que teñan relación co ensino público e coa oferta de servizos que supoñan unha participación activa dos pais e nais e como movemento asociativo de forte presenza social. A Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca respecta a autonomía de cada ANPA no ámbito das súas competencias.

Para posibilitar a participación real das ANPA é necesario dotalas de instrumentos que lles permitan intervir activamente na vida escolar, como usuarios e usuarias directos/as da educación. Polo que se regularán neste convenio a subvención dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPA e, por outra banda, a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades extraescolares e prestación do servizo de comedores das ANPA de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación.

II.- Que o Concello de Vigo pretende consolidar e ampliar mediante este convenio o proxecto de participación activa de todos os axentes involucrados no eido educativo, cultural e deportivo, na procura dunha mellor calidade da ensinanza comezado por este Concello en anos anteriores.

A Lei Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) e as Leis Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE) e Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), contemplan a necesaria participación, colaboración e coordinación das actuacións no ámbito das súas competencias, das administracións educativas e as Corporacións Locais para acadar unha maior eficacia dos recursos destinados á educación e na mellor consecución dos obxectivos educativos. A Lei Orgánica de Educación (LOE) 2/2006, do 3 de maio, contempla no seu Título Preliminar, Capítulo I, Artigo 1 que un dos principios que inspira o sistema educativo actual é a necesidade dun esforzo compartido, cooperación e colaboración das familias e as corporacións locais; e incide na Disposición final primeira na

necesaria participación dos pais e nais no proceso ensinanza-aprendizaxe e na vida do centro educativo dos seus fillos e fillas. A Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) 8/2013, do 9 de decembro, contempla no seu Preámbulo e Artigo 1 hbis) a necesidade de que toda a sociedade civil e moi particularmente as familias e a cooperación entre as administracións asuman un papel activo na transformación do sistema educativo e igualmente salienta o recoñecemento do papel que corresponde aos pais, nais e titores legais como primeiros responsables da educación dos seus fillos

Polo tanto, a LOE e a LOMCE recollen esta necesidade e recomendación, propiciando a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia, dentro dos principios democráticos de convivencia e o fomento da participación de nais e pais na vida do centro educativo.

Cómpre por elo a máxima colaboración entre o Concello de Vigo e as Asociacións de Nais e Pais de Alumnos (ANPAS) para acadar o desenvolvemento dos programas definidos e aqueles que poidan xorder no ámbito da formación, información e desenvolvemento destas organizacións. Esta colaboración ten como obxectivo primeiro achegar a xestión pública aos intereses dos cidadáns e das cidadás.

III.- Que o Concello de Vigo recoñece á Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPA) como representante, neste intre, das ANPAS dos centros de ensino público de Educación Infantil, Educación Primaria, ESO, ESPO e Formación Profesional Específica de Vigo, e como canalizador das propostas das ANPAS nas competencias que lle correspondan ao concello neste ámbito.

IV.- Que o Concello de Vigo no seu orzamento para o ano 2016, na súa partida 3260.489.00.01 (convenio FOANPA), prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de **606.039,31.-€**, a favor da Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) . O financiamento municipal correspondente á prestación do servizo de comedor é complementario coas “axudas municipais escolares de libros e comedor” que promove anualmente o servizo municipal de benestar social a través das bases reguladoras e convocatoria específica para a concesión de axudas municipais para libros e comedor, para alumnado de centros docentes públicos e privados-concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria do Concello de Vigo.

V.- Que de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente. Así as cousas, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPA e contribuir á financiación das actividades extraescolares, accións formativas de nais e pais por parte das ANPA e á prestación do servizo de comedores das ANPA de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación no ano 2016.

VI.- Que a entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA), non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran neste expediente núm. 17674-332.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese educativo e social que para a comunidade educativa da cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA), o Concello de Vigo e a FOANPA conveñen a súa colaboración na concesión da referida subvención en base aos seguintes:

PACTOS

Primeiro.- A Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) comprométese a colaborar co Concello de Vigo e cos órganos que éste ten creados para o desenvolvemento da súa acción educativa, cultural e deportiva.

Sen prexuízo desta participación, a Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) e a Concellería de Educación manterán reunións periódicas, a fin de posibilitar un coñecemento máis global das actuacións que está a levar o Concello en materia educativa, cultural e deportiva e das inxedanzas e propostas destes colectivos.

O órgano de consulta e participación dos distintos membros da comunidade escolar no Concello de Vigo é o CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE VIGO (CEMV), do que a Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) forma parte coa representación que lle corresponde, en función do número de ANPAS dos centros de ensino público de Vigo que representa.

A Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) como beneficiaria da subvención comprométese a cumprir as seguintes obrigas:

- 1 Afrontar as tarefas de funcionamento, coordinación e xestión dos programas propios da Federación.
- 2 Desenvolver actividades formativas para nais e pais, na liña das actividades clásicas das Escolas de Pais e Nais.
- 3 Organizar e regular a realización de actividades extraescolares das ANPA de ensino infantil e primario federadas na FOANPA.
- 4 Acreditar e xustificar as actividades realizadas mediante a certificación e documentación correspondente ante a Concellería de Educación do Concello de Vigo, que servirán de base a éste para tramitar os pagos.
- 5 Entregar á Concellería de Educación do Concello de Vigo, a programación educativa, cultural e deportiva, prevista desenvolver ao longo da anualidade de vixencia do convenio.
- 6 Promover e xestionar os comedores escolares e presentar a xustificación dos gastos habidos ante o Concello de Vigo.
- 7 Presentar unha memoria final das actividades desenvolvidas no marco do presente convenio, para posibilitar o seu control e avaliación efectiva do seu desenvolvemento.
- 8 En xeral cumprir, como beneficiaria da subvención, coas obrigas consignadas para éstas no artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA), unha subvención por importe de **606.039,31-€ (SEISCENTOS SEIS MIL TRINTA E NOVE CON TRINTA E UN EUROS)** pagadeiros en tres prazos, para atender e axustarse ao ritmo de execución das actividades subvencionada:
 - **PRIMEIRO PAGO:** anticipado por importe de **200.000,00.-€** coa asinatura do convenio e antes do 30 de maio.
 - **SEGUNDO PAGO:** por importe de **203.019,65.-€** a fin de curso e antes do 30 de xullo, e

- **TERCEIRO PAGO:** por importe de **203.019,66.-€**, á presentación da conta xustificativa final e segundo o recollido no Pacto 5, a favor da **Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca**, para facer fronte ás responsabilidades de xestión na prestación do servizo de comedores, actividades extraescolares e formación de ANPAS e dos gastos de xestión propios da Federación, segundo se explica no anexo II.

2. O Concello de Vigo realizará as actuacións necesarias para a posta á disposición da Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) dun espazo dunha superficie aproximada de 90 metros cadrados, sito na pranta baixa do Instituto Municipal de Educación (IME), rúa camiño do Chouzo núm. 2, que lle permita un adecuado desenvolvemento das súas funcións e a realización das tarefas propias da Federación. A utilización deste local realizase en precario e o Concello de Vigo poderá recuperalo en calquera momento sempre que o interese público o requira, polo que se adecúa ao previsto no Real Decreto 1372/1986 do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das Entidades Locais.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A FOANPA deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- A FOANPA xestionará a concesión das subvencións destinadas á realización de actividades extraescolares e prestación do servizo de comedores en cada centro de ensino público de Vigo, para promover e facilitar a participación de pais e nais en cada escola, mediante o apoio ás iniciativas educativas da ANPA de cada centro, e para mellorar a calidade do ensino dos centros públicos de Vigo.

Será de obrigado cumprimento a lexislación e normativa vixente en materia de comedores escolares, manipulación de alimentos, normas hixiénico-sanitarias, ou calquera outra que lle sexa de aplicación ou puidera selo durante o desenvolvemento das actividades financiadas no marco do presente convenio.

Os medios e a forma de desenvolvemento destas actividades, son de plena responsabilidade da Foanpa, reservándose o Concello o control da calidade e eficacia.

Quinto.- O primeiro pago anticipado que se prevé neste convenio determina a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, sendo necesaria para a tramitación do segundo e terceiro e último abono á conta, a presentación da conta xustificativa do primeiro e segundo pago, respectivamente, nos termos que de seguido se dirán para a conta xustificativa final.

A beneficiaria, para a tramitación do terceiro pago, sempre dentro do exercizo económico no que se lle concede a axuda (de conformidade coas bases de execución do orzamento municipal), deberá presentar a conta xustificativa final na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago da totalidade dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e

aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa final deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos coas remisións pertinentes aos xustificantes de pago e demais documentación orixinal xa achegada con ocasión da xustificación dos pagos anticipados.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 2.834.130,80.- euros (72.500.-€ dos gastos anuais de xestión da Foanpa, 1.028.022.-€ dos gastos das actividades extraescolares e talleres matinais e 1.733.608,80.-€ dos gastos de comedores escolares).

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Sexto.- *Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.*

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sétimo.- *No desenvolvemento das actividades extraescolares e prestación do servizo de comedores subvencionados utilizarase o galego como medio de expresión e comunicación. Prestarase especial atención á publicidade das actividades subvencionadas, que deberá facerse íntegramente en galego, consonte co previsto na Lei 3/1983, de 15 de xuño, sobre lingua galega e normalización lingüística e no Regulamento sobre Normalización Lingüística do Concello de Vigo.*

Asimesmo, a FOANPA, comprométese a que na difusión da actividade e na edición de materiais conste a colaboración do Concello de Vigo.

Oitavo.- *Antes de proceder a calquera dos pagos que se prevén para o abono desta subvención, a FOANPA deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá*

realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza das actividades subvencionadas e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2016.

Décimo.- O convenio non atribúe á FOANPA a condición de entidade colaboradora na xestión de futuras subvencións para prestación do servizo de comedores e actividades extraescolares das ANPAS integradas na federación, senón que esta –a Federación– é, no convenio, a beneficiaria da subvención que se distribuirá entre as distintas ANPAS que a integran. Polo tanto FOANPA distribuirá a subvención entre as distintas ANPAS que a integran e pertencen a centros públicos situados no termo municipal de Vigo. As actividades das ANPAS ás que pode aplicarse esta subvención serán a prestación do servizo de comedores e as actividades extraescolares dirixidas ao alumnado dos colexios públicos de Vigo, que presenten a xustificación da axuda acompañada do formulario do anexo I.

Décimo primeiro.- Coa sinatura do convenio constituirase unha comisión de seguemento que realizará o control e seguemento da súa execución e xestión económica, segundo as pautas contempladas no anexo II e realizará a avaliación. A comisión estará formada por dous/dúas representantes nomeadas pola FOANPA, un/ha Técnico/a do Servizo de Educación do Concello de Vigo, un/ha funcionario/a do Servizo de Educación do Concello de Vigo que actuará de Secretario/a, e presidida pola Concelleira de Educación.

En calquera caso, as ANPAS beneficiarias das subvencións comprométese a remitir cuberto á FOANPA, para que o estude a devandita comisión, e sempre antes do 30 de setembro de 2016, o formulario contido no anexo I do convenio para a realización de actividades extraescolares e taller matinal, a conta xustificativa acompañada dos documentos xustificativos do gasto, que naquel se indica, así como os restantes datos que pida a comisión en orde a un mellor seguemento do convenio.

O incumprimento destes requisitos e dos seus prazos poderán ser causa da perda da axuda, previo informe da comisión e acordo da Xunta de Goberno Local.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Educación. O Servizo de Educación emitirá informe técnico ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada. Por elo, xunta a cada unha das contas xustificativas que presente a FOANPA, o servizo municipal de Educación, ao tramitar o pago, deberá incorporar o correspondente informe técnico coa conformidade cos xustificantes achegados e, polo tanto a procedencia do seu pago.

Décimo terceiro.- A FOANPA deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Educación e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e

o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- *Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a FOANPA no que se refire á subvención recollida neste convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

Décimo sexto.- *A FOANPA está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.*

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Educación.

A FOANPA poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Educación do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- *A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do orzamento do Concello de Vigo vixentes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado e de conformidade co artigo 127.1 g) da LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do presente convenio e con carácter previo a ésta a aprobación do gasto (art. 34 LXS).*

As prestacións non constitutivas de subvención previstas no convenio, rexerá polo estipulado neste, aplicándose os principios do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do sector público, para resolver as dúbidas e lagoas que poideran presentarse.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, a _____ de 2016."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(254).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO PARA A XESTIÓN E TRANSPORTE DOS DESPRAZAMENTOS DOS ESCOLARES DO PROGRAMA EDUCATIVO MUNICIPAL “VIGO POR DENTRO COÑECE A TÚA CIDADE”. EXPTE. 16213/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 24/02/16 e o informe de fiscalización do 09/03/16, dáse conta do informe-proposta do 22/02/16, do técnico de Educación, conformado pola concelleira-delegada de Educación e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“Antecedentes:

1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 08 de agosto de 2014, adoptou o acordo de:

- Aprobar o expediente de contratación dos servizos para a xestión e transporte dos desprazamentos escolares do programa educativo municipal “Vigo por Dentro – Coñece a túa Cidade” por procedemento aberto.
- Aprobar o Prego de preescripcions técnicas de 11/07/2014 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 31/07/14 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos para a xestión e transporte dos desprazamentos escolares do programa educativo municipal “Vigo por Dentro – Coñece a túa Cidade” por procedemento aberto.
- Aprobar o gasto por importe de 150.150,00 euros ive incluído (23.625,00.-€ na anualidade de 2014, 75.075,00.-€ na anualidade de 2015 e 51.450,00.-€ na anualidade de 2016) para a contratación dos servizos para a xestión e transporte dos desprazamentos escolares do programa educativo municipal “Vigo por Dentro – Coñece a túa Cidade” por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3210.227.99.11 do programa educativo “Vigo por Dentro”.

2. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 03 de decembro de 2014, adoptou o acordo de adjudicar a “Autos González, S.L” o procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión e transporte dos desprazamentos dos escolares do programa educativo municipal “Vigo por Dentro – Coñece a túa Cidade” (expediente 16213-332) por un prezo unitario de 88.-€ (Ive engadido); de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prescripcions técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 08 de agosto de 2014 e a oferta presentada.

Lembremos que tanto no PCAP como na adjudicación inicial se establece un prazo de duración do contrato de dous anos, e unha posible prórroga por un período máximo de nove meses, sendo a data de finalización neste caso o 30 de xuño de 2017. Segundo contrato formalizado entre o Concello de Vigo e a empresa adjudicataria, o prazo do contrato é de dous anos contados dende o 09 de decembro de 2014.

Cómpre saliantar que a prestación no 1º ano (período 09/12/2014 – 08/12/2015) de contrato do programa municipal “Vigo por Dentro – Coñece a túa Cidade”, foi desenvolvida de xeito satisfactorio, de conformidade cos parámetros didácticos e pedagóxicos de funcionamento contidos nos pregos de condicións administrativas e técnicas que rexeron o citado contrato.

Fundamentación xurídica:

1º.- A revisión de prezos deste contrato está regulada na cláusula 31ª do Prego de Cláusulas Administrativas particulares e na cláusula 3J) das Follas das características do contrato (FEC en diante). En ditas cláusulas se recolle que procederá a primeira revisión de

prezos do contrato unha vez transcorrido o prazo dun ano desde a data de formalización do contrato e sempre e cando este se tivese executado alomenos no 20% do seu importe.

Polo tanto, como queira que o contrato iniciouse o 09 de decembro de 2014, tendo previsto rematar o 08 de decembro de 2016, pero como o mesmo ten transcurrido o primeiro ano de duración ate 08 de decembro de 2015, cómpre propor a aprobación da 1ª revisión de prezo.

2º.-Fórmula de cálculo: Segundo a cláusula 3J) das FEC, se aplicará o seguinte sistema de revisión:

- Se o incremento do Produto Interior Bruto (PIB) a prezos constantes no ano anterior á revisión é superior ó 1% e inferior ó 2%, o prezo do contrato incrementarase nun 0,4%.

- Se o incremento do Produto Interior Bruto (PIB) a prezos constantes no ano anterior á revisión alcanza ou supera o 2%, o prezo do contrato incrementarase nun 0,9%.

Tras estas consideracións sobre o asunto obxecto do presente informe, infórmase do seguinte:

Como queira entón que segundo a información contida na páxina web oficial do Instituto Nacional de Estadística (INE), a variación experimentada polo PIB no ano 2014 foi do 1,4%, sendo esta porcentaxe superior ao 1% e inferior ao 2%, en consecuencia o prezo unitario do contrato de 88.-€ (Ive engadido) por desprazamento escolar de ida e volta para cada visita didáctica na cidade de Vigo incrementarase nun 0,4 %, que aplicado ao prezo unitario inicial por visita (88.-€ X 0,4% = 0,36.-€) ascende a 88,36.-€ , que sería o importe de actualización a imputar como novo prezo unitario por visita correspondente á 1ª revisión de prezos.

	Periodo aplicar	PIB 2014	Aplicación Fórmula	Novo prezo unitario x visita
1ª Revisión Prezos 09/12/2014 – 8/12/2015	09/12/2015–08/12/2016	1,4%	(88.-€/visita X 0,4% = 0,36.-€)	88,36.-€

Atrasos periodo	Nº visitas facturadas	Importe a recoñecer
09-12-2015 ao 31-12-2015	74 desprazamentos X 0,36.-€	26,64.-€
01-01-2016 ao 31-12-2016	88 desprazamentos X 0,36.-€	31,68.-€
		TOTAL = 58,32.-€

Para poder afrontar o gasto indicado, detraerase esta obriga económica da partida 3230.227.99.11 do programa educativo “Vigo por Dentro”, xa que ademáis de imputarse á mesma o importe do contrato do programa “Vigo por Dentro – Coñece a túa Cidade” conta con saldo suficiente, polo que non afectará ao normal desenvolvemento do Servizo.

Documentación achegada:

No presente expediente figura, entre outras, a seguinte documentación: A totalidade do expediente 16213-332.

Á vista das anteriores consideracións, proponse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previo informe de asistencia xurídica e da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:

ACORDO

1º.- Aprobar a **1ª revisión de prezos** do contrato para a xestión e transporte dos desprazamentos dos escolares do programa educativo municipal “Vigo por Dentro – Coñece a túa Cidade” polo periodo 09/12/2014 – 08/12/2015, para aplicar no periodo de facturación 09/12/2015 – 08/12/2016, quedando o novo importe unitario actualizado en 88,36.-€ (Ive engadido) por desprazamento escolar de ida e volta para cada visita didáctica na cidade de Vigo.

2º.- Recoñecer en concepto de atrasos polo periodo comprendido entre o 09 decembro de 2015 e 31 de xaneiro de 2016, a cantidade total de 58,32.-€ a favor de Autos González, S.L.

3º.- Dito gasto efectuarase con cargo á partida presupostaria 3230.227.99.11 do programa educativo “Vigo por Dentro” en concepto de cotas pendentes.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(255).- CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO DE ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO PARA O ANO 2016. EXPTE. 12558/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 07/03/16 e o informe de fiscalización do 15/03/16, dáse conta do informe-proposta do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, conformado polo concelleiro-delegado de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*“Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás entidades sin ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, social, sindical, deportivo, as comunidades de montes e as entidades empresariais, constituídas legalmente como tales, para o fomento do emprego entre os veciños e veciñas de Vigo, realizadas ou pendentes de levar a cabo desde o **1 de xaneiro ao 30 de setembro de 2016**. Están dirixidas a fomentar o emprego, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía, xa que ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de desempregados e desempregadas na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coas organizacións con presenza na cidade de Vigo, de tal xeito que se mellore a prestación de servizos de información, formación e asesoramento as persoas en situación de desemprego cara a búsqueda de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.*

O desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose de xeito continuado nos últimos anos e moi especialmente nos anos 2012, 2013, 2014 e 2015, e conforme establece a LEI 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade

da Administración local, no seu artigo 3.- “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.

b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.

...”

A efectos da presente convocatoria, e coa finalidade de ter en conta a diversidade e heteroxeneidade das entidades as que va dirixida, se convocan os programas que deseguido se relaciona en función das súas características cara ao fomento do emprego e a inserción laboral e da mellora no funcionamento das entidades, no cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades:

Programa I: “Entidades veciñais e culturais”

Programa II: “Entidades sociais e asistenciais”

Programa III: “Organizacións sindicais”

Programa IV: “Entidades empresariais”

Programa V: “Comunidades de Montes”.

Programa VI: “Entidades deportivas”

A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego e da participación cidadá e, en particular:

- Facilitar a adquisición de experiencia laboral a persoas en situación de desemprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia.
- Fomentar a contratación exclusivamente de persoas empadroadas no Concello de Vigo, cando menos desde o 1 de xaneiro de 2015.
- Contribuír á existencia e funcionamento ordinario das asociacións veciñais, culturais, sindicais, sociais, empresariais, deportivas e as comunidade de montes, para mellora do emprego e a defensa de intereses xerais e sectoriais.
- Potenciar a xeración e continuidade de grupos e programas de actuación estables, sin prexuízo da diversidade de actividades programadas.
- Avaliar os resultados dos programas e actividades sociais realizados a fin de determinar as necesidades reais existentes.
- Facilitar a inserción laboral de todos os sectores de poboación e fundamentalmente dis mais desfavorecidos.
- Fomentar a contratación para o desenvolvemento de actividades, servizos, o emprego de novas tecnoloxías, e os programas formativos nas propias sedes das asociacións.
- Apoiar ás entidades asociativas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento da inserción laboral e a participación cidadá, nos que se poden incluír actuacións nos campos da cultura, o benestar social, o ocio, o voluntariado, o asesoramento, o deporte e o fomento do emprendemento, a formación profesional e a integración veciñal, en xeral, de contido laboral e sociocomunitario.
- Avaliar os resultados dos programas e actividades socio/deportivos realizados a fin de determinar as necesidades reais existentes.
- Apoiar ás entidades deportivas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento da inserción laboral e a participación cidadá, nos que se poden incluír calquera das actuacións vinculadas coas propias necesidades da xestión da diversidade dos proxectos destas entidades.

- *Fomentar as actividades ocupacionais e informativas de cara a unha integración laboral.*
- *Incidir na información, formación e promoción de condutas, valores cívicos e éticos en xeral, así como a promoción da sociedade plural e non discriminatoria (tolerancia, solidariedade, respecto a diversidade e integración).*
- *Programas de sensibilización e ampliación dos recursos propios a través de captación de novos asociados, doazóns e colaboracións e o fomento do emprendemento.*

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as asociacións veciñais, culturais, sociais, sindicais, comunidade de montes, deportivas e entidades empresariais, sen ánimo de lucro, que en función do programa deberán estar inscritas, nos epígrafes que a continuación se relacionan do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), ou teñan iniciado o trámite de inscrición no servizo de Participación Cidadá que cumprindo os requisitos e finalidade da mesma, fomenten o emprego e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía, xa que ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de desempregados e desempregadas na nosa cidade.

Conforme a Resolución de 10/12/2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que establece e o seu apartado Cuarto, " Dentro de cada órgano deberán establecerse os mecanismos que garantan que a convocatoria e o extracto que se fornecen á BDNS foron aprobados nos mesmos termos pola autoridade competente", para o cumprimento do mesmo e conforme a información contida no documento de preguntas máis frecuentes da IGAE, se ten procedido a elaborar unha convocatoria, as bases reguladoras e un extracto da mesma en galego e castelán.

En relación o exposto e seguindo instrucións do Concelleiro de Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, se somete a Xunta de Goberno Local, a seguinte proposta de acordo:

- 1. Aprobar a convocatoria, o extracto da mesma e as "Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para o Fomento do Emprego de entidades sin ánimo de lucro", correspondentes ao ano 2016 que se achegan no Anexo I.*
- 2. Aprobar, o gasto, por importe de 1.000.000,00 € (un millón de euros), que se imputarán con cargo á partida presupostaria 2410 4800000 "Programa de axudas ao plan de emprego municipal", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, do exercicio presupostario do ano 2016.*
- 3. Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de "Subvencións para o fomento do Emprego de entidades sin ánimo de lucro" en:*
 - 1. A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días naturais para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.*

4. As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO EN ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO DO ANO 2016.

Primeiro. Obxecto.

O Concello de Vigo convoca subvencións para a concesión de axudas económicas ás entidades sen ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, social, sindical, as comunidade de montes, as entidades empresariais e as deportivas, constituídas legalmente como tales, para o fomento do emprego entre os veciños e veciñas de Vigo, desde o 1 de xaneiro ao 30 de setembro de 2016. Están dirixidas a fomentar o emprego, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía.

Segundo. Beneficiarios.

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as asociacións veciñais, culturais, sociais, sindicais, comunidade de montes, deportivas e entidades empresariais, sen ánimo de lucro, que en función do programa deberán estar inscritas, nos epígrafes que a continuación se relacionan do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), ou iniciasen trámite de inscrición no servizo de Participación Cidadá que cumprindo os requisitos e finalidade da mesma, fomenten o emprego, o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades relacionadas co emprego, a cultura, a asistencia, o lecer, o deporte e a mellora da empregabilidade que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

Programa I: "Entidades veciñais e culturais"	Epígrafes 10.1 e 10.5.
Programa II: "Entidades sociais e asistenciais"	Epígrafes 1, 2, 4.1 e 9.1.
Programa III: "Organizacións sindicais"	Epígrafes 5.1
Programa IV: "Entidades empresariais".	Epígrafes 5.2
Programa V: "Comunidades de Montes".	Epígrafe 10.7
Programa VI: "Entidades deportivas"	Epígrafes 3.0.0, 3.1.1 e 3.1.2

Terceiro. Réxime da convocatoria.

A convocatoria realízase en réxime de concorrencia competitiva

Cuarto. Normativa e Bases reguladoras.

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2016, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado. As Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo serán publicadas en <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/index.jsp?ide=0&lang=es>, no Boletín Oficial da Provincia e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Quinto. Contía.

A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio presupostario (2016) é de 1.000.000,00 € (un millón euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800000 "Programa de axudas ao plan de emprego municipal", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo. distribuídos da seguinte maneira:

1.- Programa I "Entidades veciñais e culturais": 150.000,00 € (cento cincuenta mil euros) que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada "Programa de axudas ao plan de emprego municipal" do vixente exercicio presupostario. A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 40.000 €.

2.- Programas II: "Entidades sociais e asistenciais": 200.000,00 € (dous centos mil euros), que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada "Programa de axudas ao plan de emprego municipal" do vixente exercicio presupostario. A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 40.000 €.

3.- Programa III: "Organizacións sindicais": 100.000,00 € (cen mil euros) que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada "Programa de axudas ao plan de emprego municipal" do vixente exercicio presupostario. A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 40.000 €.

4.- Programa IV: "Entidades empresariais": 200.000,00 € (dous centos mil euros), que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada "Programa de axudas ao plan de emprego municipal" do vixente exercicio presupostario. A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 40.000 €.

6.- Programa VI: "Entidades deportivas": 205.000,00 € (douscentos cinco mil euros), que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada "Programa de axudas ao plan de emprego municipal" do vixente exercicio presupostario. A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 25.000 €.

Sexto. Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, será de 10 días naturais, a contar desde o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 48 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

As solicitudes poderán achegarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou en calquera dos rexistros e oficinas que, ao respecto, establece o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Sétimo. Órganos competentes para a instrución, resolución do procedemento e notificación.

O Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta o defectuosa, requirirase á solicitante para que emende no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, transcorrido o cal, teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución.

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle aos/ás técnicos de Desenvolvemento Local e Emprego, que poderán realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobacións dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

Lle correspóndele á Xunta de Goberno Local, no prazo de catro meses, que se computará a partir da publicación desta convocatoria, a resolución motivada do procedemento, que conterá a relación de solicitantes aos que se lle concede a subvención, facendo constar, expresamente, a desestimación do resto de solicitudes.

A resolución do procedemento poderán notificarse ás entidades beneficiarias, ou ben, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva, substituírse dita notificación pola publicación na páxina web (www.vigo.org) e no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, conforme ao art. 59.6.b) da Lei 30/92, do 26 de novembro, de Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Oitavo. Criterios de valoración.

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Emprego destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:

1. Colaboración no desenvolvemento de actividades de fomento do emprego: Ata 10 puntos.
 - 1.1. Valorarase a colaboración coa concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nas accións de fomento do emprego, da formación, o asesoramento e a inserción laboral.
2. Calidade e viabilidade técnica e económica do proxecto.- Ata 10 puntos.
 - 2.1. Valoraranse o proxecto de actividades, atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:
 - a) Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais
 - b) Que se baseen na análise das necesidades existentes no entorno, que teñan unha viabilidade técnica, sexan interasociativos e incidan no entorno.
 - c) Estean dirixidos á promoción dos sectores de poboación mais desfavorecidos.
 - d) Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na realización das actividades que fundamentan a concesión da subvención
 - e) Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede.
 - f) Maior número de actividades desenvolvidas, a diversidade de contidos, a súa duración

No caso de que a proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de cinco puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.

3. Calidade e cantidade dos contratos.- Ata 30 puntos.
 - 3.1. Número de beneficiarios/as 1 punto por contrato.
 - 3.2. O tempo de duración do contrato:
 - a) 2 meses 1,00 puntos por contrato.
 - b) 3 meses 1,25 puntos por contrato.
 - c) 4 meses 1,50 puntos por contrato.
 - d) 5 meses 1,75 puntos por contrato.

- | | |
|--|---------------------------|
| e) 6 meses | 2,00 puntos por contrato. |
| f) 7 meses ou máis | 2,25 puntos por contrato. |
| 3.3. Xornada: | |
| a) Completa | 1,00 puntos por contrato |
| b) Reducida superior ao 50% da xornada contrato | 0,75 puntos por contrato |
| c) Reducida igual ou inferior ao 50% e superior ao 15% | 0,50 puntos por contrato |
| d) Reducida igual ou inferior ao 15% | 0,25 puntos por contrato |

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados pola entidade xunto co seu propio coñecemento, a través dos datos existentes nos Servizos da área de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo.

A non xustificación da subvencións outorgadas no 2015 polo procedemento de concorrencia competitiva, ou a súa xustificación fora de prazo, será causa de desestimación da/s solicitudes.

Noveno. Outros datos.

As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e no Servizo de Información do Concello de Vigo.

A beneficiaria, no prazo dun (1) mes a contar desde finalíceo das accións de fomento do emprego subvencionado, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos

Para facilitar a administración da axuda concedida poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos.

Décimo: Publicación.

A presente convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase conforme o establecido nin artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, en aplicación dos principios recolleitos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de "Subvencións para o fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro" en:

A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días naturais para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.

As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

As subvencións concedidas remitiranse á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito presupostario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO EN ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO.

BASE 1ª.- OBXECTO, FINALIDADE E BENEFICIARIAS DAS SUBVENCIÓNS

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en

*régime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás entidades sen ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, social, sindical, as comunidade de montes, as entidades empresariais e as deportivas, constituídas legalmente como tales, para o fomento do emprego entre os veciños e veciñas de Vigo, realizadas ou pendentes de levar a cabo desde o **1 de xaneiro ao 30 de setembro de 2016**. Están dirixidas a fomentar o emprego, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía, xa que ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de desempregados e desempregadas na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coas organizacións con presenza na cidade de Vigo, de tal xeito que se mellore a prestación de servizos de información, formación e asesoramento as persoas en situación de desemprego cara a busca de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.*

A efectos da presente convocatoria, e coa finalidade de ter en conta a diversidade e heteroxeneidade das entidades as que va dirixida, se convocan os programas que deseguido se relaciona en función das súas características cara ao fomento do emprego e a inserción laboral e da mellora no funcionamento das entidades, no cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades:

- ✓ Programa I: “Entidades veciñais e culturais”
- ✓ Programa II: “Entidades sociais e asistenciais”
- ✓ Programa III: “Organizacións sindicais”
- ✓ Programa IV: “Entidades empresariais”
- ✓ Programa V: “Comunidades de Montes”.
- ✓ Programa VI: “Entidades deportivas”

A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego e da participación cidadá, en particular:

- *Facilitar a adquisición de experiencia laboral a persoas en situación de desemprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia.*
- *Fomentar a contratación exclusivamente de persoas empadroadas no Concello de Vigo, cando menos desde o 1 de xaneiro de 2015.*
- *Contribuír á existencia e funcionamento ordinario das asociacións veciñais, culturais, sindicais, sociais, empresariais, deportivas e as comunidade de montes, para mellora do emprego e a defensa de intereses xerais e sectoriais.*
- *Potenciar a xeración e continuidade de grupos e programas de actuación estables, sin prexuízo da diversidade de actividades programadas.*
- *Avaliar os resultados dos programas e actividades sociais realizados a fin de determinar as necesidades reais existentes.*
- *Facilitar a inserción laboral de todos os sectores de poboación e fundamentalmente dis mais desfavorecidos.*
- *Fomentar a contratación para o desenvolvemento de actividades, servizos, o emprego de novas tecnoloxías, e os programas formativos nas propias sedes das asociacións.*
- *Apoiar ás entidades asociativas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento da inserción laboral e a participación cidadá, nos que se poden incluír actuacións nos campos da cultura, o benestar social, o ocio, o voluntariado, o asesoramento e fomento do emprendemento, a formación profesional e a integración veciñal, en xeral, de contido laboral e sociocomunitario.*
- *Avaliar os resultados dos programas e actividades socio/deportivos realizados a fin de determinar as necesidades reais existentes.*

- *Apoiar ás entidades deportivas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento da inserción laboral e a participación cidadá, nos que se poden incluír calquera das actuacións vinculadas coas propias necesidades da xestión da diversidade dos proxectos destas entidades.*
- *Fomentar as actividades ocupacionais e informativas de cara a unha integración laboral.*
- *Incidir na información, formación e promoción de condutas, valores cívicos e éticos en xeral, así como a promoción da sociedade plural e non discriminatoria (tolerancia, solidariedade, respecto a diversidade e integración).*
- *Programas de sensibilización e ampliación dos recursos propios a través de captación de novos asociados, doazóns e colaboracións e o fomento do emprendemento.*

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as asociacións veciñais, culturais, sociais, sindicais, comunidade de montes, deportivas e entidades empresariais, sen ánimo de lucro, que en función do programa deberán estar inscritas, nos epígrafes que a continuación se relacionan do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), ou teñan iniciado o trámite de inscrición no servizo de Participación Cidadá que cumprindo os requisitos e finalidade da mesma, fomenten o emprego, o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades relacionadas co emprego, a cultura, a asistencia, o lecer, o deporte e a mellora da empregabilidade que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

- | | | |
|-----------------|---|---------------------------------------|
| ✓ Programa I: | <i>“Entidades veciñais e culturais”</i> | <i>Epígrafes 10.1 e 10.5.</i> |
| ✓ Programa II: | <i>“Entidades sociais e asistenciais”</i> | <i>Epígrafes 1, 2, 4.1 e 9.1.</i> |
| ✓ Programa III: | <i>“Organizacións sindicais”</i> | <i>Epígrafes 5.1</i> |
| ✓ Programa IV: | <i>“Entidades empresariais”.</i> | <i>Epígrafes 5.2</i> |
| ✓ Programa V: | <i>“Comunidades de Montes”.</i> | <i>Epígrafe 10.7</i> |
| ✓ Programa VI: | <i>“Entidades deportivas”</i> | <i>Epígrafes 3.0.0, 3.1.1 e 3.1.2</i> |

BASE 2ª.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarios as entidades, sen ánimo de lucro, que reúnan os seguintes requisitos:

- 1. Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.*
- 2. Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.*
- 3. Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, as entidades deportivas, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases, e que veñan desenvolvendo actividades de promoción do deporte, cando menos nas ultimas duas tempadas deportivas.*
- 4. Que dispoñan dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para acadalos.*
- 5. Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo na convocatoria anterior.*
- 6. Que acrediten que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, co Concello de Vigo, coa Seguridade Social mediante a presentación das correspondentes certificacións nos termos dos art. 22 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co art. 23 do mesmo.*
- 7. O interesado poderá autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo para consultar dita información tributaria na Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT). Noutro caso, será preciso achegar a oportuna certificación.*

8. Non estar incursas as persoas físicas ou entidades ou as persoas que ostentan a representación legal das mesmas, nalgún dos supostos de prohibición o circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a

9. Acompañar á solicitude a documentación preceptiva detallada na Base novena desta convocatoria.

10. Que non exista no orzamento municipal vixente consignación presupostaria nominativa ao seu favor para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio de colaboración, para o fomento do emprego.

11. Realizar convocatoria pública da oferta de emprego cando menos 5 días antes da realización da selección mediante:

a) Inserción de anuncios na páxina web e/ou rede social da entidade.

b) Inserción na páxina web municipal "Asociacións en rede" (<http://asociacións.vigo.org>), no formato establecido no Anexo VII, de non estar de alta na mesma, será enviado pola entidade en formato digital ao enderezo electrónico ofi.emplo@vigo.org, cando menos con un día de antelación a data de publicación.

c) Exposición da convocatoria no taboleiro de anuncios do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e no Centro Municipal de Emprego, no formato establecido no Anexo VII, que será enviado pola entidade en formato digital ao enderezo electrónico ofi.emplo@vigo.org, cando menos con un día de antelación a data de publicación.

12. O secretario de cada entidade certificará a publicación das ofertas de emprego ante a Comisión de seguimento, dos postos a contratar e como máximo dun/dunha traballador/a con unha antigüidade mínima de 6 meses na entidade solicitante imprescindible para o desenvolvemento das actividades solicitadas, do que poderá solicitar ata un máximo do 50% dos seus custes salariais, conforme a base terceira apartados 1, 2, 3, 4 e 6.

BASE 3º.- GASTOS SUBVENCIONABLES

En xeral, son gastos subvencionables os que, de xeito indubitado, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido por estas bases reguladoras.

A efectos desta subvención, sempre e cando se acredite a realización das contratacións, para o desenvolvemento das actividades que motivan a súa concesión, considéranse gastos subvencionables, os realizados dentro do ano da convocatoria entre os meses de xaneiro e setembro que se revelen como obxectivamente necesarios para que as asociacións poidan cumprir os fins que lle son propios ou derivados especificamente das contratacións realizadas para o desenvolvemento das actividades programadas, e que teñan acomodo no obxecto de convocatoria:

1- Programa I: "Entidades veciñais e culturais" epígrafes do RMA 10.1 e 10.5.:

- Custes salariais derivados do persoal contratado con cargo a subvención.
- Custes de seguridade social a cargo da entidade do persoal contratado con cargo a subvención.
- Ata un máximo do 50 % dos custes salariais e de seguridade social a cargo da entidade dun/dunha traballador/a con unha antigüidade mínima de 6 meses na entidade solicitante, previa xustificación da súa necesidade que deberá quedar suficientemente demostrada no Anexo V, para a dirección e/ou coordinación do proxecto.
- Gastos financeiros e de xestión relacionados cos contratos do persoal obxecto da subvención. Só poderán imputarse ata un máximo do 1,50% do importe total dos custes salariais e de seguridade social a cargo da entidade.

2.- Programa II: "Entidades sociais e asistenciais" epígrafes 1, 2, 4.1 e 9.1.

- Custes salariais derivados do persoal contratado con cargo a subvención.
- Custes de seguridade social a cargo da entidade do persoal contratado con cargo a subvención.
- Ata un máximo do 50 % dos custes salariais e de seguridade social a cargo da entidade dun/dunha traballador/a con unha antigüidade mínima de 6 meses na entidade solicitante , previa xustificación da súa necesidade que deberá quedar suficientemente demostrada no Anexo V, para a dirección e/ou coordinación do proxecto.
- Gastos financeiros e de xestión relacionados cos contratos do persoal obxecto da subvención. Só poderán imputarse ata un máximo do 1,50% do importe total dos custes salariais e de seguridade social a cargo da entidade.

3.- Programa III: "Organizacións sindicais" epígrafes 5.1

- Custes salariais derivados do persoal contratado con cargo a subvención.
- Custes de seguridade social a cargo da entidade do persoal contratado con cargo a subvención.
- Ata un máximo do 50 % dos custes salariais e de seguridade social a cargo da entidade dun/dunha traballador/a con unha antigüidade mínima de 6 meses na entidade solicitante , previa xustificación da súa necesidade que deberá quedar suficientemente demostrada no Anexo V, para a dirección e/ou coordinación do proxecto.
- Gastos financeiros e de xestión relacionados cos contratos do persoal obxecto da subvención. Só poderán imputarse ata un máximo do 1,50% do importe total dos custes salariais e de seguridade social a cargo da entidade

4.- Programa IV: "Entidades empresariais" epígrafes 5.2

- Custes salariais derivados do persoal contratado con cargo a subvención.
- Custes de seguridade social a cargo da entidade do persoal contratado con cargo a subvención.
- Ata un máximo do 50 % dos custes salariais e de seguridade social a cargo da entidade dun/dunha traballador/a con unha antigüidade mínima de 6 meses na entidade solicitante , previa xustificación da súa necesidade que deberá quedar suficientemente demostrada no Anexo V, para a dirección e/ou coordinación do proxecto.
- Gastos financeiros e de xestión relacionados cos contratos do persoal obxecto da subvención. Só poderán imputarse ata un máximo do 1,50% do importe total dos custes salariais e de seguridade social a cargo da entidade

5.- Programa V: "Comunidades de Montes" epígrafes 10.7

- Custes salariais derivados do persoal contratado con cargo a subvención.
- Custes de seguridade social a cargo da entidade do persoal contratado con cargo a subvención.
- Gastos financeiros e de xestión relacionados cos contratos do persoal obxecto da subvención. Só poderán imputarse ata un máximo do 1,50% do importe total dos custes salariais e de seguridade social a cargo da entidade.

6.- Programa VI: "Entidades deportivas sen animo de lucro" epígrafes RMA 3.0.0, 3.1.1 e 3.1.2"

- Custes salariais derivados do persoal contratado con cargo a subvención.
- Custes de seguridade social a cargo da entidade do persoal contratado con cargo a subvención.
- Ata un máximo do 50 % dos custes salariais e de seguridade social a cargo da entidade dun/dunha traballador/a con unha antigüidade mínima de 6 meses na entidade solicitante , previa xustificación da súa necesidade que deberá quedar suficientemente demostrada no Anexo V, para a dirección e/ou coordinación do proxecto.

- Gastos financeiros e de xestión relacionados cos contratos do persoal obxecto da subvención. Só poderán imputarse ata un máximo do 1,50% do importe total dos custes salariais e de seguridade social a cargo da entidade.

En ningún caso serán subvencionables:

- intereses, recargos e sancións administrativas e penais
- os gastos de procedementos xudiciais

En ningún caso, o custe dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

BASE 4ª.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

a) A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio presupostario (2016) é de 1.000.000,00 € (un millón euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800000 “Programa de axudas ao plan de emprego municipal”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo. distribuídos do seguinte xeito:

1.- Programa I “Entidades veciñais e culturais”: 150.000,00 € (cento cincuenta mil euros) que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal” do vixente exercicio presupostario.

A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 40.000 €.

2.- Programas II: “Entidades sociais e asistenciais”: 200.000,00 € (dous centos mil euros), que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal” do vixente exercicio presupostario.

A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 40.000 €.

3.- Programa III: “Organizacións sindicais”: 100.000,00 € (cen mil euros) que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal” do vixente exercicio presupostario.

A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 40.000 €.

4.- Programa IV: “Entidades empresariais”: 200.000,00 € (dous centos mil euros), que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal” do vixente exercicio presupostario.

A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 40.000 €.

5.- Programa V: “Comunidades de Montes”: 145.000,00 € (cento coarenta e cinco mil euros), que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal” do vixente exercicio presupostario.

6.- Programa VI: “Entidades deportivas”: 205.000,00 € (douscentos cinco mil euros), que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000,

denominada "Programa de axudas ao plan de emprego municipal" do vixente exercicio presupostario.

A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 25.000 €.

b) O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, aillada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actividade ou actuación subvencionada.

c) A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

BASE 5ª.- ANTICIPO A CONTA

Para facilitar a administración da axuda concedida poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coas entidades destinatarias da convocatoria."

BASE 6ª.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓNS

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada, en cuxo caso, procederase na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS).

De existir no orzamento municipal vixente consignación presupostaria nominativa ao favor dunha entidade para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio, para axudar ao financiamento da contratación e de gastos comprendidos en calquera dos Programas subvencionados segundo estas bases, a entidade solicitante non poderá concorrer na presente convocatoria nos referidos Programas.

BASE 7ª.- DESESTIMACIÓN DAS SOLICITUDES

Unha vez estudados os proxectos presentados polas asociacións, desestimaranse as seguintes solicitudes:

1- Cando as actividades que se pretenden fomentar, segundo memoria achegada:

- Non se axusten aos fins e obxectivos perseguidos nesta convocatoria.
- Supoñan a edición de documentos internos ou externos de signo exclusivamente propagandístico.
- Aquelas de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
- Actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.
- Aquelas que, en consideración ao proxecto e programación, non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, non acadando a puntuación mínima na valoración específica da memoria de actividades, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos e finalidades da convocatoria.
- Cando non se axuste á solicitude o proxecto de actividades que fundamentan a concesión da subvención.

2- Con carácter xeral:

- A non xustificación ou xustificación fora de prazo das subvención do ano anterior.
- Aqueles solicitudes de subvención cando sexan achegadas por entidades que non estean debidamente inscritas nos epígrafes establecidos nos programas do Rexistro Municipal de Asociacións.
- Aqueles solicitudes para Programas que comprenden gastos subvencionables que xa foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo ou subvencionados pola Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos no vixente exercicio orzamentario.
- Cando no vixente orzamento municipal exista consignación nominativa a favor da asociación para a formalización dun convenio de colaboración para axudar ao financiamento de gastos comprendidos nalgún dos Programas subvencionables nesta convocatoria, desestimaranse as solicitudes do/s referido/s Programa/s.
- En xeral, as solicitudes daquelas entidades que non cumpren os requisitos establecidos na Base Segunda desta convocatoria e na lexislación vixente aplicables para acadar a condición de beneficiarias
- Cando a entidade non atende, no prazo de dez (10) días, ao requirimento de presentación de documentación, información o aclaracións, realizado pola Comisión de Valoración, esta proporá a desestimación da/s solicitude/s de subvención/s

BASE 8ª.- OBRIGAS QUE ASUMEN AS ENTIDADES SUBVENCIONADAS

Os beneficiarios das subvencións conforme a presente normativa, están obrigados a:

1. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como, a realización das actividades que fundamentan a concesión das axuda na forma, prazos e termos establecidos na memoria.
2. Acreditar que se realizaron os contratos e os gastos subvencionados asumindo as obrigas (salarios, impostos, permisos, seguros, ...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.
3. Para os efectos de difusión pública, en todo o lugar ou lugares onde se realicen as actividades, deberá figurar de forma visible, cartel informativo, segundo o Anexo VI aprobado nesta convocatoria e que estará a disposición no Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego para todas aquelas entidades que o soliciten, no que constará o financiamento do Concello de Vigo. Así mesmo, no taboleiro de anuncios e na páxina web da entidade, ata a finalización do ano 2016, publicitarase que o Concello de Vigo colaborou no financiamento das gastos de contratación e fomento do emprego da

asociación e, en xeral, da inserción laboral, o fomento do emprego, do asociacionismo e da participación cidadá.

4.Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario levar a cabo, para o que facilitará toda a información e documentación complementaria que se lle requira

5.Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.

6.Cumprir as condicións que se establecen nestas Bases para a concesión da subvención.

7.Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, por canto poderán ser obxecto de actuación de comprobación e control.

8.Comunicar, con motivo da xustificación da subvención, a obtención doutras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, así como, outros ingresos ou recursos que financien a mesma.

9.Estar ao corrente fronte ás súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

10.Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.

11.Cumprir coas demais obrigas establecidas no art. 14 da LXS.

BASE 9ª.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

1- As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e no Servizo de Información do Concello de Vigo. Os solicitantes deberán achegar:

a) Anexo I “Solicitud”: Unha solicitude de participación, con expresión, segundo proceda, de:

- datos da entidade solicitante
- datos do/a representante legal
- domicilio a efectos de notificación
- datos do proxecto (contía solicitada)
- lugar, data, sinatura e selo

b) Anexo II: Declaración xurada de cumprimento dos requisitos.

c) Anexo III: Ficha de solicitude de transferencia bancaria.

d) Anexo IV: Declaración xurada das axudas solicitados e/ou concedidas,

e) Anexo V: “Proxecto de contratacións e actividades a realizar no 2015”.

f) Fotocopia compulsada do CIF da entidade.

g) Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, no será esixible a súa presentación, sempre que se nos indique o número de expediente no que obran.

No será preciso a súa presentación, no caso do certificado de non ter débedas pendentes coa facenda estatal, mediando autorización da entidade solicitante para a obtención da información tributaria por medios informáticos ou telemáticos.

En todo caso, o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego comprobará de oficio que as entidades solicitantes das subvencións están ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Vigo.

f) Calquera outra comunicación de modificación ou actualización de datos da entidade que consideren relevante (declaración de utilidade pública, honras, distincións...), podendo, así mesmo, acompañar os elementos que estimen convenientes para completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes.

1- Porén, o solicitante poderá acollerse ao establecido no art. 35.f) da Lei 30/92, de 26 de novembro, de RXAP e PAC, en relación co dereito a non presentar documentos que obren en poder da administración convocante, sempre que se faga constar a data e órgano ou dependencia na que foron presentados, ou, no seu caso, o número de expediente ou procedemento no que se fixeron valer.

2- O departamento convocante pode requirir, canda outra documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria considere necesaria, así como, complementar a información facilitada pola entidade, para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

3- Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos nesta convocatoria, o órgano competente requirirá á interesada para que subsane a falta no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, co apercibimento de que se non o fai terásele desistido da súa petición previa resolución.

4- En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s, individualmente consideradas por Programas, desistimento que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando conclusivo/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 90 e 91 da Lei 30/92, de RXAP e PAC.

BASE 10ª.- PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, segundo o disposto na Base anterior, será de 10 días naturais, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvenciones, nos termos do art. 48 da LRXAP e PAC.

As solicitudes poderán achegarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou en calquera dos rexistros e oficinas que, ao respecto, establece o artigo 38.4 da mesma.

BASE 11ª.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Emprego destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas

proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:

1. Colaboración no desenvolvemento de actividades de fomento do emprego: Ata 10 puntos.
 - 1.1. Valorarase a colaboración coa concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nas accións de fomento do emprego, da formación, o asesoramento e a inserción laboral.

2. Calidade e viabilidade técnica e económica do proxecto.- Ata 10 puntos.
 - 2.1. Valoraranse o proxecto de actividades, atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:
 - a) Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais
 - b) Que se baseen na análise das necesidades existentes no entorno, que teñan unha viabilidade técnica, sexan interasociativos e incidan no entorno.
 - c) Estean dirixidos á promoción dos sectores de poboación mais desfavorecidos.
 - d) Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na realización das actividades que fundamentan a concesión da subvención
 - e) Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede.
 - f) Maior número de actividades desenvolvidas, a diversidade de contidos, a súa duración

No caso de que a proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de cinco puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.

3. Calidade e cantidade dos contratos.- Ata 30 puntos.
 - 3.1. Número de beneficiarios/as 1 punto por contrato.
 - 3.2. O tempo de duración do contrato:
 - a) 2 meses 1,00 puntos por contrato.
 - b) 3 meses 1,25 puntos por contrato.
 - c) 4 meses 1,50 puntos por contrato.
 - d) 5 meses 1,75 puntos por contrato.
 - e) 6 meses 2,00 puntos por contrato.
 - f) 7 meses ou máis 2,25 puntos por contrato.

 - 3.3. Xornada:
 - a) Completa 1,00 puntos por contrato
 - b) Reducida superior ao 50% da xornada contrato 0,75 puntos por contrato
 - c) Reducida igual ou inferior ao 50% e superior ao 15% 0,50 puntos por contrato
 - d) Reducida igual ou inferior ao 15% 0,25 puntos por contrato

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados pola entidade xunto co seu propio coñecemento, a través dos datos existentes nos Servizos da área de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo.

A non xustificación da subvencións outorgadas no 2015 polo procedemento de concorrencia competitiva, ou a súa xustificación fora de prazo, será causa de desestimación da/s solicitudes.

BASE 12ª.- PROCEDIMIENTO: INSTRUCCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA

1.- O Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta o defectuosa, requirirase á solicitante para que subsane no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, transcorrido o cal, teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución.

2.- Pola xefatura do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, poderá dispoñerse a realización das oportunas comprobacións sobre a veracidade dos datos achegados polas entidades solicitantes, podendo solicitar os informes que considere necesarios para a mellor valoración das solicitudes e resolución do expediente.

3.- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle aos/ás técnicos de Desenvolvemento Local e Emprego, que poderán realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobacións dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

4.- A avaliación das solicitudes de subvención de cada un dos Programas, conforme aos criterios sinalados na Base Décima, realizarase pola Comisión de Valoración, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: O concelleiro delegado da Área de de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos ou concelleiro en quen delegue.
- 2 Vogais: O xefe de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e un/unha técnico do mesmo.
- 1 Secretario: Actuará como secretario un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

O concelleiro delegado da Área, resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión.

A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera conveniente.

Nunha fase de preavaliación verificarase o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidades beneficiarias das subvencións.

5- As solicitudes avaliaranse con arreglo á documentación achegada, no seu caso, ós informe emitidos, ás limitacións presupostarias existentes e ós criterios de avaliación establecidos na Base Décima.

6- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano colexiado emitirá informe no que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor formulará proposta de resolución ao órgano concedente, previo informe no que conste que da información que obra no seu poder despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

7- O órgano instrutor poderá modificar á baixa o período de contratación solicitado e/ou o número máximo de traballadores e traballadoras que se vaian subvencionar, segundo entenda xustificadamente o obxecto e necesidade do proxecto, así como as funcións que van levar a cabo as mesmas.

A proposta de modificación realizarase en base a seguinte prelación:

- 1.Redución do período de contratación sempre que non desvirtue os obxectivos do proxecto presentado.
- 2.Redución da xornada laboral do persoal a contratar e ata un mínimo do 50 %”
- 3.Redución do porcentaxe dos custes salariais do persoal da entidade con cargo ao proxecto”
- 4.Redución do número de persoas desempregadas a contratar”.

8- Correspóndelle á Xunta de Goberno Local, no prazo de catro meses, que se computará a partir da publicación desta convocatoria, a resolución motivada do procedemento, que conterá a relación de solicitantes aos que se lle concede a subvención, facendo constar, expresamente, a desestimación do resto de solicitudes.

9- A resolución do procedemento poderá notificarse ás entidades beneficiarias, ou ben, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva, substituírse dita notificación pola publicación na páxina web (www.vigo.org) e no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, conforme ao art. 59.6.b) da Lei 30/92, de 26 de novembro, de RXAP e PAC.

No caso de optar pola notificación, en todo caso, durante o mes seguinte a cada trimestre natural, publicarase no BOP as subvencións concedidas, individualmente consideradas, cuxo importe sexa de contía superior a 3.000 €, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado. As que non superen dita contía serán obxecto de publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na páxina web do Concello.

Dende o día seguinte a recepción das notificacións de resolución polas interesadas ou, no seu caso, dende o día seguinte á publicación da resolución, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a aceptación ou renuncia da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito no Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tácitamente aceptada.

10- O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 43.3.b) la Lei 30/92 ao respecto.

11- Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesma, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contáranse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou de desestimación do recurso de reposición.

12.- A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida, total ou individualmente por Programas, renuncia que será aceptada de plano polo administración concedente, declarando conclusivo o/s procedemento/s correspondente, de conformidade cos artigos 90 e 91 da Lei 30/92, de RXAP e PAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos no vindeiro exercicio presupostario.

13.- O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas, doutro/s dos programas a proposta da comisión de avaliación, distribuindo o mesmo proporcionalmente ao importe total solicitado por cada un dos programas.

BASE 13ª.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA

A beneficiaria, no prazo de un (1) mes a contar desde o remate das accións de fomento do emprego subvencionado, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha memoria e unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

•**Memoria de actividades realizadas**, conforme ao proxecto achegado coa solicitude, que fundamentaron a concesión da/s subvención/s realizadas, e na que deberá figurar, como mínimo, e para cada unha delas, a seguinte información:

- Denominación
- Financiamento.
- Contratacións realizadas:
 - Novas contratacións:
 - Denominación do/s posto/s.
 - Perfís profesionais
 - Persoas contratadas.
 - Período de contratación.
 - Xornada laboral indicando horarios de desenvolvemento das actividades.
 - Contratos do persoal da entidade para o desenvolvemento do proxecto:
 - Denominación do posto.
 - Perfil profesional.
 - Persoa asignada ao proxecto.
 - Período de traballo.
 - Xornada laboral indicando horarios de desenvolvemento das actividades.
 - Nos cursos de formación realizados ao persoal contrato con cargo á subvencións explicitarase:
 - Programa do curso.
 - Horas de formación.
 - Identificación dos participantes e do monitor/a con apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
 - Actuacións realizadas por persoal contratado con cargo á subvención.
 - Datas e lugar de celebración.
 - Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
- Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada co fomento do emprego.
- Memoria de prensa e comunicación.
- Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado do lugar de traballo e na páxina web da entidade ou en calquera outra na que se difundan as actividades desenvolvidas polo persoal contratado e/ou asignado con cargo á subvención, do logotipo e/ou cartel oficial da convocatoria do Concello de Vigo, e para cada unha das actividades levadas a cabo, a difusión pública do cofinanciamento, en todo caso, para a actividades executadas con posterioridade á presentación das solicitudes de subvencións.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.”

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación en vigor desde o 1 de xaneiro de 2013. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

As Retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- 1. Copia autenticada do contrato.*
- 2. Copia autenticado do contrato e/ou vida laboral do persoal da entidade con cargo a subvención.*
- 3. Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.*
- 4. Copia autenticada das nóminas correspondente aos meses imputados.*
- 5. Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.*
- 6. Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.*

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou por medio dunha declaración responsable en aqueles supostos previsto no artigo 31.7.e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto, se as obrantes no expediente de concesión, seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

Non será preciso achegar os certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias fronte á Axencia Tributaria, se a entidade autorizou, expresamente, ao Concello de Vigo para a súa expedición por medios telemáticos ou informáticos.

En todo caso, o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego comprobará de oficio que as entidades solicitantes das subvencións están ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Vigo.

Para o caso de que a entidade beneficiaria declare ter recibido outras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma

*finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar **fotocopia compulsada da resolución de concesión** das mesmas.*

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, éste requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia da reintegro y demás responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencions. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancions que, conforme á Lei Xeral de Subvencions, correspondan.

BASE 14ª.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCÍONS

No caso de ser incompleta ou defectuosa a documentación achegada, concederáse a entidade beneficiaria un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para a súa subsanación ou entrega, transcorridos os cales, sen atender ao requirimento, teranse por desistidos da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos no art. 42 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

De conformidade cos documentos xustificativos achegados, o persoal técnico do Servizo de Participación Cidadá será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como informar sobre a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará ao expediente, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, a desestimación o desistimento da solicitude, así como, a renuncia á subvención.

BASE 15ª.- OBRIGA DE INFORMACIÓN

As entidades beneficiarias deberán facilitar toda a información e documentación que, que en relación aos expediente de subvencions, lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, así como, pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencions.

BASE 16ª.- ABOAMENTO

O aboamento das subvencions efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificada.

Antes de proceder ao pago das subvencions, a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable en aqueles supostos previsto no artigo 31.7.e) da Lei 9/2007 de Subvencions de Galicia, noutro caso a acreditación deberá facerse conforme o sistema xeral a través de certificados que prevé o artigo 22 do R.D 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencions.

Así mesmo, deberá comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencions, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

BASE 17ª.- PÉRDIDA DO DEREITO AO COBRO: REVOGACIÓN, MINORACIÓN, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

a) Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e, por ende, á súa revogación, o incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases-convocatoria e, en particular de:

- A obriga de xustificación no prazo legalmente establecido
- A non achega da memoria de actividades ou cando a mesma non se axusta aos termos da Base Décimo Segunda.
- As obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias, establecidas nestas Bases, con motivo da concesión das subvencións
- Finalidade para a que se concederon que determinou o seu outorgamento
- Adopción de medidas de difusión do financiamento pública recibida nos termos previstos nestas Bases
- Ocultación ou falsidade de datos e/ou documentos ou obtención de subvencións falseando as condicións requiridas para iso.
- Concorrenza de calquera outra das causas previstas no art. 37 da LXS.

O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a revogación total ou parcial da subvención, adoptarase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á entidade co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Participación Cidadá.

No caso de que, por concorrencia de subvencións, a contía das axudas superen o custe do proxectos subvencionados, procederá a redución ou minoración da subvención no exceso, no seu caso, reintegro das cantidades percibidas indebidamente.

b) Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de perda do dereito ao cobro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.

c) Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da LXS. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

d) En canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas, e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvención de Galicia, e o RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que aprobou o Regulamento de Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

BASE 18ª.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos das entidades solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a

concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os referidos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Servizo de Participación Cidadá do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Participación Cidadá do Concello de Vigo.

BASE 19ª.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

1. O concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

2. Tres vocais:

a) Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, que actuará como secretario da comisión.

b) Dous a membros nomeados pola Xunta directiva da entidade.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, que se convocará a petición da entidade solicitante unha vez realizada a convocatoria pública de emprego, conforme á Base 2ª e teña unha proposta de contratación, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- Realizar a selección de persoal a contratar, conforme a proposta motivada presentada pola entidade e propor as contratacións de persoal a realizar.
- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- Supervisar o cumprimento da normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

BASE 20ª.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2016, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

BASE 21ª.- PUBLICIDADE.

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de

17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de "Subvencións para o fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro" en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días naturais para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación según cada caso, da convocatoria, o programa e crédito presupostario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA O FOMENTO DO EMPREGO EN ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO PARA O ANO 2016.

Extracto do acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de dd/mm/aaaa, polo que se convocan as subvencións para o fomento do emprego en entidades sen ánimo de lucro para o ano 2016.

?De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a de a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. Beneficiarios:

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as asociacións veciñais, culturais, sociais, sindicais, comunidade de montes, deportivas e entidades empresariais, sen ánimo de lucro, que en función do programa deberán estar inscritas, nos epígrafes que a continuación se relacionan do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), ou iniciasen trámite de inscrición no servizo de Participación Cidadá que cumprindo os requisitos e finalidade da mesma, fomenten o emprego, o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades relacionadas co emprego, a cultura, a asistencia, o lecer, o deporte e a mellora da empregabilidade que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

Programa I: "Entidades veciñais e culturais"	Epígrafes 10.1 e 10.5.
Programa II: "Entidades sociais e asistenciais"	Epígrafes 1, 2, 4.1 e 9.1.
Programa III: "Organizacións sindicais"	Epígrafes 5.1
Programa IV: "Entidades empresariais".	Epígrafes 5.2
Programa V: "Comunidades de Montes".	Epígrafe 10.7
Programa VI: "Entidades deportivas"	Epígrafes 3.0.0, 3.1.1 e 3.1.2

Segundo. Obxecto.

Mediante o presente acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo convócanse subvencións para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas económicas ás entidades sen ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, social, sindical, as comunidade de montes, as entidades empresariais e as deportivas, constituídas legalmente

como tales, para o fomento do emprego entre os veciños e veciñas de Vigo, realizadas ou pendentas de levar a cabo desde o 1 de xaneiro ao 30 de setembro de 2016. Están dirixidas a fomentar o emprego, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía.

Terceiro. Bases reguladoras

Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de dd/mm/aaaa, e publicadas en <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/index.jsp?ide=0&lang=é>.

Cuarto. Contía.

A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio presupostario (2016) é de 1.000.000,00 ? (un millón euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800000 "Programa de axudas ao plan de emprego municipal", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo. distribuídos da seguinte maneira:

1.- Programa I "Entidades veciñais e culturais": 150.000,00 ? (cento cincuenta mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 40.000 ?.

2.- Programas II: "Entidades sociais e asistenciais": 200.000,00 ? (dous centos mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 40.000 ?.

3.- Programa III: "Organizacións sindicais": 100.000,00 ? (cen mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 40.000 ?.

4.- Programa IV: "Entidades empresariais": 200.000,00 ? (dous centos mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 40.000 ?.

5.- Programa V: "Comunidades de Montes": 145.000,00 ? (cento corenta e cinco mil euros).

6.- Programa VI: "Entidades deportivas": 205.000,00 ? (douscentos cinco mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 25.000 ?.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, será de 10 días naturais, a contar desde o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 48 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común

As solicitudes poderán achegarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou en calquera dos rexistros e oficinas que, ao respecto, establece o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Sexto. Outros datos.

As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e no Servizo de Información do Concello de Vigo.

Para facilitar a administración da axuda concedida poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos.

13(256).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL CASCO VELLO PARA A ORGANIZACIÓN DOS ACTOS DA RECONQUISTA 2016. EXPTE. 6431/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 09/03/16 e o informe de fiscalización do 15/03/16, dáse conta do informe-proposta do 10/03/16, da xefa do servizo de Festas, conformado pola concelleira-delegada de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“Con data 8 de febreiro de 2016, a Concelleira de Festas e Turismo resolveu que se iniciase a instrución do expediente do convenio de colaboración para a organización dos actos lúdico-festivos e conmemorativos deste evento coa Asociación veciñal e cultural Casco Vello.

No ámbito das súas competencias, esta Concellería ten entre os seus principais obxectivos a programación de actividades de dinamización sociocultural nos distintos barrios e parroquias da cidade, e en particular o desenvolvemento da programación estable vinculada ao calendario cultural tradicional e festivo de interese xeral da cidade, onde existe unha contraprestación directa para a mesma, tal como a conmemoración da Reconquista.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e ós municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Así mesmo, conforme os artigos 69 e 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, corresponde ao Concello favorecer o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais da cidadanía e o impulso da participación na xestión da Corporación nos termos que esta estableceza e sen menoscabo das facultades de decisión que corresponden aos órganos representativos reguladas por lei.

A Asociación veciñal e cultural Casco Vello, inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións dende o ano 1988 co nº 49, vén colaborando xunto co Concello de Vigo, na organización e produción deste evento dende o ano 1994, acadando unha importante labor de recuperación e revitalización dunha festividade actualmente en trámite, polo consello da Xunta, da declaración de interese turístico de Galicia.

Ca devandita iniciativa, contribúese a coñecer a historia da cidade dun xeito lúdico, fomentado a participación da cidadanía nestas actividades e recoñecendo o a este Barrio como alternativa cultural e de ocio.

Desta forma, o Concello administra a execución dunha actividade de carácter exclusivo por razón do obxecto e cunha clara contraprestación efectiva, concertando a tal fin unha colaboración en exclusiva, por razón do suxeito, coa Asociación veciñal Casco Vello, o cal determina que o financiamento de 40.000,00 euros se execute contra o capítulo 2 do orzamento.

O presuposto presentado pola Asociación ascende a 81.100 euros; as partidas que serán subvencionadas a través do convenio, e que están recollidas no anexo II son as seguintes: atrezzo, electricidade, pirotecnia, demostracións de oficios, infraestruturas (gastos de persoal e material), promoción, exposición, seguridade, palcos, Porta da Gamboa e pirotécnia.

Este convenio supón unha vantaxe económica na colaboración coa entidade veciñal, que está directamente relacionada cos custos de produción, en particular aqueles derivados do elevado número de persoas que participan como corpo actoral e con tarefas de organización e produción, así como músicos tradicionais, organización e figurantes para as representacións teatralizadas, dirección teatral e musical, etc.

A Asociación Casco Vello detalla nun documento do anexo II do convenio (programa) a información relativa ao número de persoas que participan na Festa da Reconquista 2016 por categorías, e que son as seguintes:

400 persoas voluntarias (corpo de actoral da representación), 250 músicos tradicionais, 84 persoas de organización, 25 persoas de produción (electricistas, técnicos de son, persoal de carga e descarga, montaxe e desmonte de escenarios e atrezzo), 6 persoas de administración e coordinación, e 4 persoas para dirección teatral e musical.

Á vista destes datos, pódese deducir unha estimación económica global vantaxosa, atendendo aos actuais prezos de mercado para a contratación de persoal nas categorías profesionais presentes no anexo I, e que ascende a un total de 369 persoas (ademais das 400 persoas voluntarias do corpo actoral), e tendo en conta o custo por persoa e hora, e a duración do programa da Festas da Reconquista que se desenvolve entre as 10,00 ata e as 23,00 horas dos días 2 e 3 de abril.

O cálculo aproximado dos custos da contratación de 250 músicos de música tradicional sobre un prezo medio de mercado de 20 € hora x 6 horas x 2 días (2 e 3 de abril) ascenderían a 60.000 €. O cálculo aproximado dos custos de contratación de 109 persoas para tarefas de organización, produción, técnicos de son, persoal de carga e descarga, montaxe e desmontes de escenarios sobre un prezo medio de mercado de 16€/ hora x 4horas x 2 días fai un total de 13.952 €.

Non se computan neste cálculo aproximado os custos do corpo actoral por ser persas voluntarias, nin das 4 persoas para dirección teatral musical por descoñecer o número de horas adicadas a estas funcións.

Ao cálculo aproximado de gastos de persoal dos músicos e máis das persoas adicadas as tarefas de organización e produción que ascende a 73.952,00 €, habería que engadirlle os custos da contratación de todos os conceptos recollidos na programación que conforma o anexo I e II do convenio.

O gasto financiarase a partida 3380.227.9904 (Convenio Reconquista), que se ten unha previsión de gasto de 40.000 euros, do programa presupostario do presente exercicio prorrogado.

Incorpórase ao expediente escrito de conformidade da entidade veciñal, certificacións positivas acreditativas de estar ao corrente no pago das obrigas fiscais e Seguridade Social, así como o proxecto e orzamento de gastos e ingresos de produción do evento para a edición deste ano.

Á vista do exposto, previo os informes do secretario de Administración municipal e da Intervención de fondos, coa conformidade da Concelleira de Festas e Turismo faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA.

1º.- Que se aprobe o convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Asociación veciñal e cultural Casco Vello para a organización dos actos da Reconquista 2016.

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 40.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Asociación veciñal e cultural Casco Vello (CIF G-36.645.885), con cargo á aplicación presupostaria 3380.227.9904 (Convenio Reconquista) do programa presupostario de Festas para o vixente exercicio.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente in

PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL CASCO VELLO PARA A ORGANIZACIÓN DOS ACTOS DA RECONQUISTA 2016. (EXPEDIENTE: 6431-335)

Vigo, a marzo de 2016.

REUNIDOS

Dunha parte, dona ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ, na súa calidade de CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE FESTAS E TURISMO DO CONCELLO DE VIGO, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno de data 19 de xuño de 2015.

Doutra parte, D. JOSE MANUEL VEIGA COMESAÑA, PRESIDENTE e en representación da ASOCIACIÓN VECINAL Y CULTURAL CASCO VELLO DE VIGO, CIF G-36645885, con domicilio na cidade de Vigo, rúa Oliva, 12 - 36202 Vigo; no sucesivo A ENTIDADE.

MANIFESTAN

1. Que a Concellería de Festas e Turismo a través do servizo de festas ten como un dos seus principais obxectivos a dinamización sociocultural dos distintos barrios, como elemento clave para a participación das súas veciñas e veciños, e en especial naquelas celebracións relevantes para toda a cidade como é a Reconquista de Vigo.

2. Que a celebración da Reconquista supón unha importante labor de revitalización do barrio histórico da cidade, mediante a organización de diferentes actividades lúdicas cunha notábel participación da cidadanía e converténdose nun acto de referencia no calendario cultural municipal.

3. Que ambas as partes desexan establecer un marco de colaboración económico e organizativo para a celebración da RECONQUISTA 2016, a través de actividades nas que toda a sociedade viguesa teña a oportunidade de participar, xa que na propia lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

Por este motivo, o Concello de Vigo e a mencionada entidade establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polos seguintes

PACTOS

Primeira.- O obxecto do presente convenio é establecer a relación entre A ENTIDADE e O CONCELLO, para a organización conxunta dunha programación conmemorativa da RECONQUISTA 2016 que incluíra as actividades que figuran no Anexo I ao convenio e que perseguen como principais fins:

- a) Dar a coñecer parte da historia da cidade de Vigo.*
- b) Fomentar a participación das xentes dunha forma lúdica.*
- c) Dinamizar cultural e socialmente o barrio.*
- d) Recoñecer o Barrio Histórico da cidade como alternativa cultural e de ocio.*

Segunda.- O CONCELLO establecerá unha contrapartida económica, con todos os conceptos e impostos incluídos, por importe de 40.000 € (coarenta mil euros) que se financiará con cargo a partida 3380.2279904 do programa orzamentario de Festas do vixente exercicio económico.

O presuposto total das actividades obxecto do convenio ascende a 81.100 euros, con todos os conceptos e impostos incluídos, segundo o orzamento presentado pola ENTIDADE (Anexo II ao convenio).

Terceira.- As obrigas que asume A ENTIDADE son as seguintes:

- 1) Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, cumprir o obxectivo e executar o proxecto achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin.*
- 2) Asumir todos os gastos que se deriven da organización destas actividades e obter todos os permisos e autorizacións de carácter non municipal necesarios para a súa realización.*
- 3) Responsabilizarse fronte a calquera dano real ou presunto que se cause a terceiros con ocasión das actividades programadas na Reconquista 2016, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil nº 3RG361000634 de GENERALI ESPAÑA, S.A. de Seguros y Reaseguros, que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento; a ENTIDADE entregou ao CONCELLO copia da póliza que se achega no expediente.*
- 4) Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público, tendo comprobado con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.*
- 5) Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor, de ser o caso, que se xeren pola programación que figura neste convenio.*
- 6) Editar o material gráfico para a difusión das actividades e achegar un mínimo de 50 exemplares á Concellería de Festas dez días antes do comezo do evento; este material terá que ser supervisado antes da súa edición polo persoal técnico do servizo e terá que incluír o logotipo do Concello de Vigo. Ademais, a ENTIDADE terá que dar adecuada publicidade e difusión á actividade, e facer mención desta colaboración en toda a difusión que realice a través dos medios de comunicación.*

7) *Presentar, a través do Rexistro Xeral, memoria xustificativa das actividades obxecto deste convenio, antes da primeira quincena de decembro, que conterá como mínimo os seguintes elementos:*

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación dos actos celebrados, datos de participación, memoria de prensa e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.

Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.

Documentos xustificativos, facturas ou documentos equivalentes no tráfico xurídico mercantil acreditativos do gasto realizado ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio, Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentárase en orixinal. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. ou as normas sobre Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a entidade beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 81.100 euros.”

8) *A comprobación da realización das actividades recollidas no convenio corresponderalle ao persoal técnico do servizo de Festas encargado do seu seguimento, que emitirá informe no que se poña de manifesto a realización das actividades e o cumprimento da finalidade, así como a conformidade cos documentos xustificativos*

presentados. O dito informe incorporarase ao expediente para a súa fiscalización xunto coa conta xustificativa.

9) Todo o material elaborado con cargo ó presuposto do convenio para a representación da Reconquista 2016 (traxes, porta da Gamboa, fusiles, bandeiras, pendóns, etc) é propiedade do Concello de Vigo. Unha vez finalizada a presentación terá que ser depositado (en perfecto estado de conservación e limpeza) nun lugar a determinar pola Concellería de Festas e Turismo.

10)Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades.

11)A ENTIDADE terá que coordinar co departamento de prensa do CONCELLO todas as presentacións e roldas de prensa previstas obxecto deste convenio e do seu desenvolvemento.

Cuarta.- As actividades obxecto deste convenio están destinadas ao público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren.

Quinta.- O CONCELLO aboará o pagamento estipulado na cláusula segunda do convenio 40.000,00 € (coarenta mil euros), mediante transferencia bancaria á conta corrente número IBAN ES962080.5045.89.3040010210, domiciliada na entidade ABANCA da que é titular A ENTIDADE, previa solicitude de pagamento da entidade que terá que presentar polo Rexistro Xeral xunto coa documentación requirida na cláusula 3ª 7 a) e b) do presente convenio antes da primeira quincena de decembro de 2016.

Sexta.- O mecanismo de seguimento deste convenio realizarase mediante a constitución dunha comisión mixta, presidida pola Concelleira de Festas e Turismo composta por dous membros designados polo Concello de Vigo e un pola Asociación Veciñal e cultural Casco Vello; como secretario actuará un/ha técnico/a do Concello.

Sétima.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos do CONCELLO e da ENTIDADE, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Festas do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Oitava.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.

Novena.- Este convenio terá carácter administrativo e rexerese polo establecido nas súas propias cláusulas e no non previsto estarase á regulación da Lei de contratos das administracións públicas para o contrato de servizos.

Décima.- A Concelleira de Festas e Turismo queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

E en proba de conformidade, asinan por triplicado e para un só efecto o presente convenio, no lugar e data que se indican

POLO CONCELLO
A concelleira – delegada da Área
de Festas e Turismo

POLA ENTIDADE

Ana Laura Iglesias González

Jose Manuel Veiga Comesaña

14(257).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DA CESIÓN TEMPORAL DA VIVENDA MUNICIPAL IDENTIFICADA NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS CO Nº F-00473-C-007. EXPTE. 7124/224.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 15/03/16, da xefa do servizo, conformado polo secretario de Admon. Municipal e pola concelleira-delegada de área, que di o seguinte:

“Con data 4 de febreiro de 2009 a Xunta de Galicia, resolve conceder ao Concello de Vigo a autorización de inicio de actividades para tres vivendas de propiedade municipal co obxecto de poder destinalas ao acollemento temporal para mulleres vítimas de violencia de xénero, baixo a tipoloxía de “Vivendas tuteladas” ordenando a anotación destas autorizacións no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais cos seguintes números de identificación: F-00473-C-006, F-00473-C-007, e F-00473-C-008.

O día 15 de marzo de 2016 o equipo de profesionais do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller emite informe no que se expón a problemática familiar da usuaria identificada con DNI num. 44093571H, vítima de violencia de xénero e acollida no Centro de Emerxencia para mulleres en situación de violencia de xénero, xunto coa súa filla menor de idade, desde o día 8 de marzo de 2016, e se reflicte a necesidade de procurarlle un recurso alternativo de acollemento temporal a medio prazo, nunha das vivendas que conforman a rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.

En atención á demanda formulada e á situación descrita no proxecto de intervención emitido polo servizo municipal de atención á muller, a concellería de Igualdade valora necesario que se aprobe a ocupación provisional da vivenda identificada co número F-00473-C-007, co obxecto de que a usuaria identificada con DNI num. 44093571H e a súa filla, a ocupen por un período de 6 meses, a contar desde o 18/03/2016, transcurridos os cales deberán abandonar a vivenda, agás se xustifique a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller.

Durante o período de permanencia na vivenda municipal a unidade familiar recibirá apoio profesional por parte da educadora de apoio asignada e polo equipo multidisciplinar adscrito á concellería de Igualdade.

Por todo o exposto, se propón á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Autorizar a cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número F-00473-C-007 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 7124-224, por un período de 6 meses, transcurridos os cales a unidade familiar deberá abandonar a vivenda, agás se xustifique a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(258).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PROMOCIÓN E DIVULGACIÓN DOS XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS DE O CASTRO E TORALLA. EXPTE. 7845/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 23/02/16 e o informe de fiscalización di 10/03/16, dáse conta do informe-proposta do 19/02/16, da xefe da Ud. de Patrimonio Histórico, conformado pola xefa das áreas da Tenencia, pola concelleira-delegada de Patrimonio Histórico e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“1.- ANTECEDENTES:

Con data 22 de decembro de 2015, a concelleira-delegada de Patrimonio Histórico dictou orde de inicio do expediente para a contratación da PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA PROMOCIÓN E DIVULGACIÓN DOS XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS DE O CASTRO E VILLA ROMANA DE TORALLA.

No expediente inclúense os seguintes documentos:

- Proposta asinada o 21 de decembro de 2015 pola xefa de Patrimonio Histórico xustificativa da necesidade da contratación dos servizos para promoción e divulgación arqueolóxica dos xacementos de O Castro e Toralla.*
- Resolución da concelleira delegada de Patrimonio Histórico, de data 22 de decembro de 2015 para o inicio do expediente de contratación dos servizos de promoción e divulgación dos xacementos arqueolóxicos de O Castro e Toralla.*
- Memoria xustificativa asinada o 29 de decembro de 2015 pola xefa de Patrimonio Histórico e a concelleira delegada de Patrimonio Histórico para a contratación de servizos para promoción e divulgación dos xacementos arqueolóxicos de O Castro e Toralla.*
- Prego de prescricións técnicas para a contratación de servizos de 29 de decembro de 2015 da xefa de Patrimonio Histórico.*
- Informe asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 4 de xaneiro de 2016 na que sinala que, revisada a documentación do expediente, éste reúne a documentación esixida pola lexislación vixente.*
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 19 de xaneiro de 2016.*
- Informe favorable da Titular da Asesoría Xurídica de data 19/01/2016.*
- Con data 08/02/2016, incorpórase dilixencia da xefa do servizo de contratación, na que se recollen tres modificacións no FEC*
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación con data 8 de febreiro de 2016, en substitución do asinado o 19 de xaneiro de 2016, coas modificacións recollidas na dilixencia sinalada no punto anterior.*

2.- CONDICIÓN DEFINITORIAS DO CONTRATO:

a.- Obxecto e natureza do contrato:

O obxecto do presente expediente consiste na prestación dos servizos para a promoción e divulgación arqueolóxica dos xacementos de O Castro e Toralla.

O presente contrato atópase vinculado ás competencias propias previstas no art. 25.2. m) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, en relación á execución de programas de promoción da cultura e equipamentos culturais.

En relación á memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación obxecto deste expediente (artigo 22 do TRLCSP), así como os aspectos relacionados coa "natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato obxecto deste expediente, atópanse relacionadas no PPT e de forma xeral fundamentalmente á atención e información ó público relacionada con estes equipamentos, visitas guiadas a estes espazos e calquera outra actividade encamiñada a súa promoción e difusión e a coordinación xeral de todos estes servizos.

O contrato, polo seu obxecto, será un contrato de servizos, previsto no artigo 10 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo, TRLCSP).

b.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación. A forma de tramitación do expediente é, segundo o PCAP, a ordinaria, regulada nos artigos (artigos 109 e 110 TRLCSP).

O procedemento de adxudicación previsto no PCAP é o aberto en aplicación do artigo 157 do TRLCSP, polo que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

c.- Orzamento base de licitación/partida orzamentaria:

En cumprimento do artigo 87 do TRLCSP, o prezo que servirá como base para a execución deste contrato, determinado en base aos servizos a realizar, que resulta adecuado para o efectivo cumprimento do obxecto do contrato e dacordo cos prezos xerais do mercado, ten un importe máximo anual de 40.000 euros, sendo o importe correspondente o IVE o de 6.942,15 euros.

Dito importe deberá ser de aplicación aos créditos do orzamento do Concello de Vigo do ano 2016, en concreto na partida 3360.2279900 COORDINACIÓN E DIVULGACIÓN PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO.

d.- Criterios de valoración e xustificación:

En relación aos criterios de adxudicación e segundo o recollido no artigo 150 do TRLCSP, para a valoración das proposicións deberá atenderse a criterios directamente vinculados co obxecto do contrato, polo cal en base ao obxecto deste contrato, establécese a valoración por múltiples criterios, para o cal defínense os seguintes criterios baixo os principios de igualdade de trato, non discriminación e transparencia.

En relación a esta opción, e tendo en conta as peculiaridades do obxecto do contrato, darase máis preponderancia a aqueles criterios que tendo unha referencia directa ao obxecto do contrato se puidesen valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas concretas. Polo cal establécese a seguinte proposta de criterios, os cales terán unha aplicación dun 20 % de puntos a criterios avaliábeis por xuízo de valor, e un 80 % a criterios avaliábeis a través de fórmula.

Ademáis dos criterios avaliábeis a través de fórmula, que aseguran o cumprimento dos principios de igualdade e obxectividade, é necesario introducir un criterio avaliábel mediante xuízo de valor no que se teña en conta a calidade da proposta realizada, en concreto o discurso das visitas guiadas, os elementos de seguimento e avaliación, a estratexia comunicativa e outras propostas promocionais, xa que as características destes elementos inflúen decisivamente nun bo funcionamento dos servizos a desenvolver.

e.- Criterios avaliábeis mediante fórmula:

Prezo ofertado: O prezo ofertado polos licitadores valorarase ata un máximo de SESENTA (60) puntos aplicándose esta puntuación dacordo cos seguintes criterios relacionados pola baixa realizada.

O valor da baixa ofertada obterase restando ao prezo de licitación o prezo ofertado polo licitador (en euros).

As fórmulas de aplicación deste criterio serán as que con carácter xeral se establezan nos PCAP, para os cálculos das puntuacións dos criterios, nos se que valore una diminución dos valores propostos pola Administración.

Número de horas anuais: Valorarase ata un máximo de VINTE (20) puntos a ampliación do número de horas anuais de apertura dos equipamentos, respecto do mínimo esixido no proxecto que se establece en 1.500 horas anuais de apertura ao público (resultado da suma dos tres equipamentos).

As fórmulas de aplicación deste criterio serán as que con carácter xeral se establezan nos PCAP, para os cálculos das puntuacións dos criterios, nos se que valore un aumento dos valores propostos pola Administración.

f.- Criterios avaliábeis mediante xuízo de valor:

1.- Proposta técnica: Valorarase ata un máximo de VINTE (20) puntos os seguintes elementos recollidos na proposta técnica:

- 1.- *Descrición detallada do contido das visitas guiadas a cada un dos espazos (mínimo de 30 minutos), que recolla o discurso divulgativo (valorarase ata cinco (5) puntos).*
- 2.- *Estratexia de seguimento e avaliación do programa (valorarase ata cinco (5) puntos).*
- 3.- *Deseño dunha estratexia de información e comunicación do programa (valorarase ata cinco (5) puntos).*
- 4.- *Propostas de actuacións orientadas directamente ao obxectivo de promocionar e divulgar os citados equipamentos (valorarase ata cinco (5) puntos).*

2.- Revisión de prezos: Non procede.

3.- Esixencia de Clasificación: Non se contempla.

4.- Subcontratación: Considérase oportuno a autorización da subcontratación co límite máximo do 50 %.

g.- Prazo de execución e prórroga:

O prazo de execución é de dous anos, e poderá ser prorrogado por dous anos máis, mediante prórrogas anuais.

h.- Medios persoais e materiais a adscribir á execución do contrato:

Tres titulados superiores con estudos en prehistoria e/ou arqueoloxía, grao de arqueoloxía ou equivalente. A adxudicataria deberá aportar, como mínimo, un número de teléfono de contacto, así como unha conta de correo electrónico ao servizo do programa.

i.- Modificación do contrato: Non se contempla.

j.- Responsable do Contrato: A responsable do contrato será a Xefa de Servizo de Patrimonio Histórico.

k.- Seguro: Procede constituir un seguro específico de responsabilidade civil por un importe mínimo de 300.000 euros.

l.- Condicións especiais de execución:

En virtude do artigo 118.1 do TRLCSP, e coa finalidade de “garantir o respecto aos dereitos laborais básicos”, o adxudicatario deberá ter en conta o convenio colectivo de ámbito autonómico de Galicia para a actividade arqueolóxica (anos 2015-2018), publicado no DOG nº 107, do 9 de xuño de 2015.

3.- MODIFICACIÓNS

Con data 28/01/2016, remitiuse a intervención o informe proposta do contrato para a prestación de servizos para promoción e divulgación dos xacementos arqueolóxicos de O Castro e villa romana de Toralla, no que se detectou un erro no cálculo do IVE que xa se procedeu a subsanar.

Asimesmo, e segundo o recollido no artigo 87 do TRLCSP, considérase oportuno clarear a estimación do importe do contrato:

En primeiro lugar, hai que sinalar que no momento de fixar o prezo do contrato debe partirse do principio de control do gasto recollido no artigo 1 do TRLCSP, polo que a interpretación do “prezo xeral do mercado” do artigo 87 non pode entenderse como unha cantidade que non poda minorarse, posto que se pretende o “principio de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos”, como establece o artigo 7 da lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sustentabilidade Financeira”.

Así, e partindo dese principio de control do gasto, tómanse en consideración os contratos do servizo de Patrimonio Histórico nos últimos anos que tiñan por obxecto a realización de actividades de divulgación nos xacementos arqueolóxicos de O Castro e Toralla, e polos que prestaron os seus servizos diferentes profesionais da arqueoloxía.

En concreto, no ano 2015, contratáronse un total de 750 horas por unha cantidade de 21.777,58 euros (IVE engadido), de xeito similar aos anos anteriores, o que resulta un prezo de 29 euros-hora.

Esta cantidade utilízase como referencia aproximada para poder determinar o prezo final do contrato, aínda que tamén se debe ter en conta o convenio colectivo de ámbito autonómico de Galicia para a actividade arqueolóxica (anos 2015-2018), publicado no DOG nº 107, do 9 de xuño de 2015, en virtude do artigo 118.1 do TRLCSP, e coa finalidade de “garantir o respecto aos dereitos laborais básicos”.

Deste xeito, a partida destinada para o ano 2016 á divulgación do patrimonio arqueolóxico ascende á cantidade de 40.000 euros, polo que se recolle no prego de prescricións

técnicas que os horarios de apertura ao público dos equipamentos deben sumar, como mínimo, un total de 1.500 horas anuais (resultado da suma dos tres equipamentos).

En consecuencia, considérase que, partindo dos principios de eficiencia e de control do gasto, con este valor estimado do contrato acádase, por unha banda, un prezo – hora similar ao recollido nos contratos dos anos anteriores nos que se reflectían os prezos de mercado, e por outra banda, garántese o respecto aos dereitos laborais básicos dos traballadores que presten os servizos de divulgación, xa que o convenio colectivo referido anteriormente recolle como salario bruto mensual, na categoría de técnico, 1.732,75 euros, que tendo en conta a xornada laboral semanal de 40 horas (unhas 160 mensuais), resulta unha cantidade aproximada de 11 euros – hora.

En calquera caso, hai que ter en conta que o prezo – hora ao que se fai referencia para estimar o valor do contrato non vai coincidir na súa totalidade co salario – hora dos profesionais que van prestar o servizo de divulgación por diferentes motivos:

– por un lado, ás horas presenciais ás que se fai referencia hai que engadir as necesarias para a preparación do discurso divulgativo, a estratexia de seguimento e avaliación do programa, coa realización dunha memoria mensual das actividades realizadas (requerida no prego técnico), así como todas aquelas encamiñadas á promoción dos equipamentos.

– por outro lado, os gastos derivados da estrutura organizativa necesaria para xestionar o servizo, entre os que cabe engadir o teléfono de contacto e a conta de correo electrónico ao servizo do programa.

–

En tódolos casos non é posible estimar as horas que se van a empregar en realizar estas actividades descritas polo que non poden cuantificarse en termos cuantitativos, polo que se inclúen no valor de 26 euros hora resultante de relacionar o orzamento de licitación co número mínimo de horas presenciais na divulgación dos equipamentos.

4.- PROPOSTA:

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitir informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte:

1º.- Aprobar a contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria da PRESTACIÓN DE SERVICIOS PARA PROMOCIÓN E DIVULGACIÓN DOS XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS DE O CASTRO E VILLA ROMANA DE TORALLA.

2º.- Aprobar o Prego de Prescrición Técnicas Particulares coa regulación dos aspectos técnicos sobre a PRESTACIÓN DE SERVICIOS PARA PROMOCIÓN E DIVULGACIÓN DOS XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS DE O CASTRO E VILLA ROMANA DE TORALLA, asinado pola xefa de Patrimonio Histórico con data 29 de decembro de 2015.

3º.- Aprobar o Prego de Prescricións Administrativas Particulares, asinado pola xefa do Servizo de Contratación con data 8 de febreiro de 2016.

4º.- Autorizar o gasto:

A) Presuposto total: 80.000 € .

B) IVE a soportar pola Administración: 13.884,30 euros.

C) Valor estimado do contrato: 132.231,40 euros.

D) ANUALIDADES CON IVE:

Ano 2016: 26.666,67 euros

Ano 2017: 40.000 euros

Ano 2018: 13.333,33 euros.

Aplicación orzamentaria: 3360.2279900 COORDINACIÓN E DIVULGACIÓN PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO dos orzamentos municipais vixentes.

5º.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(259).- PRODUTIVIDADE POR ENCOMENDA DE FUNCÍONS DE D. FRANCISCO J. GUTIÉRREZ ORÚE, CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2015. EXPTE. 12625/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 08/03/2016, dáse conta do informe-proposta do 17/03/16, da técnica de Formación de RR HH, conformado pola xefa de RR HH e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

“A Intervención Xeral en informe de data 16/02/2016 ao expediente 12625-77 indica na súa conclusión primeira parrafrafo quinto que:

“En canto a liquidación resultante a favor da funcionaria beneficiaria do incentivo, o servizo xestor non incorpora liquidación concreta e detallada xustificativo do importe efectivamente recoñecido.”

No informe proposta de data 09/02/2015 sinalas expresamente:

“Dado que a produtividade deberase calcular en función dos días efectivamente traballados, segundo os datos obrantes neste servizo en canto a incapacidades temporais, vacacións, etc (figura o disfrute de 4 días de asuntos propios e 5 de vacacions), a cantidade a percibir no período sinalado serían as seguintes, tendo en conta o importe do complemento de destino do posto acumulado (Codg 43 Xefe/a Participacion e Atencion Cidada):

N.P.	Nome	Período	Importe
13920	Gutierrez Orue, Francisco J.	01/10/2015-31/12/2015	1884,87

Polo tanto, considerando o disposto no artigo 73.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público (BOE núm. 261 de 31 de Outubro de 2015) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas a súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustificuen e sen merma das retribucións; e dado que resulta imprescindible manter o correcto funcionamento dos Servizos municipais, en canto a xestión do mesmos, tramitación de expedientes administrativos, desenvolvemento e seguimento de programas dos servizos, etc, a fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, o Concelleiro delegado de Xestión Municipal resolveu encomendar provisionalmente a distintos funcionarios municipais funcións propias doutros postos de traballo vacantes, con carácter estritamente provisional e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal esten adscritos, como das características inherentes ás prazas das cales son titulares.

No CUARTO trimestre de 2015, atopábanse vixentes, entre outras:

Por Resolución de data 12/02/2015, encomendouse provisional e transitoriamente ao funcionario D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe, con nº de persoal 13920, funcións de responsable do Servizo de Participación e Atención Cidadá, con carácter transitorio e sen prexuízo das tarefas propias da praza e posto de traballo asociado ao cal está adscrito, así como outras tarefas que lle sexan encomendadas polo Concelleiro delegado da Área, relacionadas cós servizos adscritos a mesma. Dita encomenda, de carácter provisional, terá validez dende a sinatura da Resolución e dispoñéndose a cesación automática da citada encomenda no momento no cal se produza a cobertura, mediante algún dos mecanismos legamente previstos, do posto de xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, e en todo caso ata o 31 de decembro de 2015, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo.

*Pola intervención xeral expídese documento contable nº **11359** por importe de 7680.20 € con cargo a aplicación orzamentaria 9220.1500000Productividade" do orzamento do ano 2015.*

Inclúense no presente expediente copia da Resolución mencionada.

Recíbese neste servizo expediente12325-77.- Solicitud de produtividade por encomenda de funcións 4º trimestre 2015 de Francisco J Gutierrez Orue.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público (BOE núm. 261 de 31 de Outubro de 2015); norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudir ao

preceptuado na vixente Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

- A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.
- En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

En Sentenza do Tribunal Supremo de 23 de xullo do 1996 ratifícase o carácter básico das retribucións complementarias e, conseguintemente, a necesidade de que as mesmas se adecúen aos criterios fixados para a Administración Xeral do Estado.

Específicamente, o Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local -vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) -30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico -excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 establecen que :

Con cargo ó Complemento de Productividade se retribuirá única e exclusivamente a aqueles funcionarios nos que concurran circunstancias excepcionais na prestación dos seus servizos, tales como o especial rendemento e a actividade extraordinaria, o interese e iniciativa con que desempeñan as súas funcións.

O outorgamento deste complemento retributivo responderá necesariamente a:

- a) *Contribuír á mellora no funcionamento dos servizos públicos prestados polo Concello de Vigo*
- b) *Criterios de equidade en termos de rendemento efectivo e retribución.*

Correspóndelle o Pleno da Corporación, trala negociación coa Mesa Xeral, determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación de complemento de produtividade, sendo competente para a súa asignación individualizada a Xunta de Goberno Local; do acordo que se adopte polo dito órgano municipal deberá darse conta comunicarse aos representantes sindicais e aos funcionarios da Corporación.

A Xunta de Goberno Local establecerá no exercicio das súas competencias, atribuídas polo artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os parámetros obxectivos de asignación de complementos de produtividade que considere, tendo en conta os seguintes criterios:

O complemento de produtividade establecerase orixinado única e exclusivamente por:

–Aumento de volumen de traballo nas tarefas asignadas ao posto de traballo ocasionado por razóns coxunturales debidamente xustificadas.

–Asignación de novas tarefas ao posto de traballo motivadas polo incremento da actividade municipal, e formalmente encomendadas polo organo competente.

–Rendemento extraordinario do traballador no desempeño das actividades, cometidos e responsabilidades encomendadas ao posto de traballo adscrito.

–Será estimado mediante informe pormenorizado do responsable do servizo, unidade ou departamento de adscripción, no que se especifique a cantidade do traballo realizado con arranxo aos principais indicadores do contido funcional do seu posto e, a eficacia, calidade, logro de resultados, tempo de traballo adicional e disponibilidad do traballo e, deberá contar coa conformidade do concelleiro delegado correspondente.

En todo caso, retribuirase:

1. Acumulacion de funcións de dous postos de traballo por motivos de urxencia

A actividade e dedicación extraordinaria derivada da realización temporal das funcións atribuídas a outro posto de traballo distinto do o que esta adscrito e que se atope vacante ou o seu titular atopese ausente, por motivos de urxencia e necesidade debidamente acreditados e sempre que resulten axeitadas a súa clasificación, grao o categoría profesional.

Deberá ser autorizada previamente pola Alcaldía ou Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, tralo informe favorable da Xunta de Persoal, segundo proposta do Xefe do Servizo, conformada polo Concelleiro/a Delegado/a da area correspondente, na que se xustifique a necesidade e urxencia da mesma.

Para a realización da proposta de outorgamento do complemento de produtividade, será imprescindible a remisión ao Servizo de Recursos Humanos de informe do Xefe do Servizo no que se que xustifique o complemento, no que se faga constar as tarefas desempeñadas correspondentes ao posto acumulado, a avaliación do desempeño das mesmas segundo indicadores definidos e acreditación da maior adicación horaria. Dito exceso de xornada non poderá ser compensado con descansos ou economicamente .

En ningún caso poderase acumular postos de inferior categoría e con carácter xeral a súa duración deberá ser superior a un mes, tendo como límite o 31 de decembro de cada ano, debendose proceder polas xefaturas dos servizos das oportunas redistribucións das tarefas

entre os efectivos adscritos ao mesmo ou ben á reasignacion ou mobilidade funcional de efectivos.

Non terán carácter retroactivo a efectos do aboamento do complemento de produtividade, surtindo efectos económicos e administrativos dende a data do acto administrativo que así o autorice.”

En ningún caso se tramitarán ni autorizarán encomendas verbais realizadas polos xefes da área ou servizos ou polos concelleiros-delegados, sen que exista a petición previa do servizo e o correspondente informe xustificativo.

A realización tera carácter voluntario e deberá existir o compromiso do interesado para realizar as tarefas encomendadas

Aboarase o por importe equivalente ao do complemento de destino do posto acumulado, que en ningún caso será fixo na súa cuantía nin periódico no seu devengo, tendo carácter temporal, durante o período que dure a causa que a orixina o sexa autorizado e a súa contía.

En ningún caso será fixo na súa cuantía nin periódico no seu devengo, tendo carácter temporal durante o período que dure a causa que a orixina o sexa autorizado

Deste xeito, no expediente 12625-77 inclúense informe de petición de aboamento de complemento de produtividade polo desempeño das funcións correspondentes as funcións encomendadas, asinado polo respectivo concelleiro da Área.

Dado que a produtividade deberase calcular en función dos días efectivamente traballados, segundo os datos obrantes neste servizo en canto a incapacidades temporais, vacacións, etc (figura o disfrute de 4 días de asuntos propios e 5 de vacacións), a cantidade a percibir no período sinalado serían as seguintes, tendo en conta o importe do complemento de destino do posto acumulado (Codg 43 Xefe/a Participacion e Atencion Ciudadá):

N.P.	Nome	Período	Importe
13920	Gutierrez Orue, Francisco J.	01/10/2015-31/12/2015	1884,87

Compártense os criterios da Intervención Xeral en canto a necesidade de informe de fiscalización da Intervención Xeral e a retención de crédito pertinente, previa a Resolucións de encomendas de funcións, así como a autorización previa ao exercicio das funcións encomendadas, xa contemplado nas vixentes instrucións de plantilla, e de tal xeito se ven procedendo nas Resolucións asinadas neste exercicio orzamentario e anteriores.

A funcionaria que suscribe entende que deberíase proceder a revisión dos acordos previos ao ano 2012, fixando un marco temporal para cada un deles, tal e como se recolle nas instrucións de plantilla que sexa coincidente coa propia temporalidade do orzamento.

Así mesmo e como xa se mencionou con anterioridade, considérase a urxencia de implantación de novas estruturas organizativas e funcionais, a reestructuración de áreas e servizos, dentro da potestade de autoorganización legalmente recoñecida ás Entidades Locais, que den lugar a eliminación ou como menos a minimización da realización de encomendas de funcións, e que , no caso de ser inevitables, se enfatice o seu carácter estritamente provisional.

As solicitudes de realización de encomendas de funcións deberán estar debidamente motivada e xustificada a súa urxencia e necesidade (IT longa duración, imposibilidade de

redistribución de tarefas entre os efectivos do servizo, asignación de funcións non atribuíbles a outros postos, xustificación da imposibilidade de realización das funcións e tarefas encomendadas polos efectivos existentes, etc) e sempre que resulten axeitadas á clasificación, grao ou categoría profesional.

No caso de asignación de funcións de postos de categoría superior, poderíase contemplar a posibilidade de adscripción provisional por un período máximo definido, condicionado a realización satisfactoria das funcións do posto.

Así mesmo, considerase imprescindible a redefinición de parámetros de asignación de complementos de produtividade nos casos de acumulación de funcións, incluídos nas vixentes instrucións de plantilla.

Por outra banda, nos acordos de encomendas de funcións non se contempla a delegación no Concelleiro da Área de Xestión Municipal a a tramitación dos expedientes en execución das encomendas en canto a autorización do gasto e recoñecemento das obrigas devengadas en execución das mesmas.

Na solicitude de aboamento relacionase as tarefas levadas a cabo no período obxecto de aboamento e anexase ao presente expediente o listado de control de presenza no que se contemple a maior adicación horaria resultante da realización das tarefas encomendas amais das correspondentes ao posto ao que se este adscrito. Dito exceso de xornada non será compensable con descansos, compensación ou redución de xornada nin aboable, lembrando que constitúe responsabilidade dos respectivos xefes/as de servizo a correcta reordenación das cargas de traballo dos efectivos ao seu cargo, de xeito que non se xeneren situacións de desempeño de máis de un posto en franxa horaria simultánea.

Vistas as circunstancias anteditas, e sempre previo o preceptivo informe de fiscalización en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Productividade”, nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- 1. Outorgar ao funcionario D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe, con nº de persoal 13920, un complemento de produtividade polo desempeño das funcións encomendadas segundo resolución de data 12/02/2015 do Concelleiro de Xestión Municipal por importe de 1884,87€*
- 2. Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 1884,87 € en concepto de produtividade a favor do funcionario D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe, con cargo á partida orzamentaria 920.0.1500000 “Productividade”.*

Dése traslado do presente acordo aos interesados, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(260).- ABOAMENTO DA DIFERENCIA DE FUNCIÓN DO PERSOAL DO SEIS (SENTENZA Nº 177/2005, DO 24 DE MAIO, DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO, NO PROCEDIMENTO ABREVIADO NÚM. 321/2004). EXPTE. 27650/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 04/03/16, dáse conta do informe-proposta do 17/03/16, da técnica de Formación de RR HH, conformado pola xefa de RR HH e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

“En data 16/02/2015 a Intervención xeral emite informe favorable ao expediente 27650-220, sinalando nas súas conclusións que :

“- Non se clarifica o custo en Seguridade Social do empregador que leva carrexado a extensión destes autos xudiciais, como así demanda este servizo, ao obxecto de que o órgano municipal que ten a potestade de autorizar a execución das sentenzas emanadas polas instancias xudiciais desfavorables para as arcas municipais tome coñecemento da contía exacta do quebranto económico imposto.”

No informe proposta deste servizo, asinado en data 09/02/2016 sinalase expresamente:

“En canto ao custo en seguridade social do empregador que conleva dito gasto, procédese a súa cuantificación por parte deste Servizo de Recursos Humanos, co que unha vez efectuado o pago que se fará efectivo a través da nómina municipal e xerará a correspondente liquidación de seguros sociais (L03), resulta aprox. un importe de 7015.65 € con cargo a partida 13501600000.”

En consecuencia e recibidos neste servizo, presentado no Rexistro Xeral do Concello, doc 160001220 nos que os xefes de saída do Servizo de Extinción de Incendios solicitan se abonen o complemento correspondente a actividade realizada como sarxento durante o ano 2013, segundo Sentenza nº 177/2005, do 24 de maio, dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso contencioso-administrativo (procedemento abreviado) nº 321/2004, na que foi parcialmente estimada a pretensión exercitada polos recorrentes D. Fernando Solveira de la Fuente, D. Carlos Rodríguez Lago, D. José Antonio Villar Comesaña, D. Justo Alonso Villar e D. Rafael Moledo Alonso, cabos do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, reclamando o aboamento dun complemento de produtividade pola realización de funcións de superior categoría, ao desenvolver tarefas inherentes aos sarxentos.

Na dita sentenza se declarou o dereito dos mesmos á percepción do complemento de produtividade nos termos expostos na propia sentenza, ordenando a este Concello dispoñer os trámites necesarios para o aboamento das cantidades que correspondesen ás substitucións acreditadas polos recorrentes e que cumprisen as condicións expostas.

Plantexados perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo incidentes procesuais de extensión de efectos de sentenza polos funcionarios D Vicente Alonso Covelo, D Edelmiro Montes Iglesias, D Felix Lopez Landesa, D Jose Benito Villaverde Veleiro, D Jose Luis Fernandez Cabaleiro, D Jesus Lopez Riocabo e D Alfredo Cabaleiro Besada, o devandito órgano xurisdiccional, en autos de data 1/6/2006, 9/6/2006 e 27/6/2006 respectivamente, estima a pretensión dos solicitantes, entendendo que procede a extensión de efectos da sentenza referenciada, debendo o Concello de Vigo proceder á materialización da mesma en iguais termos que os consignados na sentenza.

Solicitado informe ao Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, en data 01/02/2016 informa que o número de horas e gardas realizadas por cada un dos solicitantes e a seguinte:

NOME	N PERSOAL	N HORAS	N GARDAS
ALONSO COVELO VICENTE	20592	1656	69
CABALEIRO BESADA ALFREDO	20818	552	23
FERNANDEZ CABALEIRO J LUIS	18508	816	34
FUENTES DOMINGUEZ JOAQUIN	78777	960	40
ILLAN LOMBAO, JUAN CARLOS	79341	696	29
LOPEZ LANDESA FELIX	14090	1924	80+4
LOPEZ RIOCABO JESUS	20853	744	31
RODRIGUEZ LAGO CARLOS	20669	96	4
ROMERO IGLESIAS RAFAEL	20965	480	20
SOAGE BERMUDEZ HECTOR	77168	984	41
VILLAR COMESAÑA JOSE A	21380	696	29
VILLAVERDE VELEIRO J.B.	14700	1104	46

A sentenza nº 177/2005, do 24 de maio, dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso contencioso-administrativo (procedemento abreviado) nº 321/2004 analiza o disposto nas Instrucións de Plantilla do Concello de Vigo na súa disposición terceira, onde se inclúe, con cargo ó complemento de produtividade (apartado B) :“o especial rendemento derivado do desempeño dun posto de categoría superior, por ausencia do seu titular con dereito a seguir percibindo as súas retribucións, sempre que a súa duración sexa superior a un mes, polo importe da diferenza de nivel de complemento de destino e complemento específico entre os dous postos”.

No fallo da sentenza referida estímase que -en base ó previsto nas ditas Instrucións- os recorrentes teñen dereito a percibir un complemento de produtividade polas substitucións realizadas, sempre en canto poidan enmarcarse na condición de actividade extraordinaria, entendendo a sentenza que esta circunstancia concorre cando as substitucións realizadas superen un mes no período dun ano (fundamento xurídico 2º in fine).

Na sentenza conségnase expresamente a obriga de este Concello de dispoñer os trámites necesarios para o aboamento das cantidades correspondentes ás substitucións acreditadas.

O artigo 103.2 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, establece que as resolucións xudiciais firmes son de obrigado cumprimento na forma e nos termos que nestas se consignen; no mesmo senso se manifesta o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, cando afirma que as sentenzas haberán de cumprirse nos seus propios termos.

A vixente Constitución Española de 1978 contempla no seu artigo 118 a obrigatoriedade de cumprilas sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais, así como a de prestar a colaboración requirida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto.

A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ó principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103); no apartado 2 do artigo 103 da citada Lei 29/1998 se consigna a obriga que teñen todas as persoas e entidades -públicas e privadas- de prestar toda a colaboración requirida polos xulgados e tribunais do Contencioso-Administrativo para a debida e completa execución do resolto. É no apartado 4 do mesmo onde se establece que son nulos de pleno dereito os actos e disposicións contrarios ós pronunciamentos das sentenzas que se dicten coa finalidade de eludir o seu cumprimento.

No artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial xa citada se consigna que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis

Por este Servizo de Recursos Humanos –e previa emisión do preceptivo informe de fiscalización da Intervención Xeral- estímase que os funcionarios beneficiados deberán percibir as cantidades seguidamente indicadas, segundo o cálculo realizado no Servizo.

2011	CD	IMPORTE	CE	IMPORTE	DIFERENCIA TOTAL MES
SARXENTOS	21	473,35	302	1627,63	
CABOS	18	394,79	303	1455,28	
					250,91€

DIFERENCIA MES	Precio por xornada	precio por hora
250,91	40,69	1,70

As cantidades a aboar a cada un dos funcionarios serían:

NOME	N PERSOAL	N HORAS	N GARDAS	IMPORTE
ALONSO COVELO VICENTE	20592	1656	69	2.807,48 €
CABALEIRO BESADA ALFREDO	20818	552	23	935,83 €
FERNANDEZ CABALEIRO J LUIS	18508	816	34	1.383,40 €
FUENTES DOMINGUEZ JOAQUIN	78777	960	40	1.627,52 €
ILLAN LOMBAO, JUAN CARLOS	79341	696	29	1.179,96 €
LOPEZ LANDESA FELIX	14090	1924	80 + 4	3.261,83 €
LOPEZ RIOCABO JESUS	20853	744	31	1.261,33 €
RODRIGUEZ LAGO CARLOS	20669	96	4	162,75 €
ROMERO IGLESIAS RAFAEL	20965	480	20	813,76 €
SOAGE BERMUDEZ HECTOR	77168	984	41	1.668,21 €
VILLAR COMESAÑA JOSE A	21380	696	29	1.179,96 €
VILLAVERDE VELEIRO J.B.	14700	1104	46	1.871,65 €
			TOTAL	18.153,68 €

En canto ao custo en seguridade social do empregador que conleva dito gasto, procédese a

súa cuantificación por parte deste Servizo de Recursos Humanos, co que unha vez efectuado o pago que se fará efectivo a través da nómina municipal e xerará a correspondente liquidación de seguros sociais (L03), resulta aprox. un importe de 7015.65 € con cargo a partida 13501600000.

Vistas as circunstancias anteditas, e sempre previo o preceptivo informe de fiscalización en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.14100000-“ Indemnizacións por sentenzas xudiciais”, nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1. Proceder ao efectivo cumprimento do mandato xudicial contido na Sentencia nº 177/2005, do 24 de maio, dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso contencioso-administrativo (procedemento abreviado) nº 321/2004 estimatoria parcial e declarativa do dereito dos funcionarios cabos do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento D. Fernando Solveira de la Fuente, D. Carlos Rodríguez Lago, D. Justo Alonso Villar e D. Rafael Moledo Alonso á percepción dun complemento de produtividade pola actividade extraordinaria realizada como sarxentos no ano 2015, nos termos e condicións da propia sentenza e nos autos no Auto de data 1/6/2006, 9/6/2006 e 27/6/2006, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, dando cumprimento á extensión dos efectos da Sentenza nº 177/2005, e consecuentemente dispoñer o aboamento das cantidades que se sinalan correspondente ás substitucións acreditadas polos recorrentes que superen un mes no período de un ano, tal e como establece o fundamento xurídico 2º da citada resolución xudicial.e prestar conformidade ao calculo que se desglosa a continuación , e que supón un total de 18.153,68 €, con cargo a partida 9200.1410000, Indemnizacións por sentenzas xudicias.

NOME	N PERSOAL	IMPORTE
ALONSO COVELO VICENTE	20592	2.807,48 €
CABALEIRO BESADA ALFREDO	20818	935,83 €
FERNANDEZ CABALEIRO J LUIS	18508	1.383,40 €
FUENTES DOMINGUEZ JOAQUIN	78777	1.627,52 €
ILLAN LOMBAO, JUAN CARLOS	79341	1.179,96 €
LOPEZ LANDESA FELIX	14090	3.261,83 €
LOPEZ RIOCABO JESUS	20853	1.261,33 €
RODRIGUEZ LAGO CARLOS	20669	162,75 €
ROMERO IGLESIAS RAFAEL	20965	813,76 €
SOAGE BERMUDEZ HECTOR	77168	1.668,21 €
VILLAR COMESAÑA JOSE A	21380	1.179,96 €
VILLAVERDE VELEIRO J.B.	14700	1.871,65 €
		18.153,68 €

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente in

18(261).- ABOAMENTO DE PRODUTIVIDADE DE D. FRANCISCO MARTÍNEZ MUÑOZ POR DESEMPEÑO DE FUNCIÓNS DE XEFE DO CORPO DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 27430/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18/02/16, dáse conta do informe-proposta do 28/12/15, da técnica de Avaliación e Formación de RR HH, conformado pola xefa de RR HH e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

"En data 29/11/2013, o Intendente-Xefe en funcións, segundo Decreto de Alcaldía de 16/10/2012 solicita que a través do Servizo de Recursos Humanos se tramite unha proposta de Acordo para a Xunta de Goberno Local pola que se recoñeza o dereito a percibir as retribucións que correspondan, en concepto de produtividade, segundo as Instruccions sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos para o exercicio 2010, e actulamente vixentes, polo exercicio das funcións de Xefe da Policía Local, dende o 17 de outubro de 2012 ata o 11 de decembro de 2013. (Expediente 39664/212).

En data 18/09/2014, o funcionario solicita de novo, que a través do Servizo de Recursos Humanos se tramite unha proposta de Acordo para a Xunta de Goberno Local pola que se me retribuía a maior dedicación e responsabilidade que supón o exercicio da Xefatura da Policía dende o 12 de decembro de 2013 ata a data do informe.

En datas 21/01/2014 e 13/10/2015 informase por parte deste servizo as peticións anteriores, nos seguintes termos:

1.- Segundo a vixente RPT, o servizo da Policía Local esta composto por 403 postos: os seguintes postos:

Posto	Nº Efectiv	Codg RPT	CD	CE	GR	Codg rtb	Escala (lei 4/2007)
SUPERINTENDENTE XEFE/A P. LOCAL	1	21200	28	615	A1	280	Superior
INTENDENTE	2	21202	27	650	A1	54	Técnica
INSPECTOR/A PRINCIPAL	4	21203	26	306	A2	84	Executiva
INSPECTOR/A	15	21215	24	309	A2	99	Executiva
OFICIAL/XEFE EVAP	1	21205	22	144	C1	103	Basica
OFICIAL INTENDENCIA	1	21206	22	144	C1	313	Basica
OFICIAL/A	32	21204	22	141	C1	126	Basica
POLICIA EVAP	5	21210	20	148	C1	135	Basica
POLICIA	341	21211	20	152	C1	134	Basica
ADXUNTO/A XURIDICO/A POLICIA LOCAL	1	21216	28	660	A1	306	

Dos que na actualidade figuran vacantes os postos de Superintendente Xefe/a e Adxunto/a Xuridico Policía Local.

Segundo Resolucions de 16 de outubro de 2012 e 11 de decembro de 2013, dende o 17 de outubro de 2012 ata a data (Expte 39664-212 e 41941-212), D Francisco Martinez Muñoz, esta a realizar as funcións de Xefe da Policía Local .

A lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia establece no seu artigo 25 :

“Funcións

1. Sen prexuízo doutras funcións que se lles atribúan, de acordo coas disposicións vigentes, corresponderá aos funcionarios de cada escala, con carácter xeral, as seguintes:

a) Escala superior: a organización, dirección, coordinación e supervisión das distintas unidades e servizos do corpo.

b) Escala técnica: a responsabilidade inmediata na planificación e execución dos servizos.

c) Escala executiva: o mando operativo e a supervisión das tarefas executivas das unidades ao seu cargo.

d) Escala básica: o cumprimento das funcións policiais propias do servizo. A realización de funcións planificadas polos seus superiores.

2. Corresponderá, en todo caso, ao xefe do corpo as funcións atribuídas á escala superior, que deberán adecuarse ás particularidades de organización e dimensionamiento do persoal de persoal respectiva.

Asi mesmo, no seu artigo 27:

O posto de jefatura exerce a máxima responsabilidade na Policía local e ostenta o mando inmediato sobre todas as unidades, seccións e servizos en que se organiza o corpo, baixo a superior autoridade do alcalde ou do concelleiro en quen delegue.

3. Corresponde ao xefe do corpo:

a) Transformar en ordes concretas as directrices recibidas do alcalde ou do membro da corporación en quen aquel delegue.

b) Dirixir, coordinar e supervisar os servizos operativos do corpo, así como as actividades administrativas relacionadas directamente coas súas funcións, para asegurar a súa eficacia.

c) Evaluar as necesidades de recursos humanos e materiais e formular as correspondentes propostas.

d) Informar ao alcalde, ou ao cargo en quen este delegue, do funcionamento do servizo e do cumprimento dos obxectivos e ordes recibidas.

e) Cumprir calquera outra función que lle atribúa o reglamento do corpo da Policía local.

As vixentes instruccións de plantilla, recollen que, con cargo ao complemento de produtividade retribuirase o desempeño de postos de superior categoría:

“O especial rendemento derivado do desempeño dun posto de categoría superior, por ausencia de su titular con dereito a seguir percibindo as súas retribucións, sempre que a súa duración sexa superior a un mes polo importe da diferenza de nivel de complemento de destino e complemento específico entre os dous postos. A estos efectos as vacacións consideraranse sempre como dun mes, independentemente da súa duración”

Dado que na RPT vixente non figura o posto de “Intendente Principal”, posto inmediatamente superior ao de “Intendente” e a vista das funcións establecidas no artigo 25 anteriormente citado en canto as funcións a desempeñar polo posto de Xefe do corpo, toomase como referencia para o calculo sinalado o posto 280 “Superintendente Xefe/a Policia Local

A diferenza retributiva mensual entre ambos postos é de 1.266,62 € mensuais:

Codg	Posto	CD	CE	GR	Imp CD	Imp CE
280	SUPERINTENDENTE XEFE/A POLICIA LOCAL	28	615	A1	832,40 €	2.822,83 €
54	INTENDENTE POLICIA LOCAL	27	650	A1	795,85 €	1.592,76 €

O importe dos complementos de produtividade deberase calcular en función dos días efectivamente traballados, e dado que no Servizo de Recursos Humanos non se dispoñe de información sobre os períodos de vacacións e permisos do persoal do Servizo da Policía Local, o cálculo realizase descontando os meses de vacacións correspondentes aos anos 2013, 2014 e 2015, non constando ningunha baixa por IT.

Por outra banda, no período comprendido entre o 12/12/2013 ata 31/10/2015, segun os datos obrantes no programa de xestión de nomina, o funcionario foi retribuído dende novembro de 2012 ata outubro 2015 polos seguintes conceptos:

Codg_nom	Concepto	Desde 17/10/2012	2013	2014	2015 (nomina oct)
220	Nocturnidad	306,24 €	2.278,76 €	2.183,18 €	1.061,00 €
242	Produtividade	1.607,00 €	1.227,05 €	1.859,44 €	281,00 €
871	Exceso xornada	1.010,36 €	7.220,76 €	4.591,26 €	2.529,00 €
736	Atrasos Exc Xornada		1.351,65 €	3.155,49 €	1.973,11 €
754	Atrasos Grat Productiv		1.686,00 €	2.529,00 €	1.686,00 €
738	Atrasos Noct - Festiv				98,00 €
	Total		38.634,30 €		

Nas instrucións sobre plantilla citadas anteriormente se regula que o persoal dos grupos A1 e A2 de titulación non poderan solicitar o aboamento do exceso de xornada realizada. Así mesmo, importes aboados en concepto de produtividade corresponderíase coa realización de xornadas de dispoñibilidade, non contempladas nos acordos da Xunta de Goberno Local sobre Xornadas de reforzo para o persoal da Policía Local, para o posto de Superintendente Xefe da Policía Local:

Por outra banda, e dado que o posto de Superintendente Xefe da Policía Local non está suxeito ao reximen de quendas establecido para os demais postos do Servizo da Policía Local, non sería compatible os aboamentos en concepto de nocturnidade e festividade co desempeño de dito posto xa que, na súa guía de funcións, aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 20 de setembro de 2010, establece que, entre as súas funcións, correspondelle:

Acudir, en canto teña coñecemento, persoalmente, ao lugar de todo suceso grave ou calquera outro feito da mesma natureza que ocorra dentro do termo municipal, dispoñendo a prestación dos servizos e adoptando as medidas necesarias.

Permanecer localizable, fora da súa quenda de traballo, a fin de que nos casos de emerxencia determinados polo servizo se poida incorporar ao mesmo coa máxima urxencia.

Representar ao Corpo nos actos nos que este establecida dita representación.

Polo que no caso de ter que desempeñar as funcións propias do posto en xornada festiva ou horario nocturno, estas circunstancias estarían xa incluídas no importe do complemento específico correspondente ao posto.

2.- Con respecto a aplicación orzamentaria adecuada para a imputación do gasto, dado que aboariase en concepto de produtividade, sería a 92001500000 "Produtividade", que a data de hoxe conta cun saldo de 60.714,96 €, estando pendente a realización de transferencia de crédito para o incremento do mesmo

En data 18/12/2015 o Concelleiro Delegado de Xestión Municipal ordea que por parte do servizo de Recursos humanos se tramite expediente de produtividade pola diferenza retributiva existente entre os postos Codg Retributivo 280 "Superintendente Xefe da Policía

Local” e Codig retributivo 54 “Intendente Policia Local”, descontandolle os importes percibidos en concepto de produtividade e exceso de xornada, dende a data na que lle foron encomendadas as funcións de Xefe en funcións, segundo Decreto de Alcaldía de 16/10/2012.

Dado que o posto de Xefe da Policia Local desenvolve as súas funcións en horario de 7,30h a 15:00 h ao igual que a maior parte dos empregados deste Concello, pero dadas as especiais características do Servizo da Policia Local e a necesaria presenza da Xefatura en actuacións relevantes deste Servizo, moitas delas coincidentes con xornadas festivas ou en horario nocturno, corresponderíalle o aboamento dos recargos por traballo nocturno ou en festivo, recollidos nas vixentes instrucións sobre Plantilla e Relación de postos de traballo do persoal ao servizo da corporación.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Empregado Público

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma, debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014 de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuír o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

En Sentenza do Tribunal Supremo de 23 de xullo do 1996 ratifícase o carácter básico das retribucións complementarias e, conseguintemente, a necesidade de que as mesmas se adecúen aos criterios fixados para a Administración Xeral do Estado.

Específicamente, o Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local -vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante

un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

Para o calculo do importe da produtividade proposta tense en conta a diferenza retributiva entre os postos Codg Retributivo 280 “Superintendente Xefe da Policía Local” e Codig retributivo 54 “Intendente Policía Local”, dende o 16/10/2012, data na que lle foron encomendadas as funcións de Xefe en funcións da Policía Local

Deste xeito, segundo as diferenzas retributivas entre os postos, unha vez descontados os períodos correspondentes as vacacións dos anos 2013, 2014 e 2015, (datos dos que no se dispón neste servizo de Recursos Humanos) esta ascende a cantidade de 45.133,18 €.

Dado que foron aboadas en concepto de produtividade e exceso de xornada (Conceptos nómina 242,871,736 e 754) no período comprendido entre o 17/10/2012 ao 30/11/2015 a cantidade de 33.269.12 €, propónse o aboamento dun complemento de produtividade por importe de 10.808,56 €

Vistas as circunstancias anteditas, e sempre previo o preceptivo informe de fiscalización en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Productividade”, nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- 1. Aprobar, como referencia para o cálculo obxectivo do importe do complemento de produtividade a aboar, os seguintes parámetros :*
 - A diferenza retributiva existente entre os postos de Codg Retributivo 280 “Superintendente Xefe da Policía Local” e Codig retributivo 54 “Intendente Policía Local” das que se descontaran os importes aboados en concepto de produtividade e exceso de xornada*
- 2. Outorgar ao funcionario D Francisco Martínez Muñoz, (NP 13712) un complementos de produtividade por importe de 10.808,56€, polo desempeño das funcións de Intendente Xefe da Policía Local, no período comprendido entre o 17/10/2012 ao 30/11/2015.*
- 3. Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 10.808,56 € en concepto de produtividade a favor do empregado municipal anteriormente referenciado, con cargo á partida orzamentaria 920.0.1500000 “Productividade”.*

Dése traslado do presente acordo aos interesados, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(262).- REVISIÓN DE PREZOS E PRÓRROGA DO CONTRATO DE VIXILANCIA DA SAÚDE DO SERVIZO DE PREVENCIÓN E RISCOS LABORAIS. EXPTE. 27622/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 17/02/16 e o informe de fiscalización do 18/02/16, dáse conta do informe-proposta do 19/02/16, das técnicas de prevención de Riscos Laborais, conformado pola xefa de RR HH, polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“O art. 14.- Lei 31/95, de 8 de novembro de prevención de riscos laborais (en adiante LPRL) configura a vixilancia da saúde como un dos instrumentos dirixidos á prevención do risco laboral, cuxa regulación se desenvolve no artigo 22.- LPRL.

O art. 37.3.- Real Decreto 39/97, de 17 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento dos servizos de Prevención establece “Las funciones de vigilancia y control de la salud de los trabajadores señaladas en la letra e) del apartado 1, serán desempeñadas por personal sanitario con competencia técnica, formación y capacidad acreditada con arreglo a la normativa vigente y a lo establecido en los párrafos siguientes:

a) Los servicios de prevención que desarrollen funciones de vigilancia y control de la salud de los trabajadores deberán contar con un médico especialista en Medicina del Trabajo o diplomado en Medicina de Empresa y un A.T.S./D.U.E de empresa, sin perjuicio de la participación de otros profesionales sanitarios con competencia técnica, formación y capacidad acreditada. (...)”

O art. 15.- Real Decreto 39/97, de 17 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento dos servizos de Prevención prevé no seu punto 4 a posibilidade de que as actividades preventivas que non sexan asumidas a través do servizo de prevención propio, poidan ser concertadas cun servizo de prevención alleo.

O Servizo propio de Prevención de Riscos Laborais do Concello de Vigo (en adiante SPPRL-CV), foi constituído por Decreto de Alcaldía de data 27 de febreiro de 2004, asumindo como propias as especialidades preventivas Seguridade no traballo, Hixiene Industrial e Ergonomía e Psicosocioloxía Aplicada e acordando concertar con entidade especializada acreditada a Vixilancia da Saúde.

En data 29 de marzo de 2011 foi suscrito contrato entre a Concelleira-delegada da Área de Contratación do Concello de Vigo e a representación legal de Sociedad de Prevención de FREMAP, S.L.¹ para a prestación do servizo de vixilancia da saúde ao persoal do Concello de Vigo, previa adxudicación do mesmo por acordo da Xunta de Goberno Local en reunión de data 7 de marzo de 2011 resolutorio do procedemento aberto convocado ao efecto (Exp. 20247/220).

A cláusula 6 do Prego de cláusulas administrativas do exp. 20247/220 fai referencia á 9.2 das Fec, segundo a cal “Procederá a primeira revisión de prezos transcurrido un ano dende

a data de adxudicación do contrato e recollerá o 85% da variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a data de adxudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas ou respecto da data en que termine o dito prazo de tres meses se a adxudicación se produce con posterioridade. As seguintes revisións faranse transcurrido un ano dende a inmediata anterior e recollerá o 85% da variación que experimente o IPC nacional no período comprendido entre a data de revisión de prezos e a da revisión inmediatamente anterior."

A terceira revisión de prezos (exp. 26264-220 aprobado en XGL de data 6 de marzo de 2015) correspondeu ao período marzo 2013 - marzo 2014. Tras esta revisión o prezo do contrato de vixilancia da saúde resultante foi de 144.521,61€/ano.

A cuarta revisión de prezos será calculada en base ao IPC correspondente ao período marzo 2014 - marzo 2015 que se aplicará as facturas emitidas no período abril 2015 – marzo 2016.

Período contrato	Prezo	IPC nacional (período)	0,85% do IPC	Atrasos
01/04/2014 a 31/03/2015	144.521,61 € / ano	-	-	-
01/04/2015 a 31/03/2016	143.654,48 € / ano	-0,7 % (de marzo 2014 a marzo 2015)	0,60%	-867,13 € / ano
01/04/2016 a 31/03/2017	143.654,48 € / ano			

A partir do mes de marzo 2016 (inclusive) o importe da factura mensual será de 11.971,20€.

No punto 7 das FEC do prego de cláusulas administrativas particulares "Prazo de execución e prórroga" exp. 20247/220, determínase expresamente o prazo de vixencia do contrato de catro anos, prorrogables por dous anos máis. O contrato para a prestación deste servizo foi asinado o 29 de marzo de 2011, e a prestación do servizo comezou, dacordo co punto 1 das cláusulas deste contrato, o 1 de abril de 2011, co que finalizou o 31 de marzo de 2015, e a primeira prórroga aprobouse para o período 1 de abril de 2015 ate o 31 de marzo 2016 (exp. 26125/220).

Durante este período (abril 2015 – febreiro 2016), a empresa adxudicataria ven prestando os servizos contratados a plena satisfacción desenvolvendo as actividades asignadas dacordo co prego de cláusulas administrativas particulares, sen ningunha incidencia coñecida.

Dacordo co previsto nos arts. 23.2 e 303 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, e o contrato suscrito entre esta administración local e Sociedad de Prevención de FREMAP, S.L.¹, o 29 de marzo de 2011 para a prestación do servizo de vixilancia da saúde, e tal e como consta no punto 7 das FEC do prego de cláusulas administrativas particulares, procede efectuar a segunda e derradeira prórroga do referido contrato para unha duración máxima dun ano, correspondente ao período 1 de abril 2016 até 30 marzo 2017, por un importe total de 143.654,48€/ano que se imputarán á aplicación orzamentaria "asistencia médica do persoal" (partida 2210.1600800), dos cales 107.740,85 corresponden ao ano 2016 e 35.913,63€ corresponden ao ano 2017.

En consecuencia do exposto, vistas as competencias que ostenta a Xunta de Goberno Local segundo o establecido no artigo 127.1 apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro; previo informe xurídico favorable e informe da intervención xeral da fiscalización do gasto proposto nos termos do establecido nos artigos 213 a 223 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de

marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, elevase á Xunta de Goberno Local as seguintes PROPOSTAS DE ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a cuarta revisión de prezos do contrato de vixilancia da saúde (exp.20247/220) tomando como referencia o IPC do período marzo 2014 a marzo 2015 e correspondente ao período de facturación 01/04/2015 a 31/03/2016.

Segundo.- Recoñecer en concepto de atrasos (a favor do concello de Vigo) pola cuarta revisión de prezos, en referencia ao período comprendido entre o 01/04/2015 e o 29/02/2016 o seguinte importe:

Atrasos	Período abril 2015 a febreiro 2016	Total
4ª revisión	-794,87 €	-794,87 €

que se detraerá na primeira factura que se tramite a partir da notificación ao adxudicatario do acordo da XGL de aprobación da cuarta revisión de prezos. A partir do mes de marzo 2016 (inclusive) a factura mensual será de 11.971,20€.

Terceiro.- Autorizar a segunda e derradeira prórroga do contrato para a prestación do servizo de Vixilancia da saúde ao persoal do Concello de Vigo, formalizado en data 29 de marzo de 2011 coa empresa Sociedad de Prevención de FREMAP, S.L.¹, con CIF B-84412683, cunha duración máxima dun ano (1 de abril 2016 até 30 marzo 2017), en cumprimento do acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de marzo de 2011, para dar cobertura durante ese período á esixencia legal de vixilancia da saúde dos/as empregados/as públicos/as municipais do concello de Vigo. O importe total resultante é de 143.654,48 €/ano, dos cales 107.740,85€ corresponderán ao ano 2016 e 35.913,63 corresponderán ao ano 2017, que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria "asistencia médica do persoal" (partida 2210.1600800) e con cargo á bolsa de vinculación da aplicación funcional 2210. Todo isto sen prexuízo do prezo resultante do cálculo da quinta revisión de prezos que se formulará de acordo coa fórmula de revisión de prezos prevista no prego de cláusulas administrativas, que lle corresponde a partir do mes de abril de 2016 para o período abril 2016 a marzo 2017.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo á adxudicataria, Intervención Xeral Municipal, Servizo de Recursos Humanos, así como ao Comité de Persoal aos efectos oportunos".

1. A Sociedad de Prevención FREMAP, S.L.U. notificou o cambio de denominación social realizado mediante escritura pública asinada ante José Alberto López Gómez Notario de Galapagar, o 24 de abril de 2014, acto mediante o que a Sociedad de Prevención FREMAP, S.L.U. pasou a denominarse PREMAP Seguridad y Salud, S.L.U. "

2.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(263).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DO CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL E PERSOAL:

A) DECLARACIÓN DA XUBILACIÓN OBRIGATORIA DO EMPREGADO PÚBLICO D. JOSÉ M^a BELLO ROCA, CON EFECTOS DE DATA 09.03.2016. EXPTE. 27786/220.

Dáse conta do informe-proposta do 09/03/2016, da xefa de negociado de Persoal e Seguridade Social, conformado pola xefa de RR HH, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

1.- Consultados os datos obrantes na Área Recursos Humanos e Formación en relación a D. José María Bello Roca, con DNI 33.810.646-W, resultan os datos seguintes:

Vínculo xurídico: funcionario de carreira.

Nº de persoal: 12144.

Data de nacemento: 09/03/1951.

Praza: Policía Local, subgrupo C1 de titulación.

Posto de traballo: Policía Local, código 134, adscrito ó Servizo de Policía Local (212).

Incidencias relativas á cotización: grupo de tarifa 05, tendo a data de xubilación máis de 38 anos de cotización neste Concello.

2.- Verificado polo Negociado de Seguridade Social o cumprimento dos requisitos legalmente establecidos para a xubilación no servizo activo, procede propoñer a declaración da xubilación obrigatoria do efectivo indicado, sendo a data de efectos da mesma o 09/03/2016.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 261, do 31 de outubro de 2015) establece no seu artigo 67, apartado 1, letra b) que a xubilación dos funcionarios públicos poderá ser “Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida”, Asímesmo, no seu apartado 3, establece que “A xubilación forzosa se declarará de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade. Nembargantes, nos términos das leis de Función Pública que se dicten en desenrolo deste Estatuto, poderase solicitar a prolongación da permanencia no servizo activo como máximo hasta que se cumpla setenta anos de idade. A administración Pública competente deberá de resolver de xeito motivado a aceptación ou denegación da prolongación”, en concordancia co establecido no art. 204 e seguintes do Real decreto lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social (BOE nº 261 de 31/10/2015), constituindo o nacemento e a extinción do vínculo de servizo/laboral fixo materia de carácter básico para a totalidade dos empregados/as públicos.

II.- Asímesmo, o Real decreto lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, establece na súa disposición transitoria sétima a aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, fixando a idade ordinaria de xubilación en términos de anos e meses durante un período transitorio que se estende ata o ano 2027, facendo depender dita idade do período de cotización expresado en anos e meses.

III.- O vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo, aprobado en data 28/12/1989 e de aplicación ao persoal funcionario e laboral, contempla a homoxeneidade de réxime xurídico en canto a dereitos e

obrigas do persoal municipal funcionario e laboral, establecendo a idade legal de xubilación para ambos colectivos no seu artigo 33 (que debe contextualizarse no marco legal vixente).

IV.- A competencia para a declaración das situacións administrativas do persoal municipal e xubilación do mesmo reside no Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos do establecido no Acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015, de delegación de competencias e estrutura das áreas e servizos (apartado primeiro, V.3) e con carácter xeral deriva do previsto no artigo 127.1.h) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

V.- Vistos os fundamentos xurídicos que anteceden, motivación e réxime competencial exposto, fórmulase ao órgano competente a seguinte proposta de RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Declarar a xubilación obrigatoria do funcionario de carreira a D. José María Bello Roca, con DNI 33.810.646-W, con nº de persoal 12144, na praza de Policía Local, consonte ao informe-proposta que antecede, con data de efectos 09/03/2016.

Segundo.- Notifíquese a presente resolución ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral Municipal, Área de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social-Inspector Auxiliar de Persoal) aos efectos oportunos, dando conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e efectos.”

O concelleiro-delegado de Xestión Municipal, en data 09/03/2016, resolveu de conformidade coa precedente proposta.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

B) DECLARACIÓN DA XUBILACIÓN OBRIGATORIA DA EMPREGADA PÚBLICA DNA. AMPARO SALGADO LÓPEZ, CON EFECTOS DE DATA 28.03.2016. EXPTE.27787/220.

Dáse conta do informe-proposta do 08/03/2016, da xefa de negociado de Persoal e Seguridade Social, conformado pola xefa de RR HH, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

1.- Consultados os datos obrantes na Área de Recursos Humanos e Formación en relación a D^a Amparo Salgado López, con DNI 34.592.566-Z, resultan os datos seguintes:

Vínculo xurídico: funcionaria de carreira.

Nº de persoal: 8473

Data de nacemento: 28/03/1951.

Praza: Delineante, subgrupo C1 de titulación.

Posto de traballo: Xefa Oficina Información Xerencia Urbanismo, código 252, adscrito ó Servizo de Información e Rexistro de Expedientes da Xerencia Municipal de Urbanismo (424).

Incidencias relativas á cotización: grupo de tarifa 03, tendo a data de xubilación máis de 43 anos de cotización neste Concello.

2.- Verificado polo Negociado de Seguridade Social o cumprimento dos requisitos legalmente establecidos para a xubilación no servizo activo, procede propoñer a declaración da xubilación obrigatoria do efectivo indicado, sendo a data de efectos da mesma o 28/03/2016.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 261, do 31 de outubro de 2015) establece no seu artigo 67, apartado 1, letra b) que a xubilación dos funcionarios públicos poderá ser "Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida", Asímesmo, no seu apartado 3, establece que "A xubilación forzosa se declarará de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade. Nembargantes, nos términos das leis de Función Pública que se dicten en desenrolo deste Estatuto, poderase solicitar a prolongación da permanencia no servizo activo como máximo hasta que se cumpla setenta anos de idade. A administración Pública competente deberá de resolver de xeito motivado a aceptación ou denegación da prolongación", en concordancia co establecido no art. 204 e seguintes do Real decreto lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social (BOE nº 261 de 31/10/2015), constituindo o nacemento e a extinción do vínculo de servizo/laboral fixo materia de carácter básico para a totalidade dos empregados/as públicos.

II.- Asímesmo, o Real decreto lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, establece na súa disposición transitoria sétima a aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, fixando a idade ordinaria de xubilación en términos de anos e meses durante un período transitorio que se estende ata o ano 2027, facendo depender dita idade do período de cotización expresado en anos e meses.

III.- O vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo, aprobado en data 28/12/1989 e de aplicación ao persoal funcionario e laboral, contempla a homoxeneidade de réxime xurídico en canto a dereitos e obrigas do persoal municipal funcionario e laboral, establecendo a idade legal de xubilación para ambos colectivos no seu artigo 33 (que debe contextualizarse no marco legal vixente).

IV.- A competencia para a declaración das situacións administrativas do persoal municipal e xubilación do mesmo reside no Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos do establecido no Acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015, de delegación de competencias e estrutura das áreas e servizos (apartado primeiro, V.3) e con carácter xeral deriva do previsto no artigo 127.1.h) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

V.- Vistos os fundamentos xurídicos que anteceden, motivación e réxime competencial exposto, fórmase ao órgano competente a seguinte proposta de RESOLUCIÓN:

"Primeiro.- Declarar a xubilación obrigatoria da funcionaria de carreira a D^a Amparo Salgado López, con DNI 34.592.566-Z, con nº de persoal 8473, na praza de Delineante, consonte ao informe-proposta que antecede, con data de efectos 28/03/2016.

Segundo.- Notifíquese a presente resolución ao interesada, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral Municipal, Área de Recursos Humanos e Formación (Planificación e Organización-Seguridade Social-Inspector Auxiliar de Persoal) aos efectos oportunos, dando conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e efectos."

O concelleiro-delegado de Xestión Municipal, en data 09/03/2016, resolveu de conformidade coa precedente proposta.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

C) AUTORIZACIÓN DE HORAS EXTRA AO PERSOAL DO SERVIZO DE SEGURIDADE E MOBILIDADE PARA OS MESES DE ABRIL, MAIO E XUÑO DE 2016. EXPTE. 27696/220.

Examinadas as actuacións do expediente, examinado o informe-proposta do 25/02/16, da técnica de Formación de RR HH, conformado pola xefa de RR HH, visto así mesmo o informe de fiscalización do 01/03/2016, dáse conta da Resolución de data 04/03/2016, do concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Visto o escrito do Xefe da Área de Seguridade e Mobilidade, conformado polo concelleiro-delegado de Seguridade e Mobilidade, de data 05/02/2016, no uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85) e o acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/06/2015.

R E S O L V O :

“Primeiro.- Autorizar ao persoal do servizo de Seguridade e Mobilidade que de seguido se relaciona, a realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral, durante os meses de Abril, Maio e Xuño-2016, por un total de 144 horas.

Nº Persoal	Posto	Apelidos e Nome
13652	Inspector	García Alfonso, Juan Jesús
15303	Oficial	Roca Dafonte, José Manuel
15480	Oficial	Bacelos González, José

Segundo.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conlevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2015, nos termos do establecido Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, lembrándose que non poderá superar o número de 16 horas mensuais autorizadas, e sendo responsabilidade directa de cada xefe/a do servizo a non superación dos límites citados.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ao xefe/a do servizo xestor solicitante eo Concelleiro/a delegado/a da Área aos efectos oportunos, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

A Xunta de Goberno Local queda informada.

D) EXECUCIÓN DE SENTENZA Nº 21/16, DO 12 DE XANEIRO DE 2016, DITADA POLO XULGADO DO SOCIAL Nº 2 – REFORZO NO PROCEDEMENTO ORDINARIO NÚM. 386/2015, INTERPOSTO POR D. MANUEL ANTONIO PEREIRO ALONSO (EXPTE.: 27731-220). EXPTE.: 27820/220.

Dáse conta do informe-proposta do 09/03/2016, da xefa de negociado de Persoal e Seguridade Social, conformado pola xefa de RR HH, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

1.- Pola Asesoría Xurídica Municipal comunícase a este Servizo de Recursos Humanos sentenza nº 21/16, do 12 de xaneiro de 2016, do Xulgado do Social nº 2 Reforzo, no procedemento ordinario 386/2015, interposto por D. Manuel Antonio Pereiro Alonso. en relación co abono do incentivo á xubilación anticipada.

2.- Na indicada sentenza fallase literalmente:

“Estimo parcialmente a demanda presentada por Manuel Antonio Pereiro Alonso contra o Concello de Vigo. Declaro o dereito do demandante a percibir a cantidade de 4.808,097 euros en concepto de incentivo á xubilación anticipada. Condeno ó Concello de Vigo a facerlle pagamento a Don Manuel Antonio Pereiro Alonso da cantidade de 4.808,097 euros.”

3.- Pola Alcaldía tómase coñecemento da anterior resolución xudicial e resolve que se execute nos seus propios termos e no prazo legalmente establecido, segundo proposta do Letrado da Asesoría Xurídica de data 09/02/2016.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de xulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requerida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118), ambas como máxima expresión da doutrina da separación de poderes subxacente ao nos sistema constitucional, herdeiro do constitucionalismo europeo influenciado por MONTESQUIEU e a súa fundamental obra “Dèfense de l’esprit des lois” (1750), identificativas da independencia e autonomía do poder xudicial nas sociedades constitucionais contemporáneas.

En idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

*II. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na **Sentenza 66/1982, de 12 de novembro**, e que constitúe criterio xurisprudencial plenamente consolidado, “... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado”.*

III. En aplicación do principio de especialidade como principio xeral do Dereito, informador do ordenamento xurídico ex artigo 3 do vixente Código Civil, cómpre salientar salientar que a Ley 36/2011, de 10 de outubro, reguladora da xurisdicción laboral, efectúa no seu artigo 237 unha remisión normativa á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil, en canto á execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes (v. artigos 517 e seguintes da mesma); constitúen títulos executivos, entre outros, as sentenzas de condena firmes (artigo 235.1).

IV. Efectuado RC Nº 19859 pola Intervención Xeral con cargo a aplicación orzamentaria 22101610400 por importe de 4.808,97 € e vistas as competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal ostenta por delegación da Excma. Alcaldía, efectuada en Decreto de data 19/06/2015; así como aquelas que ostenta por delegación da Xunta de Goberno Local realizada en acordo de mesma data, pola presente elévase ao dito órgano a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“PRIMEIRO.- Dar cumprimento ao mandato xudicial contido na Sentenza nº 21/2016, de 12 de xaneiro de 2016, dictada polo Xulgado do Social nº 2 Reforzo de Vigo no procedemento ordinario 386/2015, interposto por D. Manuel Antonio Pereiro Alonso, DNI 35.541.341-Q, e en consecuencia ordenar o aboamento dun importe de 4.086,89 € (4.808,097 € principal, menos a retención de IRPF 15% 721,21 €) con cargo ao RC 19859 da aplicación orzamentaria 22101610400, que deberá ingresarse na conta do interesado nº ES5920805524793000000427.

SEGUNDO.- Pola Tesourería Municipal, deberá comunicarse a Área de Recursos Humanos e Formación a data de pagamento efectivo para que pola Asesoría Xurídica Municipal se poda dar conta de dita execución ao Xulgado do Social nº 2 Reforzo de Vigo, notificando asemade ao interesado, Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal.”

O concelleiro-delegado de Xestión Municipal, en data 10/03/2016, resolveu de conformidade coa precedente proposta.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

E) REASIGNACIÓN DO EMPREGADO PÚBLICO MUNICIPAL EN RÉXIME LABORAL D. FRANCISCO TORRES RODRÍGUEZ (PERSONAL DA EXTINTA ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS - EMAO), Á ASESORÍA XURÍDICA MUNICIPAL. EXPTE. 27797/220.

Dáse conta da Resolución do concelleiro-delegado de Xestión Municipal, de data 14/03/2016, que di o seguinte:

“Por orde do servizo da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal de data 09/03/2016 comunicouse a esta Área de Recursos Humanos e Formación, se proceda á tramitación administrativa de expediente ao obxecto de realizar o traslado do empregado municipal, en réxime laboral D. Francisco Torres Rodríguez, con nº de persoal 83168, auxiliar administrativo-emaos, con posto traballo da mesma denominación, do Servizo EMAO -persoal da extinta Escola Municipal de Artes e Oficios, cód. 613 do Capítulo I do orzamento do presente ano- (código retributivo 655), a Asesoría Xurídica Municipal, (código de servizo 111).

Visto o informe favorable da xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación de data 11/03/2016; e considerando as necesidades de reasignación de efectivos nas diferentes áreas e servizos do Concello de Vigo, que resulta especialmente urxente no Servizo de Asesoría Xurídica Municipal;

Visto o marco legal do emprego público que con carácter básico establece a o RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, nos seus artigos 73 e 52 a 54; ao abeiro das competencias que en canto á xefatura do persoal municipal ostento por delegación efectuada en Decreto da Excm. Alcaldía de data 19/06/2015, así como aquelas delegadas pola Xunta de Goberno Local en acordo de mesma data, derivadas do establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, pola presente

RESOLVO:

Primeiro.- Reasignar ó empregado municipal en réxime laboral D. Francisco Torres Rodríguez, con nº de persoal 83168, auxiliar administrativo-emaos con posto de traballo da mesma denominación, do Servizo EMAO –persoal da extinta Escola Municipal de Artes e Oficios, cód. 613 do Capítulo I do orzamento do presente ano- (código retributivo 655), a Asesoría Xurídica Municipal, (código de servizo 111), onde desenvolverá as funcións propias do posto de traballo e inherentes á praza da cal é titular, dispoñendo igualmente a readscripción da praza e do posto de traballo asociado, Á asesoría Xurídica Municipal (código 111).

Segundo.- De conformidade co disposto nos artigos 179.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 40.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e coa finalidade de adecuación das aplicacións orzamentarias á readscripción de praza e posto efectuada, autorízase a transferencia de crédito do posto de traballo de auxiliar administrativo-emaos, do Servizo EMAO –persoal da extinta Escola Municipal de Artes e Oficios, cod. 613, á Asesoría Xurídica Municipal, código 111, debendo incorporarse a modificación efectuada ao documento da relación de postos de traballo (RPT).

Terceiro.- Da presente resolución dése traslado ó interesado, Director EMAO, Concelleira-Delegada de Educación, Titular da Asesoría Xurídica Municipal, Área de Recursos Humanos e Formación (Negociado de Seguridade Social-Planificación e Organización-Inspector Auxiliar de Persoal), Intervención Xeral Municipal e, Comité de Persoal, aos efectos que procedan.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

A Xunta de Goberno Local queda informada.

F) REASIGNACIÓN DA EMPREGADA PÚBLICA MUNICIPAL EN RÉXIME LABORAL DNA. ROSA GARRIDO TRONCOSO (PERSONAL DO EXTINTO PARQUE DAS CIENCIAS - VIGOZOO), Á INTERVENCIÓN XERAL MUNICIPAL. EXPTE. 27765/220.

Dáse conta da Resolución do 10/03/2016, do concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Por orde do servizo da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal de data 09/03/2016 comunicouse a esta Área de Recursos Humanos e Formación, se proceda á tramitación administrativa de expediente ao obxecto de realizar o traslado da empregada municipal, en réxime laboral Dª Rosa Garrido Troncoso, con nº de persoal 83266, administrativa-zoo con posto de traballo da mesma denominación, do Servizo VigoZoo -persoal do extinto Parque das Ciencias VigoZoo, cód. 612 do Capítulo I do orzamento do presente ano- (código retributivo 685), a Intervención Municipal, (código de servizo 140).

Visto o informe favorable da xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación de data 09/03/2016; e considerando as necesidades de reasignación de efectivos nas diferentes áreas e servizos do Concello de Vigo, que resulta especialmente urxente no Servizo de Intervención Municipal;

Visto o marco legal do emprego público que con carácter básico establece a o RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, nos seus artigos 73 e 52 a 54; ao abeiro das competencias que en canto á xefatura do persoal municipal ostento por delegación efectuada en Decreto da Excma. Alcaldía de data 19/06/2015, así como aquelas delegadas pola Xunta de Goberno Local en acordo de mesma data, derivadas do establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, pola presente

RESOLVO:

“Primeiro.- Reasignar a empregada municipal en réxime laboral D^a Rosa Garrido Troncoso, con nº de persoal 83266, administrativa-zoo con posto traballo da mesma denominación, do Servizo VigoZoo -persoal do extinto Parque das Ciencias VigoZoo, cód. 612 do Capítulo I do orzamento do presente ano- (código retributivo 685), a Intervención Municipal, (código de servizo 140), onde desenvolverá as funcións propias do posto de traballo e inherentes á praza da cal é titular, dispoñendo igualmente a readscripción da praza e do posto de traballo asociado, a Intervención Municipal (código 140).

Segundo.- De conformidade co disposto nos artigos 179.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 40.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e coa finalidade de adecuación das aplicacións orzamentarias á readscripción de praza e posto efectuada, autorízase a transferencia de crédito do posto traballo de administrativo-zoo, do Servizo VigoZoo –persoal do extinto Parque das Ciencias VigoZoo, cod. 612, á Intervención Xeral, código 140, debendo incorporarse a modificación efectuada ao documento da relación de postos de traballo (RPT).

Terceiro.- Da presente resolución dése traslado a interesada, Director VigoZoo, Concelleira-Delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable, Área de Recursos Humanos e Formación (Negociado de Seguridade Social-Planificación e Organización-Inspector Auxiliar de Persoal), Intervención Xeral Municipal e, Comité de Persoal, aos efectos que procedan.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

A Xunta de Goberno Local queda informada.

G) ENCOMENDA DE FUNCIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DE FUNCIÓNS DO POSTO DE “XEFE DA UNIDADE DE MANTEMENTO E TALLER” DO IMD, (CÓDIGO RETRIBUTIVO NÚM. 606), A D. MARIO IGLESIAS LADO. EXPTE.14891/333.

Dáse conta do informe-proposta do 10/03/2016, da técnica de Formación de RR HH, conformado pola xefa de RR HH, que di o seguinte:

“En data 04/03/2016 o Concelleiro Delegado de Xestión Municipal e Persoal, a vista da solicitude do Director Deportivo- Xefe da Unidade Técnica de Deportes co conforme do

Concelleiro Delegado da Area , de data 02/02/2016 relativa a urxente necesidade de encomendar as funcións do posto Codg Rtb 606 "Xefe da Unidade de Mantemento e Taller", ao empregado municipal D. Mario Iglesias Lorenzo con posto Codg Rtb 616 de "oficial de mantemento", ordea a Area de Recursos Humanos e Formacion a realización dos tramites administrativos necesarios para encomendar as funcións ao citado empregado municipal

A Intervención Xeral, emite informe favorable en data 09/03/2016, realizando reserva de crédito Nº 21758 por importe de 3.987,40 €, cantidade máxima a aboar calculada en funcións das diferenzas retributivas entre os postos Codg Rtb 606 "Xefe da Unidade de Mantemento e Taller e o posto Codg Rtb 616 de "oficial de mantemento".

Considerando o disposto no artigo 73.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións.

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de racionalización e sostenibilidade da Administración Local e a delegación efectuada en Decreto de data 19 de xuño do 2015 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, ao Concelleiro Delegado da Area de Xestión Municipal, PROPONSE:

"Primeiro.- Encomendar provisionalmente ao empregado municipal D Mario Iglesias Lado, con nº de persoal 76467, funcións de do posto Codg Rtb 606 "Xefe da Unidade de Mantemento e Taller", con carácter transitorio e sen prexuízo das tarefas propias da praza e posto de traballo asociado ao cal está adscrito, así como outras tarefas que lle sexan encomendadas polo seu superior xerárquico.

Segundo.- A presente encomenda terá carácter estritamente provisional e durará ata que se deixe sen efecto mediante acto administrativo posterior, ou ben ata a implantación de novas estruturas organizativas e funcionais, ou reestruturación de áreas e servizos a realizar no marco da potestade de autoorganización legalmente recoñecida ás Entidades Locais e en todo caso ata 31 de decembro do 2016. devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo. Na solicitude de aboamento deberá relacionarse de xeito exhaustivo as tarefas levadas a cabo no período obxecto de aboamento e deberá acompañarse de listado de control de presenza no que se contemple a maior adicación horaria resultante da realización das tarefas encomendadas amais das correspondentes ao posto ao que se este adscrito. Dito exceso de xornada non será compensable con descansos, compensación ou redución de xornada nin aboable

Terceiro.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dese traslado ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Comité de Persoal para coñecemento e efectos.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento."

O concelleiro-delegado de Xestión Municipal, en data 14/03/2016, resolveu de conformidade coa precedente proposta.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

21(264).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROGRAMA DE TRABALLO E PLAN DE CONTROL DE CALIDADE DA OBRAS “HUMANIZACIÓN RÚA MARQUÉS DE VALTERRA”. EXPTE. 3182/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 10/03/16, do xefe do servizo administrativo e control orzamentario, conformado polo xefe da área de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

“1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 10 de xullo de 2015, entre outros asuntos acordou a aprobación do proxecto “HUMANIZACIÓN RÚA MARQUÉS DE VALTERRA”, cun orzamento de base de licitación de 211.000,00 € lve engadido. (Expte. 2390/443).

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 22 de outubro de 2015, entre outros asuntos acordou a proposta de contratación a través de procedemento aberto e tramitación urxente das obras do proxecto “HUMANIZACIÓN RÚA MARQUÉS DE VALTERRA”. (Expte. 3468/440).

A Xunta de Goberno Local extraordinaria e urxente do 30 de decembro de 2015, entre outros asuntos acordou a adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de “HUMANIZACIÓN RÚA MARQUÉS DE VALTERRA”. EXPTE. 3468/440, a favor da mercantil XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, por un prezo total de 181.249,00 € (IVE incluído).

Con data 30 de decembro de 2015 o Concello de Vigo formaliza o contrato de adxudicación das citadas obras coa mercantil XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 15 de xaneiro de 2016, entre outros asuntos acordou nomear a D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ como Directores Facultativos para a obra “HUMANIZACIÓN DA RÚA MARQUÉS DE VALTERRA”. EXPTE. 3468/440.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 8 de febreiro de 2016, entre outros asuntos acordou nomear a D. GUSTAVO MARTÍNEZ RODRÍGUEZ como Coordinador de Seguridade e Saúde para a obra “HUMANIZACIÓN DA RÚA MARQUÉS DE VALTERRA”. EXPTE. 3468/440.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 19 de febreiro de 2016, entre outros asuntos acordou aprobar o Plan de Seguridade e Saúde e dar conta do Plan de Xestión de Residuos para a obra “HUMANIZACIÓN DA RÚA MARQUÉS DE VALTERRA”. EXPTE. 3468/440.

2.- Fundamentos xurídicos:

O artigo 144 Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece no seu punto 1.) que “cando se estableza expresamente no prego de cláusulas administrativas particulares, e sempre que a total execución da obra estea prevista en máis dunha anualidade, o contratista estará obrigado a presentar un programa de traballo no prazo máximo de trinta días, contados desde a formalización do contrato”.

O PCAP que regula o procedemento de contratación do expediente para a execución das obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA MARQUÉS DE VALTERRA". EXPTE. 3468/440, define no punto 4, da clausula 1), que entre as funcións do director facultativo atopanse as de:

- Informar o programa de traballo presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ao órgano de contratación.
- Informar o plan de calidade presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ao órgano de contratación, así como a realización de funcións de revisión e supervisión do cumprimento do mesmo.

En base ao exposto, a aprobación do programa de traballo, así como o plan de calidade, previo informe da dirección facultativa, deberán ser aprobados pola Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación.

3.- Proposta:

En relación ao citado expediente a mercantil XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL. como adxudicataria da execución das obras presenta os seguintes documentos:

- Programa de traballo presentado polo adxudicatario con data 15-02-2016
- Plan de calidade presentado polo adxudicatario con data 15-02-2016

Con data 19-02-2016 a dirección facultativa formada por D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ de acordo co nomeamento aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 15 de xaneiro de 2016, informa de conformidade os citados documentos.

En conclusión cos antecedentes descritos, procede a aprobación do programa de traballo, así como o plan de calidade, que conta co informe favorable da dirección facultativa.

Polo exposto propónse á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación a aprobación da seguinte proposta:

Primeiro: Aprobar o programa de traballo e o plan de calidade, presentados pola mercantil XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL. con data 15-02-2016 e de acordo co informe favorable aos mesmos de data 19-02-2016 asinados por D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ como directores facultativos nomeados para as obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA MARQUÉS DE VALTERRA". EXPTE. 3468/440.

Segundo: Do presente acordo darase traslado á empresa adxudicataria das obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA MARQUÉS DE VALTERRA". EXPTE. 3468/440."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(265).- PROPOSTA DE INICIO DE PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO DE CONSTRINXIMENTO PARA O COBRO DE COTAS ADEBEDADAS Á ENTIDADE CONCESIONARIA DO SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DA AUGA, ANOS 2013-2014. EXPTE. 29653/700.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 11/03/16, do tesoureiro municipal, que di o seguinte:

“Pola Dirección de ingresos do Concello de Vigo, remítense a esta Tesourería expediente 29653/700 de liquidacións de taxas en concepto de recibos por subministración de auga potable, servizo de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, cota de aboamento e utilización de aparatos de medida, correspondentes os anos 2013- 2014, aprobadas de conformidade co disposto na Ordenanza fiscal reguladora correspondente, que sendo notificadas regulamentariamente nas datas que se indican nas mesmas, como consta acreditado nos correspondentes expedientes que se achegan, non foron ingresadas no período voluntario, polo que interesa desta Tesourería o inicio dos correspondentes procedementos administrativos de constrinximento.

Estes expedientes teñen a súa orixe na petición formulada pola empresa concesionaria do Servizo municipal de abastecemento e saneamento de auga para a apertura do citado proceso recadatorio.

As citadas liquidacións, cuxo importe total ascende a 308.879, 53 €, segundo relación que achega que comenza por 3TALES CB e remata en ZINNIA SA foron aprobadas por decreto mensual do Ilmo. Sr. Alcalde en cada mes dos devanditos anos.

Con data 18 de xaneiro de 2016, o Director da entidade concesionaria do Servizo municipal de abastecemento e saneamento de auga, Aqualia-FCC Vigo UTE emite, en cumprimento do establecido nas cláusulas 68 e 69 do prego de condicións económico-administrativas polas que se rexeu o concurso para o otorgamento da concesión, certificación na que se fai constar que unha vez rematado o período voluntario de cobranza das liquidacións a que se refire o presente expediente, resultaron impagadas as correspondentes cotas tributarias.

A cláusula 67 do prego de cláusulas económico-administrativas que rexeu o concurso para o outorgamento da concesión, prevé que “Transcorridos tres meses a contar dende a finalización do período voluntario de cobro, o Concesionario presentará ó Concello relación de impagados que resulte incobrable, ós efectos de que pola Administración Municipal se tramiten e aproben os correspondentes expedientes de constrinximento”.

Pola súa beira, o artigo 167 da Lei xeral tributaria, dispón que o procedemento de constrinximento, iniciárase mediante providencia notificada ó obrigado tributario, que será título suficiente para iniciar o citado procedemento e terá a mesma forza executiva que a sentenza xudicial para proceder contra os bens e dereitos dos obrigados tributarios.

E por isto que, en concordancia coa petición formulada pola entidade concesionaria ó Concello de Vigo, esta Tesourería, de conformidade co disposto no artigo 9.3 da Ordenanza Fiscal nº. 60 Reguladora das Taxas pola prestación de servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, propón a esa Xunta de Goberno Local, con carácter previo á apertura de expedientes de cobranza pola vía de constrinximento, a adopción do seguinte acordo:

Interesar da Tesourería Municipal do Concello de Vigo, tralas comprobacións e informes que estime oportuno recadar, se inicie e desenvolva o procedemento administrativo de constrinximento mediante providencia dictada polo Tesoureiro municipal e notificada ó obrigado tributario, que permita a xestión de cobramento das cantidades adebedadas á entidade concesionaria, segundo consta nas certificacións de descuberto polo importe total de 308.879, 53 € en cumprimento do establecido nas cláusulas 67 e seguintes do prego de condicións económico-administrativas que rexeu o concurso para o outorgamento da

concesión e con arranxo ó procedemento regulado na Lei xeral tributaria e o Regulamento xeral de recadación.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

23(263).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO MAIOR “SERVIZO INTEGRAL DE COMUNICACIÓNS”. EXPTE. 5896/113.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 7.10.15 e o informe de fiscalización do 23.10.15, dáse conta do informe-proposta do 6.10.15, asinado polo técnico responsable de Redes e Comunicacóns, o xefe do Servizo de Admón. Electrónica, o concelleiro delegado de dito servizo e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Transcorrido o segundo ano do inicio do contrato do “Servizo Integral de Comunicacóns do Concello de Vigo” , e en aplicación da cláusula 30 PCAP:

“CLÁUSULA 30.- REVISIÓN DE PREZOS

Os prezos da presente contratación serán obxecto de revisión. Procederá a primeira revisión de prezos transcorrido un ano dende a data de formalización do contrato, e sempre e cando este se tivese executado alomenos no 20 % do seu importe, e recollerá o 85% da variación experimentada polo IPC nacional no grupo comunicacóns no período que medie entre a data de revisión e a data de adxudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas ou respecto da data en que termine o dito prazo de tres meses se a adxudicación se produce con posterioridade.

O importe das revisións que procedan faranse efectivas mediante o correspondente aboamento ou desconto nos pagos parciais ou na liquidación do contrato.

As revisións de prezos deberán ser aprobadas expresamente polo órgano de Contratación.”

Tendo en conta as datas seguintes:

data de finalización de presentación de ofertas: 11-03-2013

data de adxudicación do contrato: 07-06-2013

data de formalización do contrato: 27-06-2013
data de inicio do contrato: 01-07-2013
data da 1ª revisión do prezo: 01-07-2014
data da 2ª revisión do prezo: 01-07-2015

unha vez transcorrido o segundo ano de execución do contrato , procede a revisión de prezos prevista na citada cláusula 30ª, para o que terá en conta a variación do “IPC nacional do grupo comunicacións” entre a data de finalización do primeiro ano do contrato (xuño de 2014) e a data do remate do segundo ano de execución do contrato (xuño de 2015). Consultados os datos publicados polo INE para o período xuño 2014 - xuño 2015, o IPC de comunicacións é dun -1,8% (valor negativo, decrementa o prezo), polo que en aplicación da citada cláusula, os prezos deberán actualizarse no 85% do índice, en este caso, nun -1,53%

Incorporase ao expediente a información do INE sobre o dato de variación do IPC do grupo comunicacións.

A continuación achéganse o detalle dos prezos actualizados para o período 01/07/2015 a 30/06/2016 calculados tras a aplicación da cláusula de revisión de prezos naqueles ítems non regulados susceptibles de actualización.

Custes variables. Tráfico					
Orixe móbil -Tipo de tráfico	Chamadas	Minutos	Prezo 1º ano (sen iva)	Prezo 2º ano (sen iva)	Prezo 3º ano (sen iva)
TRAFICO INTERNO Móviles CORPORATIVOS (fx-mb)	77.118	125.452	839,06	796,94	784,75
TRAFICO NACIONAL A Móviles (fx-mb)	164.112	409.380	12.124,79	11.516,13	11.339,93
TRÁFICO INTERNO Móviles CORPORATIVOS	237.992	403.217	2.637,60	2.505,19	2.466,86
TRAFICO NACIONAL A Fijos	68.974	142.542	4.234,91	4.022,32	3.960,78
TRAFICO NACIONAL A Móviles	307.022	699.155	20.731,72	19.692,99	19.391,69
RESTO DE TRAFICO NACIONAL	5.659	12.081	3.670,23	3.485,98	3.432,64
(2) TRAFICO INTERNACIONAL/ITINERANCIA	2.122	5.049	2.415,07	2.293,83	2.258,73
SMS OPERADORES NACIONALES	189.309	0	9.269,88	8.804,53	8.669,82
(2) SMS INTERNACIONAL/ITINERANCIA	1.089	0	282,82	268,62	264,51
Custos Fixos					
Servizos de voz fixa	Prezo unit. 1ºano (sen IVE)	Prezo unit. 2ºano (sen IVE)	Prezo unit. 3ºano (sen IVE)		
Equipamento: Terminais (1)					
Cliente Softphone	67,50	64,11	63,13		
Terminal IP Básico	172,08	163,44	160,94		
Terminal IP medio	341,42	324,28	319,32		

Terminal IP avanzado	498,00	473,00	465,76		
Terminal NON IP	36,00	34,19	33,67		
Servizo de comunicación de datos					
Equipamento de datos (2)					
Switches de LAN	420,40	399,32	393,21		
Servizo de acceso a Internet					
Centralizado					
20 M simétricos adicionais	83,70	79,50	78,28		
Non Centralizado (asimétricos)					
1M<X<4M	133,56	126,86	124,92		
4M<X<8M	147,96	140,53	138,38		
8M<X<20M	328,56	312,07	307,3		
>20M	394,27	374,48	368,75		
Servizos móbiles					
Equipamento: Terminais (1)					
Terminal móvil Básico	64,00	60,79	59,86		
Terminal móvil avanzado (smartphone)	165,50	157,19	154,78		
Terminal móvil gama alta (smartphone)	471,00	447,36	440,52		
Modem Datos (USB/PCMCIA)	31,00	29,44	28,99		
Acceso a datos (tarifas planas)(3)					
Acceso a datos Smartphone	108,00	102,58	101,01		
Acceso a datos PC	156,00	148,17	145,9		

Fixación do importe da facturación concertada para o período 01/07/2015 - 30/06/2016

A facturación do presente servizo ten unha compoñente fixa e outra variable, en función dos consumos, polo que a cifra real do gasto anual non pode coñecerse con exactitude ao inicio de cada unha das anualidades do contrato.

A modalidade de facturación elixida foi a de factura con importe fixo concertado regularizable anualmente por mor das variacións nos consumos (cláusula 42 do PCAP, e cláusula 5.5.7 do apartado 8 do PPT).

Unha vez rematado o segundo ano de execución do contrato (período 01/07/2014 ao 30/06/2015) tramitouse ante a Xunta de Goberno Local a aprobación da correspondente regularización co custo do contrato, co seguinte resultado:

Ano 2014-2015	Custo base	IVE 21%	Total (IVE incluído)
Facturación anual concertada abonada	324.445,07	68.133,46	392.578,53 (prezo adxudicación) (32.714,88 euros/mes)
Custo real anual	320.770,61	67.361,83	388.132,44
Diferencia	3.674,46	771,63	4.446,09

Toda vez que, como xa indicouse non pode concretarse a priori o gasto anual do contrato para cada unha das anualidades do contrato, aos efectos da operatoria orzamentaria e para facilitar o proceso de seguimento de información e de facturación do servizo, propónse deixar constante a estimación do gasto anual do contrato, fixando como cifra estimada de gasto anual, para todas as anualidades do contrato, a ofertada para a primeira anualidade (392.578,53 euros IVE incluído), e polo tanto manter constante a cifra de facturación fixa mensual concertada (32.714,88 euros/mes IVE incluído). Gasto que será obxecto da correspondente regularización anual en función dos consumos reais.

Por todo o exposto, e no uso da delegacións competencias recollidas na Resolución de Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015, e acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño de 2015, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previo informe de Intervención, a adopción do seguinte acordo:

- Aprobar a revisión dos prezos unitarios, naqueles ítems non regulados susceptibles de actualización, do contrato do “Servizo Integral de Comunicacions”, expediente 5896/113 para o período 01/07/2015 a 30/06/2016.

Custes variables. Tráfico					
Orixe móbil -Tipo de tráfico	Chamadas	Minutos	Prezo 1º ano (sen iva)	Prezo 2º ano (sen iva)	Prezo 3º ano (sen iva)
TRAFICO INTERNO Móviles CORPORATIVOS (fx-mb)	77.118	125.452	839,06	796,94	784,75
TRAFICO NACIONAL A Móviles (fx-mb)	164.112	409.380	12.124,79	11.516,13	11.339,93
TRÁFICO INTERNO Móviles CORPORATIVOS	237.992	403.217	2.637,60	2.505,19	2.466,86
TRAFICO NACIONAL A FIxos	68.974	142.542	4.234,91	4.022,32	3.960,78
TRAFICO NACIONAL A Móviles	307.022	699.155	20.731,72	19.692,99	19.391,69
RESTO DE TRAFICO NACIONAL	5.659	12.081	3.670,23	3.485,98	3.432,64
(2) TRAFICO INTERNACIONAL/ITINERANCIA	2.122	5.049	2.415,07	2.293,83	2.258,73
SMS OPERADORES NACIONALES	189.309	0	9.269,88	8.804,53	8.669,82
(2) SMS INTERNACIONAL/ITINERANCIA	1.089	0	282,82	268,62	264,51
Custos Fixos					
Servizos de voz fixa	Prezo unit. 1ºano (sen IVE)	Prezo unit. 2ºano (sen IVE)	Prezo unit. 3ºano (sen IVE)		
Equipamento: Terminais (1)					
Cliente Softphone	67,50	64,11	63,13		
Terminal IP Básico	172,08	163,44	160,94		
Terminal IP medio	341,42	324,28	319,32		
Terminal IP avanzado	498,00	473,00	465,76		
Terminal NON IP	36,00	34,19	33,67		

Servizo de comunicación de datos				
Equipamento de datos (2)				
Switches de LAN	420,40	399,32	393,21	
Servizo de acceso a Internet				
Centralizado				
20 M simétricos adicionais	83,70	79,50	78,28	
Non Centralizado (asimétricos)				
1M<X<4M	133,56	126,86	124,92	
4M<X<8M	147,96	140,53	138,38	
8M<X<20M	328,56	312,07	307,3	
>20M	394,27	374,48	368,75	
Servizos móbiles				
Equipamento: Terminais (1)				
Terminal móbil Básico	64,00	60,79	59,86	
Terminal móbil avanzado (smartphone)	165,50	157,19	154,78	
Terminal móbil gama alta (smartphone)	471,00	447,36	440,52	
Modem Datos (USB/PCMCIA)	31,00	29,44	28,99	
Acceso a datos (tarifas planas)(3)				
Acceso a datos Smartphone	108,00	102,58	101,01	
Acceso a datos PC	156,00	148,17	145,9	

- Autorizar o gasto do contrato para o período 01/07/2015 a 30/06/2016, por importe total de 392.578,53 € (base imponible 324.445,07 €, tipo IVE 21%, importe IVE 68.113,46 €) a prol da empresa adxudicataria UTE Telefónica de España S.A.U – Telefónica Móviles S.A.U.(CIF: U86740305), ascendendo a facturación fixa mensual concertada a 32.714,88 euros, que se imputara á aplicación orzamentaria 9200.2220000 “gastos telefónicos dependencias municipais”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(264).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA O ACTO DE APERTURA DO “FESTIVAL POÉTICO PIROMUSICAL CIDADE DE VIGO-VILA DE BOUZAS 2016” (SUBVENCÍONS PARA A PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DAS FESTAS DECLARADAS DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA). EXPTE. 6087/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica do Servizo de Turismo, do 17.03.16, conformado pola xefa do Servizo de Turismo, que di o seguinte:

A festa do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas, declarada Festa de Interese Turístico de Galicia en 2004, conta cun grande arraigo popular no seu contorno. Durante cinco días celébranse distintos actos, entre os que destacan o pregón, a regata internacional de faluchos (embarcacións tradicionais de vela latina), a procesión e o Festival Poético Piro-Musical "Cidade de Vigo - Vila de Bouzas", que adoita retransmitir en directo Televisión de Galicia.

Dende o servizo de Festas, apróbase cada ano un convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a confradía do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas, para a organización do acto de apertura do festival poético piromusical de Bouzas, que cargarase á partida 33804890011 do Servizo de Festas. O Concello comprométese a conceder una subvención por importe de 8.100,00€ co obxecto de coadxuvar ó financiamento da organización do acto "Apertura do Festival poético-piromusical Cidade de Vigo- Vila de Bouzas"

En data 26 de febreiro de 2016 a Axencia de Turismo de Galicia publica, no DOGA N°39, a resolución do 17 de febreiro de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2016

PROPOSTA

- 1. Autorizar a solicitude de subvencións para o acto de apertura do "Festival poético piromusical cidade de Vigo-Vila de Bouzas 2016", ao abeiro da convocatoria da Xunta de Galicia por importe de 3.000€ a concellos para o apoio, promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia, resolución de 17 de febreiro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión publicadas, pola Axencia de Turismo de Galicia.*
- 2. O Concello de Vigo financiará a totalidade dos 8.100€ que importa o acto I: Apertura do Festival poético piromusical cidade de Vigo-Vila de Bouzas 2016, segundo a certificación da xefa do Servizo de Festas.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(265).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e oito minutos. Como secretaria dou fé.

me/rs

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.